

A NOSA TERRA

POBUC. DIBRID. 30



ANO XVII • 15 DE SETEMBRO • 1994

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 639 • 150 PTA

Grupos económicos da Coruña elixen á Cámara de Comercio como lugar de enfrontamento

Ao proceso aberto no Xulgado de Instrución nº 2 da Coruña contra tres directivos da Cámara de Comercio Industria e Navegación únese agora unha nova denuncia interposta polo Director do Departamento de Formación da Cámara, Anxel Sucasas, diante da Fiscalía, contra o presidente do Organismo, Xosé Antón Quiroga, o secretario Gonzalo Ortiz e o asesor xurídico da entidade, Xulián Fernández Montells. Os tres foron denunciados por delito fiscal, malversación de caudais públicos, prevaricación e ameazas e coaccións. A Cámara, pola súa banda, tratou de quedar á marxe mediante unha nota de prensa. (Páx. 5)

O PP absolveu no Parlamento a Cuiña e ao crego Felisindo

No debate parlamentar sobre a tramitación ilegal de obras por parte da Consellería de Política Territorial nos concellos de Verín e Castrelo de Val non se trataba só de esclarecer estas irregularidades e de imputar responsabilidades políticas, senón tamén de desmontar as estruturas de funcionamento de tipo caciquil que operan na Administración autonómica. Pero non só iso, existía a oportunidade de pór en marcha cara o futuro un sistema de investigación críbel que permitise facer fronte as irregularidades da Administración ou dos seus membros. Oportunidade perdida. So foi o acto final dun esperpento. (Páx. 7)

Miguel Cortizo:

Nen o partido nen o grupo van permitir que o PSOE deixe de facer oposición

Foi quen nas últimas dúas lexislaturas protagonizou os enfrontamentos máis duros que se produciron entre o PSOE e PP na cámara galega. Tamén a persoa á que, derrotado Sánchez Presedo, elevaron á categoría de bode expiatório os seus propios compañeiros do PSdG. Pero agora Miguel Cortizo non só é o Presidente do Grupo Socialista na cámara galega, senón que se converteu en portavoz despois da dimisión de Salgado. Nesa condición intervirá no próximo debate autonómico, "seguindo a liña marcada polo partido pero de clara oposición a Fraga", pois non está de acordo coas leituras que algúns fan do último congreso. (Páx. 14-15)

A Xunta quer viabilizar a frota do arrastro desguazando 38 barcos

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, ven de publicar o "Estudio de viabilidade da frota de arrastre do litoral de Galicia", traballo no que emprega grande dureza contra o sector empresarial. Iso pode significar ben que a Consellería decidiu pór orde na pesca litoral, ou ben que a volumosa análise non é máis ca unha batalla dentro da guerra que Administración e armadores manteñen a partir da publicación do Decreto 262/91 e o seu artigo 84 sobre o descanso semanal. En calquer caso o informe propón desguazar 38 barcos e mandar á rua a 450 mariñeiros. (Páx. 12)

A Xunta négase a facilitar o número de hectáreas concentradas así como os proxectos que se atopan paralisados

Concentrar coma nos vellos tempos

Existen concentracións parcelarias que se atopan paralisadas desde hai máis de 20 anos. A xunta négase a facilitar a situación actual dos proxectos. Os ecoloxistas protestan polo seu impacto e levan as súas reivindicacións ao Parlamento europeo, que concede axudas para preservar as sebes en Alemaña. Os labregos galegos na súa maioría non se fian.



ANXO IGLESÍAS

ANTOLOXÍA DO CONTO POPULAR GALEGO

Henrique Harguindey e Maruxa Barrio

Unha ampla escolma dos mellores contos creados polo pobo galego. Retallos dun mundo tradicional no que fantasía e realidade non vivían separadas.



Os ecoloxistas levan tempo denunciando o seu impacto negativo

A Xunta quer concentrar un tércio da superficie do país

HORÁCIO VIXANDE-XOAN CARLOS GARRIDO

Sen aprobar a Lei de Ordenación do territorio. Sen unha lexislación axeitada. O ecoloxistas cada vez máis opostos e os labregos máis cépticos, a Xunta está a potenciar a concentración parcelárea pretendendo reordenar un tércio da superficie galega, co mesmo modelo de hai 30 anos.

Eran os tempos de Franco. Na estrada aparecían carteis: "Tierra Llana. Concentración Parcelárea". Alá estaban choutados

mesmo a dúcias de quilómetros da Terra Cha. Várias veces inaugurou aldeas de colonos, obras viciñais naqueles veráns de va-

cacións e preséncia. A concentración parcelárea era na Galiza, o remedo do Plan Badajoz. So que aquí houbo viciños que se

arrepxeron como poideron e algunha das primeiras concentracións aínda rematou, trinta anos despois.

Despois puxérona a andar en Negreira. Os viciños uníronse e tentaron facelo a súa maneira.

(Pasa á páxina 3)

A. IGLESIAS



Concentrar ao prezo que sexa

Mentres que na Alemaña veñen de declarar como patrimonio a conservar ás gábias, ás congostras, balados, carreiros e regos de auga, con idéntica catalogación que aquí os hórreos, pondo en marcha planos e axudas para a súa pervivencia; na Galiza o furor das pas, que substituíron aos arrastos, aos vímbios, aos cestos culeiros e as modernas carretillas, no intento de ordenación territorial, está arrasando con todo o que topa diante, até converter o chan nunha eira con vexetación.

Non é só que se bote en falta unha análise da importancia destes accidentes orográficos máis ou menos naturais e por conseguinte unha lexislación ao efecto. Non. Polas contra é a propia Administración quen, seguindo as mesmas directrices que no franquismo, coa mesma filosofía e até coas mesmas persoas, causa os maiores desastres, até o punto de deforestar, desecar, mudar o hábitat, a paisaxe e o clima, de extensas zonas como A Limia, por citar o exemplo máis notorio e conflictivo.

A concentración parcelárea está a ser o instrumento de

maior degradación ecolóxica da Galiza. Miles de millóns públicos, ao longo destes anos, utilizados para ordenar un territorio sen outro criterio que unir propiedades e crear vías de comunicación. Unha ordenación do territorio que non ten un marco xeral de referencia (a grande lei ausente na autonomía), e unha concentración parcelárea que tampouco conta cunha lexislación axeitada que fixe e emarque as actuacións da administración, pero tamén a dos viciños.

A propiedade da terra, aínda que sexa difícil que unha parte da poboación o aceite, non dá dereito a todo. A tronchar árbores, a cegar fontes, secar regos, trasladar regatos ou canalizalos, encher zonas húmidas... Unha lei axeitada debía de regular, en primeiro lugar a actuación dos viciños desde o momento no que se aprobouse a concentración, para defendelos de renartes, touroviños e especuladores que os encirran a desfacerse de todo para que "non caia na man doutros".

Pero non só existe nestas accións re-ordenadoras un

efecto nefasto desde o punto de vista ecolóxico. Hai tamén unha forte incidencia social, cultural e tamén económica. Coa modificación do territorio muda o tipo de relacións, tenden a disgregarse os lugares, a aparecer caseríos illados nas grandes fincas, a terra pasa a perder parte do valor sentimental a favor do valor económico. Xa non é a nabeira que pasou de xeración en xeración, senón a parcela que me asignaron. Tamén esta nova estrutura agraria leva consigo un cambio de cultivos ou de explotacións, sen que isto esteña estudado, nen os labregos receban información axeitada.

As concentracións parceláreas ao uso, nas que as comisións viciñais preceptivas, non sendo raras excepcións, sucumben ante o poder dos técnicos, aínda que beneficiosas en moitos casos, realizan unha intervención territorial tan dura, ollada só cun criterio economicista simples, que máis ben semella dirixidas a engordar ás empresas que realizan os traballos e á pervivencia dunha estrutura funcional caduca. ♦

A NOSA TERRA

(Ven da páxina 2)

dirixidos por García Calvo. Segundo a lei tiñan moito protagonismo nas decisións polo que decidiron mudar a lei. Tamén fixeron obras como o regadío de Padrón ou de Lemos, que non funcionaron.

Coa chegada da autonomía e tras un paréntese de xestión por parte do PSOE -no que a transparencia foi algo maior-, a concentración hoxe está nas mesmas mans que hai 30 anos, cando botou a andar.

Fraga quer concentrar un térccio da superficie total do país

"A responsabilidade da aplicación recaeu sobre técnicos andaluces", indicaba Olegario Sotelo Blanco no traballo *História dunha esperanza e dunha frustración*, incluído no libro *A concentración parcelaria*. Unhas liñas máis adiante atribuíaa aos enxeñeiros tecnócratas franquistas esa responsabilidade, e sinalaba aos mesmos nos traballos de dirección da concentración na actualidade. En feito, os xestores non mudaron.

A discusión da necesidade da concentración parcelaria non saíu á luz até que se comprobou que os efectos foron, nas máis das veces, negativos e todo quedou economicamente como antes. Até o momento os planos oficiais abranguen a 600.000 hectáreas como terreo a concentrar, mais se descoñece a dimensión do territorio concentrado até o momento e o número de concentracións concluídas. Os datos non son públicos porque a Consellería de Agricultura négase a facilitalos. Neste sentido, nen o Parlamento foi informado sobre esas cifras, cando o deputado do BNG Emilio López procedeu a solicitar esas datos. A Nosa Terra recibiu un trato semellante cando, diante da Consellería, fixo por obter eses datos.


Tal e como está deseñado o modelo, a concentración é un fin en si mesma

Rexeitamento inicial

O principal problema co que se atopa a Administración autónoma é que numerosos conflitos viciniais paralizan os traballos de concentración, máis os métodos para concentrar son, habitualmente, moi contundentes.

Inicialmente no agro galego hai un forte rexeitamento á concentración, sobretudo polo xeito de levala a cabo e pola incertidume de como "quedarán todo ao final". As razóns son múltiples. A desinformación da que son vítimas os labregos; as perdas económicas que produce en

(Pasa á páxina 4)



A deforestación é salvaxe. As cachopas das árbores fican de testemuña.

CERNA / ADEGA

Despois de 20 anos, a Concentración Parcelaria en Laro, Silleda, aínda non concluiu

A historia da Concentración Parcelaria de Laro, Silleda é mostra do procedemento da administración e as súas consecuencias na cuestión das concentracións.

recentemente varias dúcias de viciños gardaban cola no vulgado número 1 de Lalin: agresións, querelas, denuncias, etc. Ademais outra viciña foi golpeada nunha discusión por un camiño, e outra estivo a piques de ser afogada nunha presa. Desde o presidente da Asociación de Viciños, hospitalizado por uns paus, até velas de máis de 60 anos —a quen tentaron atopar un tractor— a maior parte dos viciños desta parroquia se ven afectados por este conflito.

O Alcalde, Xoán Xosé Salgueiro Montoutou, declara que non hai problema, que isto é unha minoría de revoltosos. A Consellería de Agricultura, que segundo a lei é a que ten competencias nesta materia, non di nada. A culpa unha e outra vez se bota sobre as vítimas. Pero facendo historia pódese lembrar que esta Concentración remóntase xa ao ano 69, no que é declarada de utilidade pública: Hai 25 anos e o problema segue sen resolverse.

No proceso de calificación de terreos, e na elaboración do acordo, o número de recursos foi tan elevado que non se puido realizar a toma de posesión de novas parcelas, chegando algúns deles (17) até o Tribunal Supremo. Pero o T.S. non podía fallar os recursos debido a que a administración —o IRYDA— denegaba a documentación para verificar as queixas.

Mentres, todo o proceso se vai demorando e deteriorándose a convivencia na parroquia. Uns —que se consideraban favorecidos pola Concentración— de-

ciden pasar a desafiar aos vellos propietarios, estes néganse a deixar as antigas propiedades mentres non se resolvan os recursos, ademais de situacións (non deixar accesos a vivendas, dar a propiedade do terreo no que un ten unha edificación a outra persoa, etc.) que de por si son ilegais.

Os viciños recolleron 380 sinaturas (dun total de 460 propietarios) pedindo unha revisión da Concentración por disconformidade coa mesma e enviállas ao alcalde para tramitalas perante o organismo correspondente. Segundo a lei, se máis de un 75% dos viciños o pedía, podía revisarse esa concentración. O alcalde, que prometera defender a revisión, non fixo chegar as sinaturas ao seu destino; e, aliado con aqueles que se consideraban satisfeitos e beneficiados coa Concentración, iniciou unha guerra de desgaste. Foron anos e anos de inestabilidade, enfrontamento, sen poder herdar ou vender, con intimidacións de todo tipo: Un construtor que pasou da nada a ter unha grande empresa na que traballan grande parte dos viciños desta parroquia, foi clave na coacción aos seus empregados para que cambiasen de opinión.

A Xunta di que rematou en Xullo de 1983

Ao alcalde conseguir cambiar a correlación de forzas, pasa á acción, pódese a realizar a distribución de títulos, obras, marcos, etc. É dicir, a facer a Concentración Parcelaria pola súa conta e segundo o seu criterio, sen garantías xurídicas de dirimir administrativamente as diferencias entre os viciños.

Mentres, a Consellería de Agricultura afirma que esa Concen-

tración Parcelaria xa rematou en Xullo do 83. Pero isto desde o punto de vista legal non é así, xa que logo faltaban por realizar algúns actos administrativos: Facer as rectificacións procedentes en virtude das resolucións dos recursos; declarar a toma de posesión das fincas anunciando as condicións e termos, xa que non puido ser realizada antes de resolver os recursos na medida en que o número sobrepasaba o 4% que indica a lei, realizar os procedementos de complusión directa necesarios para entregar as fincas adxudicadas para os adxudicatarios poderen verificar a cabida, deixar un prazo de 30 días desde que as fincas foran postas a disposición dos adxudicatarios para que reclamen por diferencias de cabida, estudar as reclamacións presentadas e, as diferencias superiores ao 2%, compensalas con cargos ás masas comúns, estender a Acta de Reorganización da Propiedade, confeccionar os Títulos de Propiedade e remitilos ao Notario para a súa protocolización e posterior rexistro, e recoller durante tres anos desde a Declaración de Firmeza ás reclamacións por erros que se advirten. A Xunta e o Alcalde van realizando estes actos segundo lles parece, coa orde que lles dá a gaña, e aqueles que mellor lles cadra.

O alcalde, que prometera defender a revisión, non fixo chegar as sinaturas ao seu destino; e, aliado cos satisfeitos iniciou unha guerra de desgaste

Diante desta situación o Depu-

tado do BNG na Comisión de Agricultura, Emilio López, fixo unha pregunta no Parlamento, pedindo a documentación desta Concentración Parcelaria. A resposta —despois de 3 meses— foi que non tiñan este expediente por que aínda está nas mans do IRYDA. No IRYDA confirmaron que a documentación e persoal de Concentración Parcelaria foi traspasado á Xunta (R.D. 2423/1982, de 24 de Xullo, figura en mans da Delegación Provincial da Consellería. En todo caso, agora estanse a facer as obras e a pór os marcos sen as bases e o acordo da Contracción. A Xunta ocultou estas bases ao Tribunal Supremo.

Como salgueiro Montouto está a realizar funcións que corresponden á Consellería, o Delegado Provincial declarou, diante da insistencia da prensa, que estaba a actuar como mediador para evitar os enfrontamentos.

Desde que o alcalde interviu os conflitos multiplicáronse por dez. Anima aos novos propietarios a ocupar as fincas dos vellos e ordena pór os marcos delimitando o terreo. Frente a iso dispuxo que "para todas as incidencias razoadas e só de tipo técnico que xurdan, pónanse en contacto co meu compañeiro Sr. Barreira". Concelleiro do PP, nomeado Xuiz e parte do Decreto da Alcaldía de Silleda. ♦

(Ven da páxina 3)
ocasións, ou a falta de coñecimento sobre os beneficios reais; a desconfianza no campo ante a atitude das autoridades; e a desorganización e desartellamento social que provoca, son algunhas das causas para opoñerse.

Todo depende dos técnicos que a leven a cabo, pero tamén da empresa que faga os traballos, do comportamento dos viciños, xa que unha oposición e recursos pode ter anos a concentración parada, cos eidos abertos, as entradas provisionais e "moitos regos de patacas sen poder sementar", como afirmaba un labrego de Chantada. Nos diferentes lugares que comezan a concentración parcelária o que máis reclaman e que "remate logo". Esa provisionalidade, mesmo para millorar os eidos, é un dos maiores problemas e medos.

Feita a concentración cada un conta a feira como lle vai. Naqueles lugares que se fixo ben, rápido e non houbo problema, "a maioría está contenta, aínda que sempre hai renartes e cus de mal asento que nunca están contentos de todo, non importa que eles gañasen, debecen porque outros aínda quedaron millor", afirma un labrego de Laxe.

Un técnico dunha empresa que traballa na concentración comentou que esta, "como outras moitas cousas é como se fai. A dotación orzamentaria que teña, segundo se realice o proxecto, na zona na que está situada e mesmo se hai intereses locais polo meio ou non". Logo tamén recoñeceu que depende moito dos funcionarios encargados, recoñecendo que, moitas veces,

aínda que agora menos, hai unha auténtica comichura".

Viciños de Celanova afirmaban que xa se darían por contentos se "as pistas que fixeron agora as tivesen feito antes, aínda que non se concentrasen as terras. As infraestruturas axudan moito, antes estábamos esquecidos, nen entraban os camiños do leite. O problema é que está concentración chegou polo menos vinte anos tarde. Agora xa non podemos aumentar a nosa produción. As cuotas lácteas cápannos e, por outra banda, xa non queda xente nova na parroquia que poda votar adiante as explotacións".

Esa falta de adaptación económica á nova situación do agro galego é unha constante nas distintas parroquias consultadas. António, da Límia, afirmaba que para o único que valeu agora a concentración "foi para ter só tres fincas e cando veñan os fillos da emigración que saiban onde están e non vaian perder os leiros. Aí as tes, están as tres parcelas a xestas".

Sen organizacións que apoiem aos viciños

Diante desta situación, os axentes sociais que operan no campo non foron quen de achegarse aos labregos para dar unha información do alcance da concentración e dos mecanismos existentes para paralisala ou para conseguir uns efectos positivos.

En ocasións, algunhas actitudes por parte de colectivos opostos á concentración, provocou a desconfianza dos viciños, é o caso dos ecoloxistas, máis empeñados en conservar o agro que en protexer os intereses



CERNA / ADEGA

dos que viven del.

Foi precisamente unha asociación ecoloxista, o *Movimento Ecoloxista da Límia (MEL)*, ubicada na zona máis castigada pola concentración, a organización que mellor invertiu a tendencia de desasistimento na que se atopan os labregos. MEL deixou nun segundo plano as reivindicacións medio ambientais para pasar á acción directa, informando aos afectados por procesos de concentración da situación na que se atopaban.

A desinformación, o medo e a falta de organización provocou que

A concentración parcelária ten hoxe os mesmos xestores que no franquismo

apenas uns poucos casos foron coñecidos nos xulgados. Se cadra o máis sobranceiro, aínda que case descoñecido, foi o da concentración en San Silvestre, no concello ourensán de Río. Ali os viciños recorreron mesmo ao Tribunal Superior e conseguiron anular unha concentración que xa comezara e que tiña algúns camiños construídos.

Os dous obxectivos de concentración deseñados pola Administración poñen encol da mesa a continuidade da política marcada hai 25 anos polo *desarrollismo* franquista, por canto respostan ao mesmo criterio que entón.

Dous obxectivos na concentración

A concentración parcelária nas zonas de baixa montaña e as chairas, caso da Límia, ten como obxectivo unha expansión na produción gadeira e agrícola que choca con dúas realidades: por unha banda a desertización do rural porque a mesma política *desarrollista* do franquismo desplazou ás cidades a poboación do campo, e por outra a política agraria común e a decisión europea de abandonar a produción en espazos deprimidos como a Galiza. Nun agro deserto non caben esforzos para recuperar os cultivos, e a política agraria común aposta pola vía da desaparición do campo como unidade de produción. Estas dúas cuestión, xunto ao negocio que supón para algunhas empresas acometer as obras de concentración, levou a Sotelo Blanco a afirmar que a concentración parcelária é un fin en si mesma.

Por outra banda, a concentración nas áreas rurais de montaña, a

maiores da desertización de poboación, si resposta a un criterio que ten continuidade desde o franquismo e que hoxe avala a Comunidade Europea; eis a industria forestal para a produción de pasta de papel. Aínda así o montes non se están a concentrar porque sería moi custoso.

Aínda que moitos camiños trazados na montaña de Lugo non teñen máis obxecto que existir por si, sen uso algun, outras áreas, como a Fonsagrada, convertíronse en comarcas piloto para o desmantelamento agrario. Precisamente nesta zona os gardas forestais teñen un peso político decisivo no seo do Partido Popular.

A pa excavadora da concentración representa o modelo de facer e despois perguntar. Os retrasos que provocan a desconfianza e o medo escarmentaron ás autoridades, que optaron por incentivar unha práctica que, finalmente, rematou por causar unha desfeita. O círculo é completado polos propios labregos que, propietarios de terreos con arborado, deciden talalo ante a eventualidade de que as fincas pasen a outras mans. Se non hai mecanismos de compensación deseñados polos concentradores é para desfacerse do maior número de obstáculos posíbel.

Pero a dificultades non retraeron á Xunta, un ambicioso plano trata de estender a concentración nunhas 400.000 hectáreas máis. Deste xeito a Galiza tería concentradas un millón de hectáreas: o 35% de todo o territorio nacional nun país onde o sector agrario ocupa ao 28% da poboación, contra todas as indicacións da Comunidade Europea. ♦

SUBSCRÍBASE A A NOSA TERRA

(Remitir a A NOSA TERRA unha vez cuberto en maiúsculas)

Nome Apellidos.....
Enderezo Cod. Postal.....
Teléfono Poboación N.I.F.

Suscíbome a *A Nosa Terra* (incluídos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:
Galiza/Estado/Portugal 7.500 pta./ano 3.750 pta./semestre

Europa 9.100
América e resto do mundo 10.900

a) Subscricións para o Estado español

- Talón bancario adxunto
- Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo

- Cheque bancario adxunto
- Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.


PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros Conta/Libreta.....
Titular da Conta ou Libreta.....
Nº Sucursal Poboación Provincia.....

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (*A Nosa Terra*).

ATENTAMENTE (SINATURA)

DATA



A información que paga a pena ter

RECOMPOSICIÓN ECONÓMICA

Denúncian que a Xunta quixo mercar siléncios Grupos financeiros da Coruña levan o seu enfrentamento á Cámara de Comercio


■ XAN DOVAL/A CORUÑA

Ao proceso aberto no Xulgado de Instrución nº 2 da Coruña contra tres directivos da Cámara de Comercio Industria e Navegación únese agora unha nova denuncia interposta polo Director do Departamento de Formación da Cámara, Ánxel Sucasas, diante da Fiscalía, contra o presidente do Organismo, Xosé Antonio Quiroga, o secretario Gonzalo Ortiz e o asesor xurídico da entidade, Xulián Fernández Montells. Os tres foron denunciados por delito fiscal, malversación de caudais públicos, prevaricación e ameazas e coaccións. A Cámara, pola súa banda, tratou de quedar á marxe mediante unha nota de prensa.

Entre as probas presentadas polo denunciante atopábanse gravacións de entrevistas que comprometerían aos denunciados. Ánxel Sucasas, no escrito da denuncia, afirma ter recibido coaccións para deixar o seu cargo na Cámara e asegura que o asesor xurídico, en nome do presidente, ofreceulle distintas cantidades de diñeiro para que gardase silencio sobre o estado de corrupción no organismo.

A Cámara de Comercio, nunha nota feita pública, reiterou a súa intención de non pronunciarse sobre as acusacións mentres non fallen os tribunais.

Sucasas mantén que desde que hai máis de un ano que se puxera en coñecemento da fiscalía a situación da Cámara, foron redactados informes desfavorábeis, cando non vexatarios, sobre a



As facturas corresponden aos agasallos de Reis efectuados pola Cámara no 92. Gonzalo Ortiz é o Presidente de Espenor SA e quen ordena o pago das facturas

sua persoa e aos que en todo momento lle foi negado o acceso. Pouco a pouco, foi relegado das súas funcións e se lle encargaron traballos que o denunciante considera imposíbeis de realizar no seu horario laboral. Por mor desta situación, Ánxel Sucasas caíu enfermo e pediu a baixa laboral. Unha vez de alta e, ao tentar reincorporarse ao seu traballo, un garda de seguridade negoulle o paso ao seu despacho na Cámara. Agora atópase suspendido de emprego.

Indicios de delito

No sumario sobre a denuncia de Ánxel Sucasas figuran igualmente as formuladas hai máis de un ano, diante igualmente da

Fiscalía por Federico Martín Palmero, ex vicesecretario xeral da Cámara, que fora separado do seu cargo a raíz de acusar ao actual secretario —encarregado polo seu posto de velar pola legalidade das actuacións— Gonzalo Ortiz entre outras cousas de ter asinado certificados duns cursos que nunca chegaron a realizarse a nome dun sócio seu, Xosé Lois Moinelo Vázquez e que serviron a este para xuntalo no seu curriculum e presentarse ás oposicións da Universidade da Coruña, onde actualmente imparte clases.

Gonzalo Ortiz, considerado como auténtico home forte da Cámara, non se recata en falar con persoal da entidade sobre o Pre-

sidente do Organismo, utilizando adxectivos nada favorábeis para a súa persoa e a súa capacidade laboral. Nun dossier existente sobre a situación da Cámara dos últimos anos e que foi lido no programa *O Coruñés opina* de Rádio Coruña, indícase entre outras cousas que o secretario xeral da Cámara entre os anos 90-93 compatibilizou o seu posto de secretario xeral co de Presidente do Coléxio de Economistas de España, cobrando da Cámara o seu salario íntegro a pesar de non aparecer nada ou apenas nada polo seu posto de traballo, pois constantemente atopábase en Madrid. En función da información subliñada queda patente que Gonzalo Ortiz fai supeditar todas as actuacións da Cámara en materia de representacións no exterior, asistencia a feiras e actividades semellantes aos seus intereses persoais e non os dos empresarios coruñeses. Neste sentido viaxou a Porto Rico en Abril do 93 coa función de preparar unha misión comercial que nunca chegaría a existir. Tamén viaxou a Miami por conta da Cámara e non se reúne cos empresarios da zona, senón cos que a el lle interesa en función dos seus intereses económicos persoais. Utiliza a oportunidade de operacións oficiais en México ou Porto Rico para disfrutar dunhas vacacións coa súa esposa en Acapulco e Saint Thomas. En Disneylândia tería gastado un millón de pesetas coa súa familia a conta das arcas da Cámara; en París e Londres algo menos de medio millón. Praticamente cada ano fai unha viaxe coa súa familia a conta dos empresarios da Coruña que son os que alimentan as arcas deste organismo cameral.

ña que son os que alimentan as arcas deste organismo cameral.

No dossier subliñado indícase igualmente que o organismo cameral subvenciona á empresa ACIGAL, que dirixe o cuñado de Gonzalo Ortiz, e preside un sócio seu e membro do pleno cameral, Ramón Riñón e na que o mesmo secretario figura como asesor remunerado. Asemade funda EXPENOR, sociedade que subministra a Cámara e crea con Xosé Antonio Quiroga, presidente da sociedade cameral, a sociedade I.F.G. GALICIA, sociedade de bolsa, encargada de xestionar os fondos da propia Cámara.

O día 12 de Abril do ano 93, por mor da situación reinante, celébrase unha xuntanza na que estiveron presentes o Presidente da Cámara, o daquela vice-secretario xeral Martín Palmero, o responsable de Formación Ánxel Sucasas, a Xefa dos Servizos Técnicos Carmela Navarro e a funcionaria do Departamento do Comercio Exterior Belén Padín. Na reunión, que durou 6 horas, o Presidente é informado dun sennúmero de irregularidades e admite a súa existencia e que xa as coñecía denantes do encontro. "Quiroga afirma que vai normalizar a situación e o día seguinte, despois de falar supostamente co secretario, desdise das súas palabras e dá comezo a caza de bruxas. A min e a Sucasas ábrenos un expediente informativo que remataría no auto disciplinario e Belén Padín é postergada nas súas funcións", declara Martín Palmero. ♦

Un dossier denuncia a utilización da Cámara como coto particular

As auditorias do organismo son realizadas desde hai máis de 10 anos pola mesma persoa, Uxío Salgado Patricio, amigo íntimo do secretario xeral; a Cámara Provincial de Compensación Bancaria está dirixida polo secretario xeral e administrada polo xefe de administración, e o responsable da Caixa da Cámara quen recibe emolumentos sen retención do IRPF até o ano 92 por traballar en horario cameral. Nese mesmo ano, o 92, foron contratadas 4 persoas coa asinatura do secretario xeral, que carece de competencias para isto, xa que é función do Pleno aprobar as contratacións e a asinatura ten que ser a do presidente. Outra denuncia indica que a xefa do Servizo Técnico da Cámara, Carmen Navarro Carro, é sócia do secretario xeral na empresa Asesoría Empresarial STAF Asesores S.A. Nesta mesma empresa figura como sócio Xulio de Santiago. Un seu irmán, Fernando de Santiago, conseguiu a representación para Galicia das cervexas mexicanas *Coronitas*, por mor dunha xestión de Gonzalo Ortiz durante unha viaxe, pagada pola Cámara, a México.

Uso particular do material da Cámara

A Cámara ten un coche oficial que non usa o presidente, e que está sempre, segundo ese dossier, ao servizo do secretario xeral e da súa familia. É habitual que o chófer da Cámara leve ao fillo de Gonzalo Ortiz a xogar ao tenis e que agarde por el para volver á casa. Todos os teléfonos inalámbricos persoais serían usados unicamente por Gonzalo Ortiz. A mais estes teléfonos contan cunha dobre instalación, unha delas no vehículo oficial da Cámara e outra nos coches particulares do secretario xeral. O persoal administrativo: secretario persoal e encargados de prensa, traballan en horario da Cámara para facer traballos particulares ao secretario e á súa familia. Así, a administrativa, Ana Gai deixou de pasar un estudo de mercado de Miami por copiar un traballo á filla de Gonzalo Ortiz. Tamén se adicarian a atender as necesidades particulares do secretario xeral no referente á correspondencia das empresas deste, ou as derivadas da súa actividade como Decano do Coléxio de Economistas da Coruña ou do Presidente do

Coléxio de Economistas de España. Nos últimos anos a totalidade das obras realizadas na Cámara, por valor de máis de 70 millóns, foron adxudicadas a GARES CONSTRUCCIONES S.L., empresa que reformou un chalet e construíu a vivenda do secretario xeral, Gonzalo Ortiz, e construíu igualmente a vivenda do vice-presidente primeiro Manuel Iglesia Souza, quen fora cesado non hai moito tempo por non posuír empresa ningunha. O director facultativo de todas as obras que ten realizado a Cámara nos últimos anos é o arquitecto Carlos Fernández Gago, sócio de Gonzalo Ortiz nas sociedades anónimas CAMICO, EXPENOR, C.F.G. GALICIA, GALICIA e outras SERLINTER. Todas as publicacións da Cámara durante o ano 92 foron adxudicadas a empresa CIG. O seu representante é Agustín Alonso, amigo persoal do secretario xeral. Os anos 91 e 92, a Cámara asina un acordo con ACIGAL. Gonzalo Ortiz ten constituídos alomenos tres sociedades para a explotación de establecementos comerciais —vários deles no centro de Catro Camiños, na Coruña— e outras actividades diversas. Nelas figuran, ademais do secretario, o arquitecto Fer-

nández Gago, o membro do Pleno da Cámara, Ramón Riñón Núñez, e o sócio de Gonzalo Ortiz, Xosé Lois Moinelo. Unha destas empresas é EXPONOR, e é a que habitualmente surte á Cámara de todos os regalos oficiais deste organismo.

O ex vice-secretario xeral da Cámara, Federico Martín Palmero, afirma que desta situación foron informados a máis do xa mencionado presidente deste organismo cameral, o presidente do Consello Superior de Cámaras de España —órgao consultivo das Cámaras— Guillermo de la Dehesa (Conselleiro-delegado do Banco Pastor), así como a Dirección Xeral do Comercio da Xunta de Galicia. "O que fora sub-director de Comercio con Xoán Fernández, Xerardo Sánchez Brunete, reuniuse comigo na miña casa a petición sua, para ofrecerse a mediar como home bon entre a Cámara e eu, co fin de que non saltase o escándalo á opinión pública. Na solución, claro é, non se desbotaba unha compensación económica polo meu silencio". Sánchez Brunete, en declaracións á *Cadea Ser* afirmou todo o contrario, que fora Palmero quen solicitara entre-

vistarse con el, e que ese encontro celebrouse na casa do ex alto cargo da Xunta —Martín Palmero di que non ten nen idea de onde vive o sub-director xeral de Comercio— e que fora o ex vice-secretario da Cámara quen lle preguntou se nun posible amaño da situación entraría unha compensación económica, algo ao que respondeu Sánchez Brunete que "é óbvio que unha compensación económica nunca se pode desbotar nun acordo. Non teño previsto presentar ningunha denuncia contra el. O que farei será non volver a dirixirle a palabra na miña vida".

A Xunta ten unha función primordial no control das cámaras. Con esta prerrogativa o director de Comercio actual, Constantino Vilas, respondaba o Mércores á pregunta do voceiro do BNG do Parlamento, Xesus Vega, sobre a actuación da Xunta no problema da Cámara coruñesa dicendo que a Xunta non pensa imiscuirse na cuestión pois no parágrafo 2, artigo 24 da Lei de Cámaras di "que a actuación destas institucións noutros ámbitos e sobre todo no tema de carácter laboral dilucidarase diante dos tribunais competentes". ♦

7 DIAS

Os escolares de Catalunya non solicitan ensino en castellano


A imensa maioría dos alumnos de Preescolar e Primaria de Catalunya que podían solicitar ensino individualizado en castellano non o fixeron, e seguirán recibendo as clases en catalán, segundo informou o conselleiro de Educación da Generalitat, Joan Maria Pujals. De 284.000 escolares, só 79 fixeron a solicitude para recibir as clases en castellano; como exemplo, na cidade de Barcelona só 13 solicitaron acollerse a esa posibilidade. As cifras poñen en dúbida as reiteradas queixas formuladas por colectivos minoritarios durante o pasado curso da "imersión lingüística" no catalán. ♦

A inflación na Galiza máis alta que na media do Estado

A taxa anual de inflación na Galiza situouse nun 3,5% desde Xaneiro, mentres que a media do Estado nese período era de un 3,2%, segundo informou o Instituto Nacional de Estadística. O descenso dos prezos para final de ano, anunciado polo Goberno central, non se está dando, xa que no mes de Agosto na Galiza o IPC ascendeu a un 0,6%, como a media deste mes no resto do Estado. A suba dos prezos dos transportes e das comunicacións —o exemplo claro está nas tarifas da Compañía Telefónica— foi o que contribuíu ao aumento do IPC no pasado mes. Galiza ocupa o cuarto lugar na lista de comunidades autónomas con maior inflación acumulada. ♦

Morán demite como presidente do Grupo Socialista español na Eurocámara

Fernando Morán demitiu como presidente do Grupo Parlamentar dos Socialistas españois na Eurocámara. As súas diferencias con Jesús Cabezón, secretario xeral do grupo, eran coñecidas, xa que Morán anunciara semanas atrás a súa intención de deixar o cargo debido ao "desprezo" que sentía por Cabezón. Esta dimisión podía terse materializado a principios do verán cando o grupo socialista presionou a Fernando Morán para que aspirase á presidencia da Comisión de Presupostos e non á da Comisión Institucional, á que accedeu finalmente por decisión persoal. O illamento



de Morán a respecto da cúpula do PSOE xa se ten manifestado en múltiples ocasións nos últimos anos. ♦

Dous anos e catro meses para o primeiro insumiso xulgado en Lugo

Miguel Anxo Abaira Sobrado foi condenado o pasado Sábado día 10 a dous anos e catro meses de cadea por negarse a facer o servizo militar e a prestación social substitutória, ao "ter un esquema militar e reducir postos de traballo". A sentenza manifestaba que considerar inxusta a Lei de Obxección de

Conciencia non xustifica o seu incumprimento nen atopa amparo na Constitución. Mália a condena, o xuíz enviará un informe favorable de indulto ao Consello de Ministros para que o insumiso sexa posto en liberdade.

Miguel Anxo Abaira, membro de Galiza Nova, organización da cal recibeu apoio nunha rolda de prensa posterior ao coñecemento da sentenza, anunciou un recurso de apelación. Na súa condición de nacionalista, dixo non poder aceptar ao Exército español nen ás leis impostas pola xerarquia militar. En Lugo, ademais de Abaira, hai outros cinco insumisos máis pendentes de comparecer perante a Xustiza. ♦

O narco Daniel Baúlo asasinado a tiros en Cambados

O pasado Martes o xefe do clan de narcotraficantes dos *Caneus*, Manuel Baúlo, morreu asasinado na súa casa de Cambados, e a súa muller, Carme Carballo, quedou ferida de gravidade a causa de varios disparos. Nen os fillos nen os viciños puideron ver aos autores do asasinato, que perpetraron através dunha fiestra do piso inferior da casa. Apesar disto, desde o primeiro momento apuntouse que se trataba dun axuste de contas. Baúlo fora xulgado por estar implicado no transporte de mil quilos de cocaína como encargado de proporcionar as embarcacións. Dous dos seus oito fillos foron detidos na operación antidroga *Don José*.

Mália a posibilidade de que estivese implicado no crime algun cartel colombiano, as investigacións



VÍCTOR MELITO

HB quer negociar co Goberno de Navarra os convénios co Estado

Patxi Zabaleta e Adolfo Araiz, voceiro e parlamentario de HB respectivamente, reuníronse co presidente navarro, Juan Cruz Alli, para tratar diversas materias legislativas pendentes para este ano. Neste encontro, os representantes de HB subliñaron que é preciso cambiar o Convénio Económico, subscrito hai 5 anos, entre Navarra e o Estado. ♦

Referendum para o Québec independizarse do Canadá

As eleccións do Québec deron a maioría absoluta ao Partido Quebequés, que centra o seu programa na independencia da única zona francófona do Canadá. O partido que lidera Jacques Parizeau conseguiu 77 dos 125 escaños totais, derrotando ao Partido Liberal. Parizeau quer convocar un referendum sobre a independencia do Québec e cre que, cun resultado a favor, é posible desenvolver unha transición pacífica e seguir mantendo relacións económicas e políticas co Canadá. ♦

Diferentes organizacións uníronse no aniversario da morte de Allende

Perto de dez mil persoas reuníronse en Santiago de Chile no Cemitério Xeral para conmemorar o vinte aniversario do asasinato de Salvador Allende a mans dos golpistas liderados por Pinochet. Mentres grupos de esquerdas e de defensa dos dereitos humanos sufrían a intervención da policía militarizada á saída do cemitério, o xeneral Augusto Pinochet celebraba o aniversario do golpe de 1973 cos partidos da dereita e delegacións militares. ♦



ANXO IGLESIAS

Como diminúe o paro

Na Galiza do mes de Agosto diminuíu o paro máis que a media do Estado. Ou polo menos iso afirman as estatísticas do INEM. O certo é que descendieron as persoas apuntadas nesas oficinas. Un parado daba a súa versión: "é lóxico o descenso, agora nos obrigan ir selar a cartilla nunha data fixa, sen poder mudar o día. Antes podíalo facer uns días antes ou despois, sobretudo nos meses do verán. Aquel que non cumpre, borráno. Tamén se negaron a darnos vacacións. A xente que marchou para fóra tamén foi eliminada. Así é fácil facer descender o número. Non aparecen os que están nos cursos, nen aqueles que se tiveron que apuntar a cursos que nunca lles deron, nen os que se negaron a facer cursos absurdos que non tiñan nada a ver con eles". ♦

Avance da esquerda en Saxonia e Brandeburgo

As eleccións en Saxonia e Brandeburgo puxeron de manifesto o ascenso do Partido do Socialismo Democrático (PDS) e a derrota do ultraliberal FDP, coligado en Bonn coa CDU de Helmut Kohl. En Brandeburgo o socialdemócrata SPD acadou a vitoria cun 54% dos votos e o PDS consolidouse como terceira forza cun 18%. A FDP, como en Saxonia, saíu do Goberno cunha porcentaxe de votos que rondaba o 2%.

En Saxonia, mália que a maioría foi para o CDU, o PDS acadou o 16,5% dos votos. As eleccións xerais alemás de Outubro poderían significar cambios no Goberno, xa que o achegamento do PDS e o SPD pode derivar nunha coalición fronte á CDU de Kohl, que ve como o seu aliado FDP perde forza en toda a Alemaña. ♦

Acordo antiterrorista

Os representantes dos distintos partidos reunidos en Madrid para ratificar o compromiso antiterrorista afirmaron, ao rematar a xuntanza, que houbera un total acordo, por máis que uns e outros se reafirmasen nas súas posicións anteriores, incluído o PP, o máis reticente a aceptar a reinserción. Así, segundo acordaron, a reinserción será un camiño de loita antiterrorista, de división da ETA, pero cada caso será estudado de xeito particular. Ademais preténdese que os fiscais participen nese proceso de reinserción. ♦

Operación Nécora. ♦

GALIZA E MUNDO

PARLAMENTO

A maioría parlamentar aproba que non existen responsabilidades nas obras irregulares de Castrelo do Val

Acto final dun esperpento

■ A. EIRÉ

No debate parlamentar sobre a tramitación ilegal de obras por parte da Consellería de Política Territorial nos concellos de Verín e Castrelo do Val non se trataba só de esclarecer estas irregularidades e de imputar responsabilidades políticas, senón tamén de desmontar as estruturas de funcionamento de tipo caciquil que operan na Administración autonómica. Pero non só iso, existía a oportunidade de pór en marcha cara o futuro un sistema de investigación críbel que permitise facer frente as irregularidades da Administración ou dos seus membros. Oportunidade perdida. So foi o acto final dun esperpento.

Cando Xesus Carlos Palmou, Presidente-Coordenador da Comisión constituída para investigar as irregularidades en Monterrei, acabou de ler o ditame na sesión plenaria do Martes trece de Setembro, Xosé Cuiña fíxolle a seña do as e, seguidamente, cando pasou por xunto sua, a do tres. Logo esbozou un sorriso cómplice. Era o sinal de que lle dera todas as cartas para ganar a última man dunha partida na que se xogaba todo a unha, despois de decidiren retar á oposición e demostrar "coas cartas sobre a mesa" que el non fixera trampa en Verín e Castrelo do Val.

Palmou, home que ten a cualidade da obediencia, da ignorancia e da arrogancia, meritórias para ser un vasalo partidario, pero nengunha para ser árbitro dunha contenda da que tamén é parte interesada, ben sabia que cartas levaba Cuiña, pois estaban a xogar cos naipes marcados.

Primeiramente impediran que as sesións da comisión fosen públicas. Logo, Palmou barallou co-


mo quixo e fixo o paquete de tal xeito que, por mor da maioría, ao final o PP tivese todos os "trinufos, os ases, treses e os tantos", impondo na comisión non as conclusións lóxicas que se evidenciaban nos feitos, senón a favorábel ás súas siglas. Para demostrar que todo era legal, cando se tratou de presentar ao público o xogo, a sesión, neste caso plenaria, foi aberta, saltándose o propio regulamento. Iso si, o que non se puideron foi discutir foi as emendas ao ditame.

Nada importaron as inexactitudes, até sete enumerou Agustín Vega nun mesmo parágrafo; que os informes xurídicos e técnicos da propia Consellería apreciasen materia delictiva; as propias declaracións dos comparecentes; que as obras se adjudicasen despois de rematadas, que se fíxese a empresa que máis alto licitaba e que, aínda por riba, tivese a planta de formigón moi perto; que Cuiña visitase os lugares; que a Deputación fíxese os proxectos con antelación ás obras; que se realizasen modificacións; que se asinase o replanteo... Que se retirasen, finalmente, os cargos contra Don Felisindo. No ditame da Comisión por non estar, nen están recollidos os feitos probados.

Enviar a documentación ao xulgado

Agustín Vega, que pretendeu centrar todas as responsabilidades en Xosé Cuiña, pediu que se lle remitise ao xulgado toda a documentación da comisión, por considerar, os mesmos técnicos da consellería, que había indicios delictivos. "Desde agora so-

Xosé Cuiña e Dosíteo Rodríguez escoitan as acusacións da oposición. A. IGLESIAS



Suárez Canal implacábel nas súas acusacións, V. Núñez, confidente polo teléfono. "mos todos un pouco ilegais", afirmou o deputado socialista.

Pola súa banda, o voceiro do BNG, Suárez Canal, afirmou que de aprobar o ditame "submítese ao ridículo ao Parlamento". Para el o caso en discusión, máis alá do montante crematístico, é un

"caso parcial dunha política xeralizada de utilización da administración e de financiamento ilegal". Acusou á maioría do PP de creer que "esa maioría lles dá dereito a todo", pondo de manifesto como "foron vostedes os que se acusaron mutuamente, por iso non queren que se tire da manta. Están todos involucrados nesta política. Vostedes non gobernan, montan chiringuitos", concluíu o parlamentario do BNG.

O portavoz do PP, Fernando Suárez, que fixo de voceiro do Goberno, pois Cuiña preferiu non subir ao estrado, contestoulle aos demais portavoces na vez de pronunciarse sobre o ditame. Así afirmou que o único probado era que as obras se realizaron exclusivamente por orde do crego de Tamaguelos. Para el, que as obras fosen adjudicadas á empresa que xa as realizara, aínda que esta presentara o orzamento máis alto, "é unha coincidencia que non demostra nada". Mentres, Fraga lia a biografía de Antonio Maura ♦

Aprobada a Lei de Estradas

O Goberno sacou adiante cos votos do PP a Lei de Estradas de Galiza, nun debate que se centrou no encargo a empresas privadas da construción de autoestradas a cambio dunha concesión de peaxe, así como na creación dunha empresa pública para xestionar e conservar a rede vial da Xunta. Tamén lle abre o pecho ao cobro de contribucións especiais, impedindo de paso que os concellos paralisen as obras.

Esta lei supón maior capacidade de manobra para a Xunta, que os galegos teremos que costearnos as nosas propias comunicacións, através de peaxes ou impostos e que estas serán maiormente xestionadas polo sector privado ou escaparán ao control parlamentario, ao criar unha empresa pública.

Pouco importa que antes da Lei aprobada o 12 de Setembro xa entrase en vigor en 1991 o Plano de Estradas. Semella que esta lei o que trata é de procurarlle financiamento ás obras contempladas neste plano. Aínda menos que contradiga o programa electoral do PP, as manifestacións do conselleiro e outras resolucións parlamentarias anteriores aprobadas por unanimidade.

Na mesma sesión o PP rechazou demandar o traspaso do ferrocarril á Comunidade autónoma, tal como pedía o BNG. A dereita demandou unha "acción conxunta de todas as forzas contra o desmantelamento". O mesmo día o xornal *La Voz de Galicia*, publicaba unha información na que afirmaba que "a Xunta aceitou o plano de Renfe para axustar os servizos na Galiza. Foi en dúas ocasións, a última o 27 de Xullo, asinando o director xeral de Transportes. ♦

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. Vicepresidente: Xaquín Acosta. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Vogais: Francisco Torrente, Cesáreo Sánchez, Alberte Ansedo, Xosé M^o Dobarro, Carlos Xohán Díaz e Manuel Veiga. Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa, Horacio Vixande, Arxo Iglesias (fotografía).

Correspondentes: Ricardo Sandoval e Merche Vázquez (A Coruña), Xavier López (Compostela), Carme Carballo (Ourense), Carme Vidal (Pontevedra), H. Sanz (Ferrol), F. Arizado (Lugo), X. Castro Raton (Vilagarcía), Antón Malde (As Mariñas), Anxo Rosende (Ortega), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baxo), H. Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), G. Docampo (Valdeorras), Paulo Naseiro (Terra Cha), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza), Manoel Bello (A Montaña), Manuel Díaz (Melide), Xosé R. Castro (O Carballiño), X. Gabriel Pacín (A Fonsagrada), A. Díaz Amor (Ribadeo), M.A. Torres (Verín), Manuel

Pan (Bergantinos), Daniel Lázaro, Pepe Rei (Euskadi), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugide (Asturias), Begoña Moe (Alemaña), Gonzalo Nuno (Porto), Axenda: Iago Luca.

Colaboradores: Paula Castro, Arantxa Estévez, Manuel Vilar, Xosé Cid Cabido, Pilar Piñeiro, María Alonso, Viki Costas, Avelina Barreiro, Lino Braxe, Primitivo Carballo, X.C. Garrido Couceiro, Naniña S. Castroviejo, Anxos Salgado, Amanda Alvarez, Manuel Rivas, Xosé A. Gacío, Xurxo Estévez, Margarita Ledo, Víctor F. Freixanes, Carlos Meila, César Varela, X. Fernández Mateo, Antonio Mascato, X.L. Iglesias, Rodolfo Dacuña. Internacional: Xulio Ríos, Patricia Grinberg, Juan C. M. Betelu. Literatura: Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar. Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. Música: Xoán M. Estévez.

Xico Peña, Xoán Manuel Carreira, Óscar Losada. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova. Cinema e Televisión: Celso López Pazos, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Arquitectura: Práctico Lizancos. Historia: Francisco Carballo, Anselmo López Carreira, Xesus Torres Regueiro.

Fotografía: Carlos Puga, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, X. L. Suárez Canal, M. Sendón, Tino Viz, X. M. Albán, Dólmi Alvarez, Voz Noticias, El Progreso. Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreira, Carlos Silver, Gonzalo, Xulio Galoso, Tolkio, Hermida, P. Núñez, Manel.

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Deseño Gráfico e Maquetación: Xoselo Taboada.

Administración: Blanca Costas.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos Carreira.

Subscricións: Carlos Martínez Muñoz.

Redacción e Administración: Rúa do Príncipe, 22, planta baixa (36202 Vigo). Apartado postal 1371.

Teléfonos: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

PROCESOS DE AUTODETERMINACIÓN

Os partidos españois negan todo parecido, mentres HB resalta o modelo do proceso Semellanzas e diferéncias entre o proceso irlandés e o de Euskadi, convertidas en arma política

■ ALFONSO EIRÉ

As loitas en Euskadi e Irlanda foron comparadas desde sempre, máis pretendendo acochar a guerra de Irlanda do Norte baixo o verniz de loita relixiosa para fuxir da xénesa, opresión nacional, da loita. Denominación tan *obscena* e repudiada hoxe como en pleno franquismo a verba *perna*, prohibida no xornalismo, incluso deportivo. As relacións entre IRA e ETA e, mesmo a concomitancias entre HB e o Sinn Féin, eran postas de manifesto á menor ocasión. Tamén se facían paralelismos entre ambos procesos.

Segundo se comeza a abrir o proceso de paz en Irlanda do Norte, partidos políticos, analistas e comunicadores, emprenden unha nova cruzada para tratar de desligar, de mostrar paradoxicas diferéncias entre ambas situacións de loita e opresión nacional. O propio Felipe González descalificou a semellanza dos procesos emancipadores das dúas nacións afirmando que "hai procesos históricos que fan imposible esa comparación". O presidente español considera que o único punto en común é "que hai unha violencia que se prolongou ao longo de moitos anos".

Certamente que a situación de Irlanda do Norte non é a mesma que a de Euskadi, pois nengunha situación conflictiva é igual a outra, pero no fondo ambas son idénticas e teñen a mesma orixe: o problema nacional.

O *Financial Times* afirmaba despois de anunciar o cese armado por parte do IRA: "hai poucos paralelos que trazar entre o Ulster e os persistentes conflitos na África do Sul e no Oriente Medio. Pero o conseguido naqueles países mostra que, cando todas as partes se comprometen na procura dunha solución, se chega a un punto no proceso de paz no

que se esfanelan moitos dos obstáculos reais e imaxinados".

Irlanda ten máis semellanza con Euskadi que cos países que cita o xornal londinense, polo que aínda é máis válido o principio básico que se está aplicando a moitos dos conflitos aos que se lles está atopando solucións negociadas: resólvense con conversas e negociacións (nun primeiro momento secretas) cando se asume a súa natureza e se considera que é máis positivo buscar solucións, por complicadas que aparezan, que manter indefinidamente un estado de enfrontamento. ♦

O presidente español considera que o único punto en común é "que hai unha violencia que se prolongou ao longo de moitos anos"



Os contactos entre dirixentes do Sinn Féin e HB son frecuentes. Na foto Karmelo Landa saúda a Gerry Adams.

EGIN

O reflexo de Irlanda en Euskadi



Felipe González descalificou as semellanzas do proceso.

As conversas de paz en Irlanda, aínda descalificando as semellanzas con Euskadi, teñen o seu reflexo no Estado español, converténdose en diatriba entre as distintas forzas políticas, máis a poucos meses das eleccións municipais. Este reflexo é tan potente que a política de reinserción comezada por Belloch está a ser petardeada desde o PP e desde algúns estamentos xudiciais. Desde o Goberno central, PP, PSOE e IU demándase de ETA a deposición das armas para comezar calquer conversa, pero para eles as negociacións só abarcarían "a como reinserir aqueles terroristas sen delitos de sangue". O Ministro Belloch ten que saír unha e outra vez para calmar ao Exército (no novo plano desprégase en Euskadi e Catalunya para reprimir calquer intento secesionista) afirmando que nunca negociará coa ETA.

HB, pola súa banda, facendo paralelismo entre as situa-

cións de Euskadi e Irlanda, afirma que o cese das accións por parte do IRA non é o comezo dun proceso, senón un paso máis nunha evolución. A trégua, afirman, non é previa á vía cara a paz, senón parte e consecuencia dun proceso no que se criou un clima propicio, rachando inercias. Afirmar os *abertzales* que coa trégua indefinida o IRA ven facilitar un camiño que se foi rozando ao abordarse nas conversas secretas temas co suficiente contido político como para que "a organización armada poda facer esa aposta despois de facer a valoración dunhas circunstancias políticas novidosas criadas pola modificación de posicións e vontades". Esta sería a lição a sacar da nova situación irlandesa para HB.

A evolución dos feitos tería como puntos principais os contactos directos entre o IRA e o Goberno británico, as conversas -

secretas na súa primeira fase - entre o dirixente socialdemócrata e nacionalista do SDLP, John Hume e Gerry Adams, do Sinn Féin, a implicación crecente do Goberno de Dublin, así como a presión dos EEUU e da Democracia Cristiá Europea, incluído o Vaticano.

Precisamente o PNV o que reclama é un Gerry Adams en HB, mentres que, desde HB, demandan unha disposición máis dialogante e máis flexíbel ao PNV, que se nega a falar cos *abertzales*, aínda que Arzallus afirma que non renunciará a estes contactos. Mentres tanto as conversas continúan, senón entre ambas formacións políticas, si entre destacados elementos *abertzales* e *jalkides*, que ven nunha fronte común semellante á que constituíron os nacionalistas irlandeses a única saída de paz para Euskadi.

Os intereses económicos, moi-

tos bastardos, de parte da cúpula penevista, que lle saca máis partido a un entendemento con Madrid mentres agardan que a dinámica europea os *faça libres*, a presión que representan os centos de presos, a falta de definición do propio espazo político basco e as inercias e enfrontamentos adquiridos nos últimos anos, impeden esta fronte nacionalista que xa estivo a punto de constituírse despois das últimas eleccións autonómicas. Desbaratada esta opción, algúns dirixentes de HB decidiron abandonar esta formación e comezar un proceso de achegamento ao PNV, como ocorreu con Txema Montero.

O propio diário *Deia* pedía días pasados nun editorial un principio de acordo entre os nacionalistas bascos, acordo que se podería cifrar no concepto de autodeterminación. Este tamén sería o punto de partida válido para HB. ♦

SANIDADE PÚBLICA

Para que non medre a lista de espera do servizo, o SERGAS está a recusar citas telefónicas

A falta de especialistas compromete a asistencia aos enfermos de cancro no hospital Montecelo

■ MARIA ALONSO

Para evitar a formación de listas de espera, o Servizo Galego de Saúde (Sergas) négase a conceder cita aos pacientes de oncoloxía do hospital Montecelo de Pontevedra. Sanidade emascara os efectos da precariedade de medios dun servizo ao que ten asignados catro especialistas, pero que só conta con dous.

A precariedade de medios cos que están a traballar os servizos oncolóxicos do Sergas ten un exemplo na sobrecarga de pacientes desta especialidade no hospital pontevedrés. A non renovación do contrato temporal que tiña un oncolóxico, provocou a anulación das consultas mediante cita previa para Setembro. O xefe do Servizo, Manuel Constenla, denunciou esta situación.

O doutor Constenla sinalou que a área de oncoloxía do hospital xa estaba sobardada cando aínda traballaba nela o especialista recién cesado.

Manuel Constenla explica que actualmente só entre dous oncolóxicos deben atender as consultas programadas, que funcionan tres días á semana, a unha media de 30 pacientes por día entre casos novos e revisións de enfermos diagnosticados e tratados. "Málla oficialmente só se recoñeceran no hospital cifras de 22 enfermos por día —explicou o especialista—, o certo é que atendemos arredor de 8 pacientes máis para paliar o déficit de recursos, pero esta situación resulta insostible moito máis tempo".

Á parte das consultas externas, os dous oncolóxicos atenden na área do hospital de día, na que se administran os tratamentos con citostáticos como a quimioterapia, a unha media de 25 enfermos de cancro diários. Ademais, cada día se producen uns 15 casos de situacións de urxencia que requiren a intervención dos especialistas e estes deben facer tamén o seguimento da decena de pacientes que de uso se atopan ingresados no centro hospitalario. No momento da entrevista o volume de enfermos hospitalizados baixo control dos oncolóxicos era de 14.

Incremento espectacular

A escaseza de persoal médico especializado contrasta claramente co que ten sido a evolución das necesidades rexistradas na área Norte de Pontevedra. O xefe do servizo de Oncoloxía de Montecelo asegurou que os datos oficiais constataron un incremento dun 140 por cento no número de enfermos de cancro durante os dous últimos anos. "O aumento —explicou— foi de un cen por cento entre o ano 92 e o 93 e no que levamos do ano 94 produciuse outro incremento da presión



A non renovación do contrato do terceiro oncolóxico provocou a anulación das consultas.

A. IGLESIAS

asistencial de un 40%".

As memorias oficiais de funcionamento do Hospital Montecelo recollen unha cifra de 289 pacientes oncolóxicos durante o ano 92. Os datos de evolución calculados polo propio centro prevén que a finais deste ano o número de enfermos acada a cifra de 600 persoas.

O xefe de servizo engadiu que na actualidade reciben asistencia no hospital pontevedrés cada ano 416 novos pacientes, cifra na que non están incluídas as persoas xa diagnosticadas e baixo tratamento ou revisión periódica. En conxunto, os dous oncolóxicos responsabilízanse anualmente da administración de 7.500 tratamentos contra o cancro.

O doutor Constenla descartou que o incremento espectacular do número de pacientes estexa relacionado cunha meirande incidencia do cancro e explicou que ten máis a ver "co aumento da conciencia sobre os beneficios terapéuticos na loita contra a enfermidade, non só por parte dos afectados senón tamén polos

próprios especialistas". "Se antes se consideraba que case non pagaba a pena iniciar un tratamento porque o cancro significaba unha morte segura, agora, aínda recoñecendo as limitacións dos tratamentos, é posíbel curar a un 40 por cento dos enfermos".

De cinco médicos a dous

A negativa do Sergas a manter ao terceiro oncolóxico no Montecelo e o seu traslado ao Hospital Provincial de Pontevedra resulta aínda máis incomprensíbel se se ten en conta que a propia Administración sanitaria recoñecía hai dous anos que o centro precisaba 3,6 oncolóxicos, quer dicir, 4 especialistas, para facer fronte ás necesidades derivadas do número de pacientes e as camas hospitalarias habilitadas para enfermos de cancro.

Constenla lembrou que as previsións da Consellería de Sanidade, baseadas nas estimacións realizadas no Estado polo Insalud, eran máis baixas que as da Sociedade Española de Oncoloxía, que cifraba as necesidades de

O Sergas quer evitar que a falta de especialistas derive nun incremento incómodo das listas de espera

persoal especializado en Oncoloxía no Montecelo en 5 médicos. O responsable do servizo advertiu que a incompreensión do Sergas cara as necesidades asistenciais da poboación está a acabar "coa nosa boa vontade, porque ademais eticamente non imos admitir que se chegue a atender mal á xente, sobretudo cando se trata dunha enfermidade grave como é o caso do cancro".

O recorte no cadro de persoal do Montecelo podería repercutir non só no funcionamento das

áreas de consultas externas e hospitalización, senón que tamén podería paralisar o programa de transplante autólogo de médula ósea, unha intervención cirúrxica que permite atallar algúns tipos de cancro. Desde agora e até o vindeiro mes de Decembro son sete os pacientes que agardan este transplante no hospital pontevedrés.

Pacientes desatendidos

A consecución inmediata da non renovación do contrato do terceiro oncolóxico foi a anulación das consultas que este especialista tiña concertadas mediante o sistema de cita previa para o mes de Setembro. Este feito, que ten provocado a abertura dunha investigación por parte do propio Sergas, é o primeiro dunha longa cadea de consecuencias que incidirán negativamente, sobretudo, na asistencia que reciben os enfermos de cancro.

A Administración sanitaria está a pór todos os medios ao seu alcance para evitar que a falta de especialistas derive nun incremento politicamente incómodo das listas de espera para pacientes oncolóxicos. Por este motivo deuse a orde no hospital de non conceder telefónica nen persoalmente data para consulta aos pacientes que demanden o servizo de cita previa. Deste xeito, aos enfermos que peden vez comunicáselles que será o propio centro sanitario quen lles comunicará nas súas casas a data na que poderán ser atendidos polo especialista.

Unha meia verdade

Responsábeis do Sergas anunciaron a súa intención de pór en marcha unha investigación que permita esclarecer os feitos que provocaron a desatención dos enfermos de cancro debido á anulación das súas consultas. A Consellería de Sanidade estima que se produciu unha descoordinación grave entre o servizo de admisión de enfermos e o de Oncoloxía, feito que xustifica a abertura dun expediente instrutor para dirimir responsabilidades.

O Sergas xustifica o despedimento do terceiro oncolóxico, argumentando que este foi contratado para substituír ao xefe do servizo no período en que desenvolvía tarefas de director médico no centro. Segundo a súa versión, a reincorporación de Manuel Constenla faría innecesaria a presenza dun terceiro especialista.

Pola súa banda, Manuel Constenla calificou as declaracións oficiais como "unha verdade a medias". "É certo que ese médico foi contratado hai ano e medio por ese motivo, pero o Sergas non di que as necesidades asistenciais fixeron que eu tivese que compaxinar os labores directivos co meu traballo como especialista, aínda que o plantel non contemplase por razóns económicas unha realidade na que había tres oncolóxicos traballando para o servizo". ♦

Galiza exportadora de enfermos

Manuel Constenla reforzou as súas teses sobre a falta de recursos oncolóxicos lembrando que historicamente Galiza ten sido exportadora de enfermos de cancro. Neste sentido, explicou que até hai pouco tempo "certos pacientes de elite recorrían a clínicas privadas de Pamplona ou Madrid, mentres outros enfermos reivindicativos conseguían o traslado a outras comunidades españolas para poderen recibir o tratamento necesario para atallar a súa enfermidade".

Esta fuxida de enfermos apenas existe hoxe en día, debido a que a maioría dos hospitais españois non aceitan facer cargo de enfermos que pertencen a outras áreas sanitarias

afastadas e sobrecarregan significativamente os seus servizos oncolóxicos.

Aínda que nos últimos anos foron contratados algúns oncolóxicos en zonas como Vigo ou Santiago, un informe da Sociedade Española de Oncoloxía recoñece que Galiza está no final na lista de dotación contra o cancro.

Pero as necesidades non atinchen sómente á falta de especialistas en Oncoloxía, senón tamén de radio-terapeutas, como sinalou o doutor Constenla. Curiosamente, o Plano de Saúde presentado pola Consellería de Sanidade para o cuatrienio 93-97 establecía "a potenciación máxima dos servi-

zos de Oncoloxía". No devandito plan, os responsábeis sanitarios comprometíanse a realizar durante o 93 unha avaliación das necesidades de recursos oncolóxicos na Galiza, co obxectivo de implantaren no ano 94 "un programa integral de asistencia oncolóxica que abrangase accións preventivas, curativas e rehabilitadoras".

As últimas análises de mortalidade realizadas no país demostran que Pontevedra é a provincia máis afectada polo cancro, xa que esta enfermidade provoca o 24,12% das mortes, fronte ao 22,95% da media de Galiza. Os tumores malignos matan anualmente a case 6.000 persoas en Galiza, das que case 1.800 son de Pontevedra. ♦

CONFLICTOS COA AUTOVIA DO NOROESTE

A cámbio consegue postos de traballo cos que comerciar politicamente O concello de Coirós apoia á empresa concesionária da Autovia e ignora aos viciños

■ ANTÓN MALDE/AS MARIÑAS

No concello de Coirós teñen comezado mobilizacións populares en contra da política do concello de favorecer os intereses da empresa que está levar as obras da Autovia do Noroeste ao seu paso por Coirós. A concesionaria das obras, CORVIAM S.A., conseguiu alugar terreos públicos a baixo prezo e os viciños están molestos, xa que o concello non monstrou o mesmo celo na defensa dos seus intereses. A oposición indica que o concello quer apañar postos de traballo para a súa clientela política.

O ambiente foise quentando en Coirós ao ver os viciños que o concello non defendera os seus intereses perante o paso da autovia, que nalguns casos prexudicávanos moito, ao pasar a carón das súas casas. O Concello de Coirós (PP) foi o único do conxunto de municipios afectados polo paso da autovia que non fixo alegación nengunha. O malestar foi medrando estes últimos



meses, ao desmatelaren coas obras numerosos camiños que foran arranxados había pouco tempo.

Neste clima, o concello decide alugar á empresa concesionaria da obra, CORVIAM S.A., seis hectáreas no Monte da Cortella para situar instalacións auxiliares. Nese lugar están ubicadas as instalacións desportivas municipais. O alugar tamén inclúe unha parcela de monte afrente das aldeas da Lapeira e Figueiras, ali instalárase unha canteira.

O conflito ven dado polo feito dos viciños non toleraren que

por 800.000 pesetas se perderan as castiñeiras e olmeiras semeadas, se arruinara o campo de fútbol, o polideportivo e a piscina, para que CORVIAM garde ali materiais de obra, cando había outros sitios alternativos.

Pero quizá inda máis polémico foi o aluguer dunha parcela de monte nas aldeas de Lapela e Figueiras para instalar unha canteira por parte do concello, para CORVIAM obter materiais durante a construción da autovia. Nesa zona tivo que se furar o monte para o paso da autovia e moitas casas ficaron danadas. Os viciños estiman que ao estar

tan perto das casas, eles e as vivendas corren un perigo real. Por outra parte, tense denunciado a existencia de dúas mámoas nesa área que poderían verse afectadas polas obras.

Incumpre a Lei

O malestar acréscentase polo feito de o concello alugar a parcela para a canteira até o ano 97 por 700.000 pesetas. Arredor de 50 viciños entregaron un escrito perante o alcalde, onde asinalaban os perigos da canteira, a falta dos permisos de Meios Ambiente e Industria, así como que o monte é de propiedade comu-

nal. Pése a todo, as obras de decapaxe comezaron e non se destruíron as dúas mámoas ali emprazadas ao estaren nunha finca privada, pero todo o seu contorno ficou cachado.

A oposición (PSOE e xentes do antigo PP) e os ecoloxistas de ADEGA de Betanzos denunciaron o "escurantismo da equipa de goberno na tramitación e contratación asinada con CORVIAM", xa que na mesma non se fala de instalar unha canteira encanto só zugar terra e xabre no tempo que marcaba o contrato. Chaman a atención sobre a falta dun plano prévio que avalie a incidencia no entorno da actividade extractora, así como un plano, tamén prévio, de recuperación dese entorno para cando finalice a actividade. Neste punto, a oposición amosa o seu medo a que unha vez que a empresa obteña todos os permisos instale nesa área unha canteira de xeito permanente e que sexa difícil retirarlle a licéncia.

A cuestión que inqueda aos viciños e á oposición é por que ten tanto interese o concello en favorecer a esta empresa, cando están a alugar por cantidades ridículas e a xerar tensións entre os paisanos. A razón —suxíren— quizá estexan en que a empresa está a empregar a xente através de indicación do concello para este último apañar votos nas vindeiras municipais. ♦

L OITAS SINDICAIS

EN DEFENSA DA DEMOCRATIZACIÓN DO AGRO

XOAN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

O SLG está a desenvolver unha campaña en favor da liberdade sindical dos labregos e a democratización do sector agrario. Desde o ano 1977 en que se legalizaron os partidos políticos e sindicatos, e que marca na práctica a transición política no Estado Español, o SLG considera que no sector agrario esa transición quedou pendente, e actualmente prodúcese mesmo unha involución nos dereitos sindicais que se foron conquistando ao longo dos anos.

Así, os sindicatos de clase se recoñecen como herdeiros do patrimonio sindical adquirido polos sindicatos históricos, ou a partir das cotas sindicais abonadas ao Sindicato Vertical durante o franquismo. No caso dos sindicatos agrarios, todo o patrimonio sindical (Cámaras Agrarias) do anterior sindicato vertical, non só non se devolveu aos representantes democráticos dos labregos, senón que se está a usar de forma anárquica e en moitos casos en beneficio privado.

Pero ademais, en multitude de organismos, que por extrapolación das existentes nos países democráticos, esixen a presenza de Sindicatos representantes do sector (Consellos Regulares, Plano Forestal, Comisión de Ensinanzas Técnico Profesionais, etc.) non se lle concede esa representación aos sindicatos, e en moitos casos —como resulta evidente nos Consellos Reguladores— algún membro que só representa os seus intereses particulares, se lle outorga a re-

presentación da totalidade do sector usurpado o papel das centrais.

Ademais carecese dunha lexislación adecuada que regule as relacións interprofesionais dos labregos através dos seus sindicatos e cos outros interlocutores cos que debe acordar contratos de compra-venta, condicións de pago, de entrega, etc. Os prezos se fixan unilateralmente por parte da agro-industria sen escoitar ou negociar cos representantes dos produtores.

Esta situación vense agravando polas recentes actuacións da Xunta arrinconando aos sindicatos agrarios, retirándolle os escasos dereitos adquiridos que posuían. Por exemplo, en canto a financiamento, a cuantía da subvención para actividade sindical pasou de 80 millóns de pesetas (que se viña repartindo entre os catro) a 39, coa novidade de que este ano vai ser repartida tamén coas Asociacións de Cooperativas, co cal non só ten un efecto económico senón político, en canto se equipara aos sindicatos e ás cooperativas —non para potenciar a función sindical destas últimas, senón para darlle un carácter cooperativo, de prestación de servizos ou xestoría aos sindicatos.

No caso da Formación Agraria, a discriminación é aínda máis escandalosa. Tíñase asinado un convenio de 80 millóns a repartir entre os 4 sindicatos para a formación de labregos. Partida é de por si ridículo dentro dun total de 7.245.628.000 ptas., pero que este ano

se transforma nunha subvención de 39 millóns para organizacións agrarias, coa novidade que UUAA e SLG, sindicatos agrarios máis representativos do sector, non reciben nin unha peseta por esta vía, concedéndose a Xovenes Agricultores uns 37 millóns, cando a vocación de representante sindical ou interlocutor dos produtores desta organización fronte a patronal está posta en cuestión, por canto é membro da CEOE, e tense manifestado nun documento reproducido neste xornal como "elemento dinamizador do voto rural as filas do Partido Popular... cunha potente infraestrutura e cunha dirección de inequívoca simpatía cara o PP", o cal tamén fai dudar da súa autonomía como entidade soberana.

O SLG considera que non vai ser posíbel o desenvolvemento económico de Galiza

sen unha agricultura forte e ben estruturada, para o cal os sindicatos son necesarios como lazo de conexión e vertebración social. Polo cal a central solicita destinar aos Sindicatos Agrarios partidas presupostarias adecuadas e non discriminatórias, democratizando as relacións administración/labregos mediante a creación do Consello Agrario Galego como organismo permanente de análise, debate e búsqueda de consenso das políticas que afecten ao sector, así como unha lexislación que regule a convocatória de eleccións sindicais no agro e a devolución do patrimonio sindical agrario.

Para isto o SLG comenzo unha campaña de asembleas informativas nas distintas comarcas, solicitando o apoio e solidariedade dos Sindicatos Obreiros, tendo xa realizado entrevistas cos Grupos Parlamentarios do PSOE, e BNG (pedindo-a tamén ao PP), prevendo unha mobilización para o mes de outubro. (O día 14 en Santiago).

Algo que preocupa ao SLG é a censura que existe nos medios de comunicación, tanto públicos, como aqueles que responden a intereses privados, acerca desta campaña, silenciando e terxiversando as notas e comunicados que se teñen feito público. A democratización do rural é un tabú na nosa sociedade. Tabú no que están interesados sectores económicos e políticos de moito peso no país, o que explicaría esta marxinação do agro do proceso de transición política, e mesmo na actual involución. ♦

‘No sector agrario actualmente prodúcese unha involución nos dereitos sindicais que se foron conquistando ao longo dos anos’

IRREGULARIDADES NO ENSINO


Normalización lingüística sen ensino en galego As oposicións do profesorado non exixirán o coñecemento da lingua propia

■ A. ESTÉVEZ

As oposicións ao corpo do Ensino Médio, anunciadas pola Xunta a principios de verán, aínda non teñen data de celebración. Máis de vintetrés mil persoas están nas listas oficiais para cubrir 1.136 prazas. O feito de non existir exame eliminatório de galego propicia que opositores doutras partes do Estado podan presentarse na Galiza. A normalización lingüística na escola treme pola negativa da Xunta a unha proba eliminatória de galego.

A conflictividade das oposicións arrástrase desde o ano 1991, cando se celebraron as primeiras das tres probas distintas pola LOXSE, coa premisa de favorecer os anos de servizo, é dicir, aos interinos. Desta convocatoria, aínda hai un colectivo sen a categoría de funcionariado. En 1992, celebráronse as segundas, nas que moitos dos aprobados non conseguiron praza ao computarse antes os anos de servizo que ter unha nota de cinco. Isto provocou que o Tribunal de Xustiza de Galiza decidira ilegalizalas.

A designación de postos das oposicións de 1992 está paralizada á espera de que o Tribunal Constitucional se pronuncie. Máis isto, todo apunta que validará o sistema empregado porque xa o fixo noutras zonas do Estado, como en València, onde hai un mecanismo semellante ao galego. Despois destes pronunciamentos do TC, o Tribunal de Xustiza de Galiza considerou que convocar unhas novas oposicións para este ano estaba dentro do feito legal.



O número de prazas ofrecidas nas oposicións é menor que o de interinos. A. IGLESÍAS

O galego arredado das oposicións

Anxo Louzao, responsábel de educación na CIG, cre que con estas nova convocatoria se abre a vía para que desembarque unha riada de mestres de todo o Estado, xa que veñen de zonas onde as oposicións xa se celebraron. "A Administración negouse a que se fixera o exame de galego. A min paréceme fundamental, primeiro pola necesidade de coñecer o idioma e, segundo, porque é imposible levar a lingua á escola con xente que non a coñece", explica.

A convocatoria galega supón, ademais, unha vantaxe para a xente que xa se examinou en tres ocasións no territorio do MEC. "É incomprendible que non se aplique o galego a todas as materias (só é obrigatorio en Historia no Ensino Médio). Calquer Goberno o faría e máis nunha terra necesitada de postos de traballo e de normalización lingüística. O propio Goberno de Madrid permite establecer o perfil da lingua galega", di Anxo Louzao.

En Catalunya, hai unha sentenza xudicial que confirma o dereito a exixir nos exames de oposición o coñecemento da lingua. Na Galiza, a realidade é que o uso do galego, no ensino, só está estipulado para a asignatura de lingua e para Ciencias

Sociais, co cal nas oposicións o galego é irrelevante. "A postura da Consellería non se entende —explica Louzao—, sobretudo sabendo que se trata xa da terceira convocatoria de oposicións, é dicir, non se sabe cando poden ser as próximas".

Non se cobren os obxectivos da convocatoria

Anxo Louzao describe o panorama das oposicións na Galiza como caótico. "Despois da conflictividade das anteriores convocatorias, a deste ano aínda non ten día fixado, máis que se rumorea que será en Decembro. Hai unha actitude lamentábel cara ao profesorado", opina.

As tres convocatorias de oposicións tiñan como finalidade proporcionar, polo menos, unha praza por interino. Despois de tres anos, este obxectivo non se cumpre. Este ano ofertáanse só 1136 prazas, das que algo máis de setecentas son destinadas ao bacharelato.

"As oposicións non resoven o problema da grande masa de profesorado non funcionário. O número de interinos chegará a ser maior que o dos funcionarios na Galiza", explica Louzao. Cada curso, máis de dous mil profesores provisionais ou interinos coñecen días antes do comezo do curso o seu destino. ♦


Denúncian a ilegalidade das competencias na Universidade de Vigo

O reitorado da Universidade de Vigo terá que explicar ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza a súa actuación en canto á asignación de competencias nos diferentes vicerreitorados. O recurso foi interposto pola CIG, que cre que se está desenvolvendo un programa sen ter en conta a Lei de Reforma Universitaria nen os estatutos da Universidade. O conflito estaría centrado, especialmente, nas competencias que se lle están outorgando ao vicerreitor de Economía e Administración, e que se lle están restando ao persoal de administración e servizos.

Antón García, vicepresidente do claustro universitario, presidente do comité de empresa e membro da CIG, cre que non se consultou á asesoría xurídica da Universidade no momento de redactar e dispor cales serían as competencias de cada organismo. Hai unha traspaso destas dun lugar a outro dun xeito ambiguo. Na opinión da Confederación Intersindical Galega, estánselle a outorgar facultades ao vicerreitorado de Economía e Administración que pertencen ao xerente, segundo a Lei de Reforma Universitaria, coa finali-

dade de crear un "supervicerreitorado".

A ilegalidade tamén estaría baseada no feito de que hai competencias que non outorgan aos organismos correspondentes a facultade de tomar decisións. O contido político da equipa de goberno prevalece sobre os estatutos universitarios, xa que os contradi e modifica. Os denunciante tratan de discutir o conflito antes de chegar a presentar o recurso pero o reitor amosouse contrario a que se debatira no claustro da Universidade. ♦



O carro antes dos bois

"Agora estamos na fase do parque empresarial, último recurso da retórica trapalleira —escribe Xan Soto en EL PROGRESO do día 10—. Seica a leria é competencia do tal negociado do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con algúns concellos de diáconos portacolas, non sexa o caso que tropece Maripuri. Sobre o caso informan os xornais que na provincia de Lugo andan a tramitar os parques empresariais (ao pé da letra) de Begonte, Becereá, Palas, Portomarin, Guitiriz, Xermade, A Pastoriza, e Quiroga. Un parque empresarial na Pastoriza, outro en Begonte, outro en Palas... De a pouco, a este paso, a provincia merenda ela soia ao Banker Trust e o Helmut Kohl nen o sabe. Francamente, oito parques empresariais de vez, nunha provincia na que non existen, que se saiba, nen empresas nen empresarios —salvando o grémio honorábel do comercio do granel— parece un algo demáis. Excesos morfolóxicos aparte, a iso chaman pór o carro antes dos bois. O que lle cómpre a Lugo son empresas; despois os parques que se queira e de remate a traca do retroco." ♦

Todos culpábeis

Manuel Leguineche interpreta así no FARO DE VIGO do día 13, o recoñecemento público de Mitterrand de ter colaborado con Petain. "Se cadra, o seu relato da verdade pode ser comprender así: Mitterrand prefere descubrir ese período ominoso agora que está vivo, para evitar que de morto historiadores ou xornalistas caian como aves carrofeiras sobre eses catorce anos de alianza co fascismo. François Mitterrand sabe ben que na resistencia contra os nazis non foi ouro todo o que reloceu. O presidente prefere apandar coas responsabilidades agora que no remate do seu mandato, doente de gravidade, pode evocar sentimentos de de piedade e se facer perdoar as feblezas ideolóxicas da mocidade. (...) Mitterrand despídese dos franceses con esta frase: todos fomos culpábeis". ♦

O ruín da situación venezolana

A revista ZETA de Caracas comenta no seu número 1005 o plano económico do presidente Caldera. "O chamado plano macroeconómico escribe Rafael Poleo na súa sección Péndulo non é máis que un plan xeral de traballo e compréndese que cadaquén meta a culler por favorecer o seu negocio. Métena sobre todo os norteamericanos, afogados pola súa balanza comercial crónicamente perdedora. Necesitan que lles compremos moralla, xa que eles non poden deixar de ros comprar petróleo. Así saen eses diagnósticos de firmas consultoras que abraian con apelidos xermánicos e anglo-saxones e que El Nacional publica como se fosen palabra de Deus. Os neo-liberais seguen a ter detrás o poder cósmico dos grandes negocios trans-nacionais. Desde o exterior presionan ao Estado, ou máis ben á sociedade venezolana para que nos abramos de pernas. Fano igual a traveso do Fondo Monetario que do Wall Street Journal e do meu querido Miami Herald, explicábelmente atormentado porque Venezuela, o mellor cliente do Estado da Florida, está a gardar os dólares no canto de voar a gastalos alá. Dentro do propio país eses intereses controlan grandes meios de comunicación. Eles mesmos son o grande comercio e a grande banca,

ZAPATA / EL NACIONAL



obviamente interesados na apertura económica irrestricta que nos convirte en mero vendedor de petróleo e importador vicioso de todo o demais que lles permita cambiar en dólares o beneficios. Este é o interés natural, zoolóxico do grande comercio en todas partes do mundo. Esa conduta egoísta convirte ao alto comercio importador e á banca relacionada con el, no ruín da actual situación venezolana. Estamos no momento no que o interés deses señores é contrario ao interés nacional". ♦

DESMANTELAMENTO PESQUEIRO

É a conclusión do informe que analiza a situación a partir do conflito do amarre semanal A Xunta quer desguazar 38 barcos do arrastro litoral e mandar á rua a 450 mariñeiros

I SEVERINO GESTOSO

A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, ven de publicar o "Estudio de viabilidade da frota de arrastre do litoral de Galicia", traballo no que emprega grande dureza contra o sector empresarial. Iso pode significar ben que a Consellería decidiu pór orde na pesca litoral, ou ben que o voluminoso análise non é máis ca unha batalla dentro da guerra que Administración e armadores manteñen a partir da publicación do Decreto 262/91 e o seu artigo 84 sobre o descanso semanal. En calquer caso o informe propón desguazar 38 barcos e mandar á rua a 450 mariñeiros.

A crise na que se situa a frota de arrastro litoral foi analizada por un informe oficial e unha das posibles solucións que aporta o Estudio (mallas, fondos, tempo de pesca, etc.) hai unha que é especialmente polémica; trátase da "redución da frota" que o traballo cifra en 38 buques e 450 tripulantes. O informe indica que "un 20% de redución é imposta xa, pois, pola Unión Europea. Pola nosa parte propónse tamén unha redución suplementar do 5% en razón das condicións expostas anteriormente sobre a situación do recurso". Así, a CIG dixo que "a Xunta de Galicia propónse ser máis papista que o Papa", e engade "a Consellería deixa de exercer as súas competencias de vixilancia e control e opta pola postura máis cómoda e barata: o desguace do Arrastro. E incuestionábel a negativa incidencia e o descontrol doutro tipo de actividades de pesca (volantas, betas, etc.). Non se pode determinar a cuantía das mesmas nen das súas capturas que fuxen por mercados paralelos. Polo tanto faise necesaria unha actuación global no caladoiro".

Tampouco os armadores están de acordo con esta medida e exprésano da seguinte maneira: "Estimamos inxustificábeis que o sector de arrastro teña necesariamente que desguazar esas 38 unidades, pois xa houbo unha forte redución da frota durante estes últimos anos. Sempre que o desguace preconizado non sexa totalmente voluntario e con plenas garantías de ser aboadas as axudas á paralización con carácter preferente e urgente non o aceptamos".

A respecto dos 450 empregos que o Plano dá por perdidos, a Consellería asegura que é "o



A frota quedaría reducida nun 25 %.

prezo que temos que pagar pola consolidación dos empregos nos buques que permanezan activos". A Intersindical dixo que "Todo este proceso daría como resultado a perda de 450 postos de traballo directos, que segundo as expectativas da Xunta recolocárianse noutros sectores relacionados coa pesca, como poden ser os talleres de reparación de buques ou a construción naval. Sectores moi prósperos e con grande demanda de postos de traballo, cando menos esta proposta hai que calificala como ridícula".

Un total de 13.490 millóns de pesetas para desguaces —segundo o informe— arranxarian o arrastro litoral.

O 7% dos barcos con máis de 25 anos

A mesa de traballo que deu lugar ao Estudio reuniuse o 21 de Febreiro deste ano e a recollida de datos deuse por finalizada o día 3 de Maio, despois de ter que recabar a Consellería por tres veces o envío de datos á parte empresarial e ser estes, segundo o informe e textualmente, de "escasa calidade na maioría dos casos".

Segundo estes datos, o total de buques que se adican á pesca de litoral é de 154. Un promedio entre número de unidades, tonelaxe e potencia das mesmas, indica que ocupa a un 7% do total da frota galega, aínda que estes buques teñen nun 71% máis de 25 anos e só a antigüidade de 12 unidades non chega aos 10 anos.

O buque medio desta frota, de 135 toneladas de Rexisto Bruto, 474 C.V. e unha eslora entre 18 e 33 metros, faena sobre un re-

curso pobre e escaso. Sobre todo nos casos da pescada, que "apresenta unha significativa tendencia á baixa desde 1983", e o peixe sapo xa que "o descenso nas capturas comó o dos índices de abundancia indican que o mesmo estase reducindo progresivamente".

No referente ás causas que motivan esta escaseza, os sindicatos e os armadores comparten a mesma análise e difiren do informe da Xunta. Así, as alegacións presentadas polo sindicato galego de traballadores do mar SGT-M-CIG o día 24 de Agosto di nun dos seus parágrafos: "Do que non cabe dúbida é da preocupante situación do Caladoiro, polo que se fai necesaria unha rápida actuación que garanta a sobrevivencia do mesmo e do futuro da frota. Pero esta actuación debe incidir non só no arrastre senón tamén no resto das artes que interactúan nel. De non facerse así estariase pondo un parche que non solucionaría o problema da desaparición do noso caladoiro, ao non controlar as actuacións nos recursos

Importancia dos portos galegos na pesca de arrastro de litoral

A Coruña	14,70%	(Sector) 52,92º
Bueu	0,61%	2,20º
Burela	12,21%	43,96º
Corcubión	2,08%	7,49º
Corme	1,40%	5,04º
Espasante	1,17%	4,21º
Marín	16,83%	60,58º
Muros	7,91%	28,48º
Muxia	0,72%	2,59º
Portonovo	0,60%	2,16º
Ribadeo	1,21%	4,36º
Riveira	32,06%	115,41º
Vigo	1,55%	5,58º
Viveiro	6,95%	25,02º

pesqueiros como acontece hoxe en día os fins de semana, que mentres a frota do arrastro está nos portos, as volantas e outro tipo de artes seguen traballando".

O sector empresarial de Marín, Celeiro, Vigo, A Coruña e Burela, nas observacións que presentan ao documento base, con data 29 de Agosto, non se afasta, neste punto, da óptica sindical ao afirmar: "...dedúcese que as especies que maior perigo corren de acabarse son as capturadas polas artes de volanta, rascos, palangres, betas, etc. Sobre estes sectores teñen sobrada competencia a Xunta de Galicia, se ben cremos que por falta de medios para controlalos, están campando polos seus respeitos e producindo un dano de grandes consecuencias negativas no caladoiro".

A polémica do decreto

Chegado o Decreto 262/91 e o seu artigo 84, a nova normativa recortaba en tres días o tempo de traballo anual ao comparala coa lexislación en vigor naquel momento, que permitía faenar un máximo de 22 días mensuais. E daqui parte a controversia. A Xunta alega que a nova norma non aumenta os días de inactividade; que a medida non afecta só aos arrasteiros de litoral (154 buques), senón a toda a frota (máis de 8.000 unidades); que o descanso de Sábados e Domingos xa estaba implantado noutras zonas e que frota doutros países tamén teñen establecido este descanso.

Por estas razóns, a Administración asegurou que "a calquer observador imparcial resultaríalle difícil de entender tanto que a medida pudiese supor a ruina do

subsector de arrastro, como a dimensión e intensidade das protestas dunha parte dos seus representantes contra ela".

Contra isto, os armadores chegan a cifrar entre 30 e 60 os días reais de perda de xornadas de faena, algo que lembran no documento xa citado, afirmando que "queda admitido de feito que esta frota perde actualmente 3 días de caladoiro, pois co descenso fíxo semanal só se lle permite faenar 261 días ao ano. Ademais a inactividade incrementase en 4 días ao ano, polo obrigado recoñecemento dos

mandos do buque, tanto de ponte como de máquinas, pois antes estas revisións facíanse dentro dos períodos de descanso. Se a isto engadímoslle os días de paralización forzosa por averías e maos tempos, revisións anuais, etc., resultan os 30 ou 60 días adicionais de inactividade, que tanta estrañeza reflicte o estudio".

Polo contrario, os sindicatos aplaudiron desde o primeiro momento esta medida, que en calquer caso estiman que non debería significar máis que un primeiro paso para todo o que socialmente se debe facer no mundo da pesca en xeral.

Se complicado está este punto do Estudio, non é menos o apartado 3º, que trata da análise económica desta frota, e onde a "dureza" faise de novo evidente. "A documentación que se remitiu por parte das distintas asociacións e confrarías foi moi confusa e con datos, nalguns casos, contraditorios e con criterios totalmente distintos, segundo quen os enviase. Se a situación da frota, segundo os datos aportados polo sector, xa era caótica en 1989, resulta aínda máis difícil de entender que se produzan continuas perdas durante cinco anos, e que, así a todo, as empresas sigan en activo como se estivesen totalmente saneadas", declaraba o informe oficial.

Non menos duro é o documento da Convergencia Intersindical sobre este punto, ao afirmar que "por parte das Asociacións de Armadores non se tomou a serio a elaboración deste estudo, aportando uns datos opacos e malintencionados, non podendo chegarse ao fondo da realidade económica das empresas e amosando índices claros de economías paralelas".

ARQUIVO ANT

ALTERNATIVAS NA AMÉRICA LATINA

Rafael Caldera chegou ao poder con grande apoio do povo, pero está a gobernar contra el

En Venezuela o soño rexeneracionista rematou nun neo-liberalismo marcado polo FMI

■ BIEITO ALONSO/CARACAS

A profunda decadencia venezolana, a degradación permanente das condicións de vida de boa parte da poboación e o desprestixio da clase política tradicional, levou consigo a reprodución en Venezuela do mesmo esquema que prolifera na América Latina: a chegada dun salvador, neste caso Rafael Caldera, un político tradicional convertido en paladin do rexeneracionismo que tras uns primeiros golpes de efecto, acabou nos brazos do FMI.


Para moitos observadores, a elección de Rafael Caldera como presidente foi a derradeira aposta, desde o bipartidismo institucional, para tentar a salvación do sistema político vixente. Este veterano fundador de COPEI —ten case 80 anos— foi quen de erguer unha alternativa rexeneracionista e nacionalista á marxe dos dous grandes partidos (AD e COPEI), tan só respaldado por unha coalición de pequenas agrupacións, na que figuraban desde antigos democristiáns até comunistas.

Apesar da elevadísima abstención, perto do 40%, e das evidencias de fraude electoral, Caldera soubo aproveitar esta aparente fragilidade para presentarse como árbitro das disputas partidárias e adail da loita contra a corrupción institucional. Para moitos venezolanos e venezolanas a súa oferta de rexeneración moral e de recuperación económica constituíu unha firme esperanza, sobretudo despois da traumática experiencia vivida baixo o "perecismo" e a sucesión de erguimentos militares.

A xestión de Caldera, até o presente, tense caracterizado polo recurso á excepcionalidade, tanto no plano económico coma no político, en orde á gravidade da crise que padece o país. Do paquete de medidas urxentes que elaborou o seu goberno compresalientar dúas: a intervención de 15 bancos por graves irregularidades, entre eles algúns tan emblemáticos coma o Banco de Venezuela ou o Banco de Maracaibo, co obxecto de tentar o saneamento dun sistema financeiro en perigo de quebra.

A outra iniciativa foi a creación da "Junta de Administración Cambiaria", que ten como finalidade o control da saída de divisas cara o exterior.

Como medida política complementaria, Caldera impuxo a suspensión das garantías constitucionais por tempo indefinido, posteriormente revogada polo Parlamento e reconfirmada polo



A cúpula dourada do Palácio da Academia, en primeiro termo. No inserto, Rafael Caldera.

Presidente —que mesmo chegou a ameazar coa convocatoria dunha consulta popular—, nun pulso institucional do que saíu triunfante. Aínda que, en termos económicos, as medidas non parecen ter conseguido efectos sobranceiros na reactivación económica —nos dous últimos meses, os prezos dos artigos de primeira necesidade triplicaron o valor ao tempo que as previsións oficiais do Ministerio de Facenda falan dunha inflación anual do 70%— o seu efectismo disparou a popularidade de Caldera até extremos descoñecidos, cando menos na mesma proporción do que medraba o desprestixio do Parlamento.

Economía: a nai de todas as guerras

Sen embargo, desde as bancadas da oposición existe unánime coincidencia, mesmo desde diferentes ópticas, na súa crítica ao

executivo: a caréncia dun modelo económico definido. Para o dirixente de COPEI, Eduardo Fernández "Venezuela marcha ao revés dos países que están tendo éxito porque, no canto de definir unha política económica, só se implementaron medidas superficiais". As críticas tamén abrollan desde o principal partido da esquerda, *La Causa Radical*: "O grande problema é determinar cal é a política económica do goberno" — sinala Pablo Medina, secretario xeral de LCR— "a estratexia económica [de Caldera] parécese cada día máis á política de Carlos Andrés Pérez, non só polas axudas financeiras aos grupos privados, senón na política fiscal e na ausencia dun plano produtivo".

Pero, onde o Presidente ten sabido navegar con maior arte é na loita partidaria. Foi quen de conseguir o respaldo parlamentar da propia AD, dirixida agora por Luis Alfaro Lucero —contribuíndo

de paso á derrota política do perecismo no seu seo— e apoios ocasionais de COPEI. Tan só se resiste á súa atracción a bancada da Causa R: ausente durante case un mes dos traballos parlamentares como medida de presión, perante Caldera, para que convocase o anunciado referendo, a dirección causaerrista tentaba que a consulta incorporase a disolución do actual Parlamen-

Caldera está disposto a pór en práctica un ambicioso plano, que permitiría acceder a un novo empréstimo do FMI

to e a elección dunha Asemblea Constituínte que redactase unha nova Constitución.

O FMI como modelo

Polo momento, o Presidente ten unha ampla marxe de actuación e está disposto a utilizar o seu capital político na posta en práctica dun ambicioso plano de axuste, que permitiría acceder a un novo empréstimo do Fondo Monetario Internacional (FMI). Este plano está deseñado segundo a ortodoxia neoliberal.

O executivo prepara o aumento escalonado do prezo da gasolina de 6 a 20 bolívares/libro, comezando por unha suba inicial até os 12,5 bvs. prevista para o mes de Decembro. Outras medidas adicionais serían a reforma do réxime de prestacións sociais, a profundización das políticas privatizadoras e a entrega, baixo o eufemismo das "asociacións", ás transnacionais das melloras reservas de ouro e petróleo. No caso do metal precioso, está prevista a privatización da MINERVEN —empresa aurífera integrada na estatal "Corporación Venezolana de Guayana"— e o incremento das concesións a un ritmo que permita pasar dunha produción de 13 a case 100 Tm anuais. O proxecto, ademais da alarma social que xerou en toda a Guayana venezolana pola previsíbel supresión de postos de traballo, eliminación de investimentos sociais, etc., representa un atentado ecolóxico de incalculábel magnitude nun ecosistema especialmente fráxil e sensible.


No tocante ao petróleo, a empresa pública "Petróleos de Venezuela" ten anunciado un programa privatizador no que, segundo o exposto, as maiores bolsas e os crús máis lixeiros ficarían reservados para as compañeiras estranxeiras asociadas.

A aposta de Caldera é especialmente arriscada porque hipoteca os recursos estratéxicos do país e marxina a propia estrutura produtiva, baixo as imposicións do FMI. Unha aposta que pode agravar, aínda máis, as enormes tensións sociais que se viven e despertar pantasma adormecidas coma a do golpe militar.

O Presidente non deixa de chamar á obediencia e á disciplina nas reunións cos mando militares, mentres, desde certos meios xornalísticos, intensifícanse as referencias sobre supostos grupos guerrilleiros instalados na fronteira con Colombia e difusas células urbanas.

Caldera non é un corrupto ao estilo tradicional, ten un apoio popular importante e manobra con oficio nas bambalinas políticas pero os problemas acumúlanse, o tempo corre a prisa e a xente impacientase. A fame non ten substituto no discurso. O custo da vida non se enfrenta con manobras políticas. A crise dos servizos, a inseguridade e a caída do salario real non son reemprazábeis co exclusivo culto á moral. ♦

DIADA NACIONAL DE CATALUNYA



ERC non tivo a mesma capacidade de convocatória que en anos anteriores.

Esquerra Republicana podería aproveitar o desgaste que en Iniciativa per Catalunya causaron os ataques de Anguita Pujol protagonizou un 11 de Setembro frouxo en actos reivindicativos

■ PACO SOTO/BARCELONA

As oferendas florais ao monumento de Rafael Casanova —conselleiro xefe de Barcelona durante a ocupación da cidade polas tropas borbónicas de Felipe V, en 1714—, os actos institucionais e as manifestacións reivindicativas caracterizaron unha vez máis a Diada do 11 de Setembro —festa nacional de Catalunya. Sen embargo, este ano, o número de participantes nos actos estritamente políticos, como a manifestación que organizou Esquerra Republicana de Catalunya (ERC) e outros grupos independentistas en Barcelona, foi netamente inferior ao doutros anos.

Este feito podería servir de reflexión a ERC, un partido en alza nos últimos anos, pero menos preocupado pola súa ideoloxía, que pola simboloxía e ao ritual.

No referente ás outras forzas independentistas, non saen da marxinalidade política e outros, como a Assemblea d'Unitat Popular (AUP), intentan abrirse un espazo social, principalmente entre sectores xuvenís descontentos co sistema.

En Barcelona, tanto ERC como as demais organizacións independentistas non conseguiron sacar á rua a máis de 5.000 per-

soas. En suma, as maiorías sociais optaron por se quedar na casa e o nacionalismo que soubo escapar do pragmatismo de Convergència i Unió (CiU) segue sendo minoritario.

Contexto anticatalán


Sen embargo, son moitas as causas polas que a sociedade civil foi chamada a se mobilizar; ademais das xa coñecidas, como a falta de poder político e económico do Goberno da Generalitat, que en moitos casos provocan frustración e incertidume en amplas capas da poboación, están outras de carácter máis conxuntural. Moitos non gostaron do apoio que deu CiU ao Goberno do PSOE. O desgosto provén de diversos grupos da dereita madrileña aos que se sumou Julio Anguita. A campaña anticatalanista desatada foi ben aproveitada por Pujol e tivo un efecto aglutinante na sociedade catalana.

Así as cousas, as declaracións do coordinador de Izquierda Unida (IU), Julio Anguita, o día da Diada, comparando as apelacións ao patriotismo de Jordi Pujol coas do ditador Francisco Franco non cairon en saco roto. O conxunto dos políticos cataláns, desde o PP a ERC, reaccionou airadamente. Facer paralelismos, aínda que sexan de lonxe, entre as prácticas políticas de Pujol e os de Franco pode resultar repudiable electoralmente entre sectores obreiros de Getafe, pa-

rados de Vallecas ou xornaleiros da serra Sul de Sevilla, pero en Catalunya non: así llo fixeron saber ao líder de IU miles de manifestantes nas ruas de Barcelona, o 11 de Setembro, cando coreaban: "Aznar, Anguita, nen Franco o facia mellor".

Iniciativa per Catalunya (IC) tamén criticou con certa dureza as palabras de Julio Anguita, ás que calificou de grave erro e de descoñecemento da loita antifranquista en Catalunya. Alguns dirixentes de IC, como o europarlamentario Antoni Gutiérrez Díaz ou a deputada autonómica e avogada Magda Oranich, foron moito máis duros nos seus propósitos. O deslizo do líder de IU, que tamén afirmou que a burguesía catalá é a peor de España, puxo novas trabas no camiño político que quer percorrer IC. A formación que dirixe Rafael Ribó, cuxas relacións políticas e persoais con Anguita non son boas, xa non o tiña fácil en Catalunya: No seu seo coexisten, ademais de varias liñas políticas, dous grandes sensibilidades no tocante á cuestión nacional: unha, representada por dirixentes e militantes que asumiron con naturalidade o feito nacional catalán desde unha perspectiva progresista e de esquerda e manteñen unha relación cordial con ERC e o mundo do independentismo. Outra, cercana ás tesis de Anguita e que considera que o nacionalismo é unha reivindicación burguesa e de dereita.

A campaña anticatalanista desatada foi ben aproveitada por Pujol e tivo un efecto aglutinante na sociedade catalana



Unión Fenosa

MANUEL CAO

Certo grupo musical galego anticipou co nome arriba indicado o futuro da célebre fusión por absorción da compañía madrileña Unión Eléctrica e da galega Fenosa. Os desinvestimentos de Unión Fenosa na Galiza parecen xa afectar ao edificio orixinario de Fenosa na Coruña, que pretendía ser vendido á Xunta de Galiza para centralizar os servizos administrativos delegados. Non parecía unha má solución dada a precariedade das instalacións da Xunta na capital herculina senón for poque, aparentemente, significaba apoiar o desmantelamento da empresa na Galiza.

Antes de nada, sen entrar na orixes e evolución histórica da Fenosa, convén resaltar a grande relevancia que tivo na Galiza o grupo Pastor-Fenosa no impulso de actividades empresariais, sociais e culturais moi importantes nun país maltratado pola actuación política do Estado.

Nos últimos anos os grupos empresariais de tipo familiar víronse afectados por unha problemática similar que deu lugar a solucións diferentes. O alto grao de innovación tecnolóxica é a internacionalización da economía obrigan á empresa a ser áxil, rápida e eficiente na toma de decisións e a súa posta en práctica, comportamento que se ve dificultado pola mistura e diversidade de intereses no interior dos grupos familiares. En Cataluña as empresas familiares constituíronse e actuaron como grupo de presión e, por exemplo, agora vémolos reclamando diante do Goberno determinadas medidas que atendan a súa problemática concreta. Noutros lugares, na maior parte dos casos, os grupos empresariais familiares dividíronse ou acabaron por vender a súa empresa ao grupo multinacional máis interesado, refuxiándose nos sectores financeiro-inmobiliarios, quer dicir, converténdose en rentistas. Só algunhas empresas foron capaces de diversificarse, profesionalizarse e aceptaren o reto de competir nun mercado europeo e mundial cheo de perigos e de oportunidades. Temos en Galiza varios casos de empresas de raíz familiar que nen perderon o contido galego nen perderon a batalla do mercado senón que, paseniñamente, mantéñense ou avanza posicións. De todos os xeitos, a práctica inexistencia dunha burguesía propia é, xa se sabe, un dos problemas máis sérios da economía galega con consecuencias político-sociais evidentes.



‘A alianza coa Unión Eléctrica tiña que levar inevitabelmente a unha maior desgaleguización —xa escasa— da empresa’

No caso da Fenosa, estamos diante dunha empresa de raíz familiar que dificilmente pode avanzar posicións situada nun sector regulado polo Estado e que xa fixo a maioría dos investimentos produtivos en tempos pasados, polo que a capacidade produtiva instalada xa non aumentará significativamente. Ademais, as tecnoloxías utilizadas, importadas dos países avanzados, tenden a aferrar postos de traballo en tarefas de produción, distribución e comercialización enerxética. A alianza coa Unión Eléctrica tiña que levar inevitabelmente a unha maior desgaleguización —xa escasa— da empresa pois, non nos enganemos, a mesma razón pola que "La Coruña" suplantou á Coruña fai que Unión Eléctrica se impona sobre Fenosa. Polo demais, sería sorprendente que a súpeta inquina dalgún meio contra a dirección de Fenosa tivese algunha relación de afinidade coa Galiza e os seus presuntos intereses.

DEMOGRAFIA E DESENVOLVEMENTO

O recoñecimento do papel da muller, principal avance da conferencia Os países de maior demografía, principais obxectores do documento da ONU sobre a natalidade

O recoñecimento do dereito da muller a intervir nas decisións que afectan á súa vida considérase o logro sobranceiro da III Conferencia sobre

Povoación e Desenvolvemento da ONU. Contodo, os países que están na cabeza do crecemento demográfico son os principais

obxectores do *Plano de Acción* acordado no Cairo co que as Nacións Unidas queren frear o crecemento da poboación nos vindeiros vinte anos.

■ G. LUCA DE TENA

O obxectivo dos países industrializados nesta nova asemblea demográfica mundial, era evitar que se reproducise o choque frontal cos países pobres, a discusión sobre as causas económicas do atraso que xa botaran por terra as dúas reunións denanteriores. No Cairo, o Norte centrou a súa estratexia na defensa da *libre elección* dos nacementos, o que significa por si un avance democrático de importancia con relación á postura fundamentalista do goberno Reagan na asemblea de México.

Pero tanto na defensa que Estados Unidos fixo da maternidade responsábel no Cairo, como na proposta hiper-liberal dos reaganianos en México, de non intervir desde a ONU nas tendencias demográficas, o que se procuraba era non falar da situación económica do mundo. A conseguilo contribuíron os dous adversarios oficiais do Norte nesta conferencia: o Islam e o Vaticano. A discusión parecía así polarizada entre *progresistas* do Norte e *retrógrados* do Sul.

Unha análise non superficial dos debates, contodo, revela que o Vaticano asume o fundamental do *Plano de Acción* (só recusou o aborto) mentres a maioría dos países musulmanos expresaron unicamente reservas parciais.

Non son de estrañar as mostras de entusiasmo do vice-presidente dos Estados Unidos, Al Gore, que calificou a conferencia de *éxito formidábel*. É a primeira vez que os países do Norte impoñen os seus criterios e evitan que o Sul coloque o colonialismo no centro da declaración final.


Alguns países do Norte calificaron a cita do Cairo como

Conferencia das Mulleres. Segundo as súas declaracións, a muller saía destas sesións, nas que participaron representantes de 182 Estados, convertida por fin en protagonista da planificación familiar. Unha delegada do Paquistán correxía esta opinión: "O que se admitiu no Cairo é que non se pode abordar ningún problema da sociedade, quer a demografía, quer o atraso, sen recoñecer a importancia clave da muller; é un progreso a defensa da educación e da libre elección, pero no Cairo non se recoñeceu que o poder segue nas mans dos homes".

A factura do atraso

Pola primeira vez, unha conferencia sobre demografía cuantifica as cantidades que compren para converter en realidade os obxectivos do documento final. De acordo coa súa posición a prol de estender o control da natalidade a todo o mundo, o Norte votou por adicar axudas económicas á planificación familiar. Varios países do Sul interviron a prol de entregar recursos á educación e a sanidade. Pero os países industrializados queren que a parte principal dos máis de dous billóns de pesetas do plan demográfico quinquenal vaian a limitar os nacementos.

En total son 32 os Estados que expresaron reservas ao documento final, o que significa que o 18 por cento dos participantes (entre os que están as áreas de maior índice de crecemento do mundo) conservan o dereito a modificar as prescricións demográficas das Nacións Unidas de acordo coa súa propia cultura ou credo relixioso. Quitando excepcións, África e América Latina insisten en que o problema demográfico é antes unha cuestión de desenvolvemento do que de índices de poboación. ♦



GRAIG SILLITOE / BLACK STAR

0 BLOQUEO DE CUBA

Washington deixa a porta aberta para establecer relacións regulares Cuba obriga a Norteamérica a revisar o derradeiro bloqueo da Guerra Fria

■ G.L.T.

O acordo logrado pola diplomacia cubana para conter as fugas por mar sinala o comezo dunha nova relación co goberno de Washington. O bloqueo da illa ábrese en dous aspectos de importancia: o número de permisos de entrada que concederá anualmente a oficina de intereses norteamericanos na Habana e os sinais por parte de Washington de que a porta fica aberta para restabelecimento de relacións regulares entre os dous Estados.

Washington declarara a guerra a Cuba despois que o goberno de Castro fixera público o carácter socialista da revolución, no ano 1962. Desde aquela a es-

tratexia norteamericana foi a sabotaxe (bombas incendiarias nos enxeños de sucre, propagación de pragas do campo, etc.), o armamento dos *contras* exiliados, a intervención militar directa, derrotada en Cochinos, e o bloqueo naval.

Despois da caída do muro de Berlín, os Estados Unidos modificaron a prescrición de bloqueo contra Vietnam. Apesar de que esta decisión abría unha incongruencia de vulto na política exterior norteamericana, as reclamacións contra o bloqueo a Cuba foron ignoradas. A diferenza de Cuba, Vietnam non foi obxecto de campañas de propaganda contrarias ao seu goberno. A diplomacia de París soubo defender a súa ex colonia das

presións dos Estados Unidos ao tempo que Vietnam se convertía nun dos principais clientes asiáticos da tecnoloxía francesa.

Pero o goberno español non só non exixiu que cesase o bloqueo senon que secundou durante moitos anos a política de intervención dos Estados Unidos. Nen sequer nos días críticos das balsas cesou o goberno de Madrid de censurar publicamente a política de Cuba. Mitterrand lembraba no entando que o primeiro dereito de Cuba era sobrevivir e exixía que cesase o bloqueo co que relegaba a Felipe González no lugar dun correspondente colonial impoñente para reivindicar sequer o respecto sobre unha área de cultura común.

Unha referencia


Castro impuxo os seus criterios aos Estados Unidos apesar de que a diplomacia española o consideraba na situación irremisibel do perdedor. A graduación da fugas aumentou precisamente na véspera das lexislativas norteamericanas e converteu ao goberno de Clinton en responsábel da vida dos balseiros fronte a opinión pública. A atrapada solución de encerrar aos fuxidos na base militar de Guantánamo sinalou a inflexión da crise. A importante rede de medios de comunicación do partido demócrata comezou a editorializar sobre a irracionalidade do bloqueo como estratexia contra o goberno cubano.

Só a partir deste momento está disposto o goberno de Madrid a recibir a Roberto Robaina. As palabras do ministro de Asuntos Exteriores cubano acusaban tamén á diplomacia vigaia española: "A Revolución vive un dos seus momentos máis duros a causa dun enorme nivel de agresividade. Ao bloqueo brutal dos estados Unidos sumouse a caída do bloco socialista que non obrigou a reconvertir a nosa industria".

Robaina dixo que o límite de Cuba a toda negociación estaba no seu dereito á independencia e sinalou que o que está a levar adiante o goberno da Habana está dirixido a dez millóns de cubanos pero tamén por *manter unha referencia no mundo*. ♦

POLÍTICA INSTITUCIONAL

Foi quen nas últimas dúas lexislaturas protagonizou os enfrontamentos máis fortes que se produciron entre o PSOE e PP na cámara galega. Tamén a persoa á que, derrotado Sánchez Presedo, elevaron á categoría de bode expiatório os seus propios compañeiros do PSdG. Pero Agora Miguel Cortizo non só é o Presidente do Grupo Socialista na cámara galega, senón que se converteu en portavoz despois da dimisión de Fernando Salgado. Nesa condición intervirá no próximo debate autonómico, "segundo a liña marcada polo partido pero de clara oposición a Fraga", pois non está de acordo coas leituras que algúns fan do último congreso.



Miguel Cortizo

'O papel de alcalde non pode condicionar á dirección do partido'

■ ALFONSO EIRÉ

Como definiría a actual situación do PSOE?

Difícil e complicada. Pero o partido non está en risco de descomposición, como afirmaba a semana pasada *A Nosa Terra*, ou como lle aconteceu a outras forzas políticas. O nacemento e pervivencia do PSOE non está en función de determinados intereses persoais ou de grupos económicos.

Ainda así, temos que coidar máis a imaxe, o comportamento que tivemos nos últimos meses cara o exterior non foi edificante. Penso que agora estamos a entrar nunha fase de máis sentido común.

Que van mal os ventos eleitorais é óbvio. Os casos de corrupción tiveron para nós un custo terríbel. Cando caen os resultados eleitorais, xurden as desavenencias internas, os desacordos, saíndo á luz todas as discrepancias larvadas. O problema agravábase cando non se manteñen as canles internas axeitadas para discutir estas diferencias. A loita polo poder dentro dun partido tamén é lóxica, outra cuestión é como se leva a cabo esta loita. Debería haber xeitos de actuar que estivesen prosritos.

E lóxico que unha estrutura partidaria con máis de cen anos de historia resista mellor que o fixo UCD. Ainda así, non só hai abandonos continuos,

'Nen o grupo n... van permitir q...

Vostede vai ser o portavoz parlamentario do PSOE no próximo debate da Autonomía. Afirmouse que unha das peticións de Fraga a Francisco Vázquez despois de saír este eleito Secretario Xeral foi a de que non lle permitise a vostede esa función parlamentaria. Agora a dimisión de Fernando Salgado lévao a vostede a exercer de portavoz. Pensa que dalgún xeito pode condicionar o debate a súa presenza?

Resúltame difícil de crer que Fraga pedise esa exclusión, pero tamén que compañeiros meus aceptasen entrar nesa dinámica. O meu traballo emárcase totalmente dentro das liñas deseñadas polo partido. Sempre coordenei a miña labora coa dirección.

A Fraga non lle importa, creo, quen sexa o portavoz. Ese debate non deixa de ser un debate máis. Dado o control que o PP exerce sobre a sociedade civil deste país e sobre os medios de comunicación, se o

senón
na Ga
tallad
muni

Esa te
de po
prete
cipali
mente
non d
que c
munic
sente
munic
própr
partid
xunto

O PS
dun p
dun p
a care
Galiza
poten
se se

A co

Pero
das c
quez
den e
des. C
mo a
rritóri

Pensa
mo un
país r
o parti
global
máis r
a Gal
ser a
que s

'A
do
co
no
de

debat
dencia
acoch
da que
pático
correc
sar qu
que ou

Afirm
estrat
congr
de ca
mento
go as
auton

O nos
mente
sanida

'P
del
de
BN

senón que o PSOE dá a imaxe na Galiza de ser un partido artellado ao carón de intereses municipalistas.

Esa teses expúxose con claridade por algunhas persoas que pretenden un partido máis municipalista. É unha opción perfectamente lexítima. Persoalmente non defendo esa opción, aínda que considero que os intereses municipais teñen que estar presentes. Pero esa liña política municipalista limita a acción do propio partido de xeito global. O partido ten que pensar no conxunto de Galiza.

O PSOE debe adoptar a fórmula dun partido para Galiza, máis alá dun partido municipalista. Esta foi a caréncia que tivo o PSOE na Galiza desde sempre. Hai que potenciar a vocación galeguista se se quer ter futuro.

A corrente municipalista

Pero os principais dirixentes das correntes, Francisco Vázquez e Carlos Príncipe, coinciden en falar da Galiza das cidades. Conceben as cidades como a fórmula para artellar o territorio.

Pensar na Galiza das cidades como un xeito de vertebración do país non é contraditorio con que o partido teña unha concepción global da Galiza e se galeguice máis na súa acción política. Pero a Galiza das cidades non pode ser a única vertebración, aínda que si unha fórmula de empuxe

‘A situación do PSOE é difícil e complicada, pero non está en fase de descomposición’

Grupo nen o partido

‘... permitir que deixemos de facer oposición’

debate tiver algunha transcendencia, xa se encargarían de acochala. Por outra banda, aínda que non sei se lle resulto simpático, o trato comigo sempre foi correcto. Sería presuntuoso pensar que eu lle vaia molestar máis que outro.

Afirmaba anteriormente que a estratexia emanada do último congreso do PSOE non se pode calificar de non enfrentamento co PP. Cales van ser logo as liñas xerais deste debate autonómico?

O noso programa diverxe claramente do do PP, no ensino, na sanidade, no medio ambiente, na

‘Penso que neste debate o PP débese de meter máis co BNG que connosco’

‘Hai membros das xuventudes que están obsesionados por faceren carreira política’

na medida na que teñen un nivel máis alto de desenvolvemento.

Outra das diferéncias internas no PSOE está en que sectores do partido e as Xuventudes Socialistas propugnan un maior achegamento ao BNG. Aí está a participación na manifestación no Día da Pátria ou nos actos de Galiza Mártir. Que lectura fai destas actuacións?

Cando as Xuventudes decidiron asistir á manifestación do 25 de Xullo convocada polo BNG, penso que cometeron un erro político. As circunstancias de conflito interno no que estaba o PSOE non precisaba destas axudas. Tampouco explicaron ben os motivos. As interpretacións foron varias, pero prexudiciais para o partido. Ben é verdade que a xente máis nova é a que ten que aportar solucións de choque, polo que non hai que facer *casus belli*. O problema da xuventude é o pasotismo ou de seren aprendices de políticos. Ese é un papel ridículo.

Semella unha crítica directa a David Balsa...

Teño visto en moitas persoas que están en moitas xuventudes doutros partidos. Alguns están obsesionados por faceren carreira política.

O último congreso do PSdG

Despois do último congreso do PSdG, Francisco Vázquez expu-

xo a idea de que ian levar a cabo un menor enfrentamento co PP. Non vai en contradición esta política coa idea do PSOE de facer das cidades o seu bastión para recuperar o poder? Para conservar algunhas destas alcaldías presumiblemente van ter que acadar pactos, e non co PP precisamente. Como contempla a contradición, polo menos aparente, destas dúas pretensións?

Non concordo que nas liñas básicas do noso último congreso se aprobase unha política de menor enfrentamento co PP. Esa non foi a filosofía que se aprobou. Sempre mantivemos unha oposición construtiva. Non fixemos unha política de acoso ao PP. Esa idea acuñárona desde a dereita. Se hai que falar dunha política do *non*, sistemático, da intolerancia, esa foi a que fixo sempre o PP na Galiza.

Pode xurdir unha contradición pola presenza da dirección do partido de alcaldes de grandes cidades. Os alcaldes teñen que manter coa administración autonómica unha relación para sacar investimentos e axudas para os seus concellos. Ao mesmo tempo, ao ser dirección dun partido da oposición, que, polo tanto, se debe de opor a moitos planos do Goberno, xurde un conflito de intereses. Resolver esas contradicións depende da habilidade política de cada quen. O labor dun alcalde non pode verse condicionada por ser membro da dirección dun partido, pero tampouco ao contrario, non debe condicionar o papel na dirección por ser alcalde. O equilibrio é complicado, pero a xente cando se mete nun tema supoño que terá a fórmula para saír con ben.

Os intereses municipalistas semellan pesar tanto que o mesmo Secretario Xeral do partido, Francisco Vázquez, cavila a posibilidade de abandonar o PSOE e facer un partido galego cun corte aínda máis municipalista.

Sobre as operacións de novos partidos e outra caste de operacións políticas, sempre hai moitas espe-

culacións. A historia da autonomía é pródiga nestas especulacións, pero tamén hai feitos concretos. Eu non faría nengun comentario a este respecto se o alcalde da Coruña non tivese manifestado nun libro de conversas esa posibilidade que vostede apunta. Francisco Vázquez recoñecía, a título persoal, que podería pór en marcha un novo partido. Tendo esa idea, non entendín moi ben como liderou a un sector do PSOE para tomar a dirección. Supoño que unha vez que se compromete na dirección do partido, ten abandonada esa idea, que acatará o que o congreso decidiu. Discrepancias á parte, sempre o considerei como un *home de partido*.

No grupo económico coruñés que apoiaba a Francisco Vázquez e que podería financiar ese seu proxecto autónomo están a aparecer discrepancias. Aí está o problema da Cámara de Comercio, a diferéncia de intereses de *La Voz con Fenosa* e outros enfrentamentos familiares. Como pode influir isto na política galega?

‘O papel de alcalde non pode condicionar á dirección do partido’

Teño pucos dados do que está pasando na Coruña. O que está claro é que os intereses económicos acaban sempre por confluir. Sempre se poñen de acordo para posibilitar operacións. A Coruña non é distinta. Non sei se na Coruña funcionaban de xeito coordinado ou se tiñan a súa propia alternativa política. Si escoitei rumores. Pero, se ese grupo existiu, semella que hai discrepancias nos bastións principais. Orabén, tamén cabe preguntarse canto tempo van tardar en resolver esas discrepancias. ♦

‘Hai unha certa cultura de compadreo político’

Vostede convidou a cear a Fraga á súa casa ao comezo da andaina galega do ex ministro. Agora Fraga ten duros calificativos para vostede. En que mudou Miguel Cortizo desde aquelas?

En nada. Sempre mantiven a mesma tónica. Despois da cea non collín o *Sindorme de Estocolmo*. Moita xente non se in-teirou de cal era a orixe da cea, por iso a malinterpretaron. Criticara nun artigo que Fraga se fixese publicidade a costa de ir cear a casa de labregos, obreiros, etc. Titulaba o artigo, “Señor Fraga, está vostede convidado a cear”. El contestoume dicendo que aceptaba.

Pero o certo é que daquelas alababan o seu talante dialogante e, agora, os do PP bótáronlle unha fama moi má.

Supoño que é polo meu xeito de ser. No Parlamento un ten que dicir o que ten que dicir, independentemente de afinidades persoais. Aquí convivimos todos, vémonos no bar... É difícil subir á tribuna e criticalos. O máis cómodo sería compadrear. Poda tamén que sexa un pouco violento dicendo as cousas, pero, ao mellor, a culpa non é da forma da exposición, senón de que certas denuncias son difíceis de asumir e, cando as dis, levantan bronchas. A miña dureza non está en como o digo, senón no que digo. Os problemas aparecen cando levantas actuacións totalmente impresentábeis.

Non pode existir unha certa cultura, froito da transición, na que priva o compadreo político e hai cousas, cada vez máis, que non se poden mencionar publicamente?

Algo diso hai en xeral. Pero penso que o cerne está en que os políticos, aínda de ideas contrarias, convivimos moitas horas e non temos por que levarnos mal persoalmente. Cando chega o momento do enfrentamento dialéctico é normal que custe pór en solfa a determinadas persoas. Pero hai que esquecerse das relacións persoais.

Onde hai máis carga negativa, no senso que falabamos anteriormente, no Parlamento ou na Universidade?

Penso que na política. Na Universidade a dedicación é máis vocacional. Estar na equipa reitoral non supón un cambio de traballo propiamente dito. Sempre se afirma que a Universidade está politizada. Penso que é unha frase bastante estúpida. Politizado está todo. Falar de politización é un recurso simple que ven de xente que estivo toda a vida mangoneando. A politización da Universidade non se pode utilizar de xeito perverso. ♦

‘A dirección do PSdG debe contribuir a marcar as liñas xerais do debate’

menos, debe contribuir a marcar as liñas xerais.

Vostede fala de galeguizar o partido. Precisamente a liña de resposta do PP ao PSOE nos últimos debates na Galiza é poñelos en contradición co realizado en Madrid. Como pensa superar esta fenda na súa posición durante o debate?

Semella que nós fôsemos culpábeis de todo. O PP utilízao demagógicamente. Eu non vou falar en nome de Madrid. Son parlamentario galego e vou intervir en nome dos nosos eleitores galegos, do partido na Galiza. As contradi-

cións están aí, pero non por iso vai deixar de ter o mesmo valor o que eu digo. Demagoxia por demagoxia tamén os poden pór a eles diante da mesma imaxe. Se unha cousa está mal aquí, non vai deixar de estalo porque un compañeiro meu, ou o partido en Madrid, defenda outra cousa distinta da que eu defendo. Non me sinto prisioneiro de Madrid. Cando actuo na Galiza actuo sen nengunha presión de Madrid nen do partido. Penso que neste debate se deben de meter máis co Bloque que connosco.

Pero a elección do BNG como única oposición por parte de Fraga, tamén podería deixarlle ao PSOE un saldo negativo neste debate.

Non me preocupa o posicionamento de Fraga nese aspecto. Só me preocupa que o que nós digamos teña reflexo na sociedade, que o saibamos expor e que sexamos capaces de dar unha alternativa. O que non consiga eu por min mesmo no debate non nolo vai dar Fraga. ♦

TOPONÍMIA DE CORUNHA NÃO HÁ MAIS QUE UMA

XAVIER VILHAR TRILHO

Igual que mãe não há mai que uma, corunha nã tem mais forma toponímica que uma, a galega, as denominações espanholizadas *La Coruña*, francesada *La Corogne* e anglicizada *Corunna* não são mais que traduções ("tradutore, traditore"), que encontramos nas tortuosas ruas da assimilação cultural, da autocolonização e dos toscos esforços dos estrangeiros por adaptar foneticamente o dito nome galego às suas línguas próprias. Por isso, Corunha não deve utilizar oficialmente mais que a sua denominação galega. Parafreseando aqueles versos de Rosalia de Castro, diríamos-lho com estas palavras: "Pobre Corunha, não deves / chamar-te nunca na forma espanhola / que Espanha de ti se esquece / quando em galego és, ai!, tão formosa".

Aliás, hoje em dia o único nome legal de Corunha é o galego ("Os topónimos de Galiza terão como única forma oficial a galega", art. 10.1 da Lei de Normalização Lingüística). Uma cidade de tradição liberal como Corunha deve respeitar um dos princípios basilares de todo Estado liberal de direito, o princípio de legalidade. Os cidadãos corunheses não devem seguir o antiliberal exemplo de não respeitar as leis, do que deram provas o Presidente da sua Câmara Municipal, a Direcção Geral de Política Lingüística da Junta e até o Presidente do Real Clube Desportivo de Corunha (também porta-voz municipal do PP) de propugnar desde posições de responsabilidade pública a não aplicação da legalidade vigente em matéria de toponímia, pois defendem o uso só da forma espanholizada ou o da denominação bilingue *La Coruña/A Coruña*, usos que não são legais. Nem sequer cumprem as leis que eles mesmos aprovaram. Estranhas autoridades estas que não fazem o que têm que fazer toda autoridade: cumprir e fazer cumprir a lei. No caso da Direcção Geral de Política Lingüística chega-se à absurda contradição de sustentar, "dentro do respeito do cumprimento da lei e das sentenças", o excluir "aqueles que pretendem soluções de imposição irracional das

normas e que desejarium actuações coactivas no terreno lingüístico". Desde quando as leis não têm carácter coactivo e desde quando exigir a aplicação da lei é uma imposição irracional?

Ao Sr. Lendoiro haveria que lhe perguntar se não seria supérfluo e ridículo usar as denominações bilingues *Corunha/La Coruña* e *Real Clube Desportivo/Real Club Deportivo*. Para espanhol já chega o *Real Club Deportivo Español de Barcelona* (que provocação chamar-se espanhol em Catalunha!); o nossa, como equipa galega que é, não precisa ter um nome bilingue em galego e em espanhol, avonda-lhe com o galego de *Real Clube Desportivo de Corunha*. Aliás, Sr. Lendoiro, com o que pouparia em rotulações unilingues em galego, poderia Você contratar outro jogador como Kostadinov. Pela via do bilinguismo o *Despor* nunca chegará ser máis que um clube. Também não os cidadãos de Corunha devem secundar a esquizofrénica posição do Presidente da Real Academia Galega e Delegado do Governo em Galiza, que como tal académico pensa que o topónimo acertado é *A Coruña*, mas que não se pronuncia —parapeitando-se ladinamente n facto de que está *sub iudice*— sobre o aspecto legal, algo precisamente que, como autoridade, tem que dizer que cumpre e faz cumprir entretanto os juizes não digam o contrário.

CORUNHA, NÃO A CORUÑA

Claro que o esperpéntico do caso está em

que a própria fórmula galega que se propõe, inclusive pela maioria dos nacionalistas galegos, continua a estar espanholizada, desde o momento e hora em que *A Coruña* é uma fórmula, que, por continuar a ter por referência a totalmente espanholizada *La Coruña*, não é mais que o seu negativo. Quantas vezes os delineamentos dos próprios nacionalistas galegos são prisioneiros das posições contrárias que dizem combater! Parece que a fórmula correcta a propor teria que ser *Corunha*,

sem artigo (igual que *Porto* não *Oporto*, *Ferrol* não *O Ferrol*) e grafada com o dígrafo NH e não com a tão espanhola letra Ñ. Teríamos que cometer não só o *elucidio* (supressão do *ñ*), que tanto teme o sociolinguista "de silveira" Carlos Luis Rodríguez, senão também um *acídio* (supressão do *A*), um "eñecidio" (supressão do *ñ*) e —para compensar tanto letracídio— ressuscitar os irmãos siameses do NH.

Inclusive desde uma perspectiva espanhola seria perfeitamente assumível que a única forma toponímica dos lugares de Galiza fora a galega.

Isso não afectaria para nada a hegemonia do espanhol nesta parte do Reino de Espanha que conhecemos por Galiza, da mesma maneira em que nos Estados Unidos de América a conservação dos topónimos indígenas autóctonos ou hispanos (*Dakota*, *Iowa*, *Los Angeles*, *San Francisco*, etc.) não afectou à supremacia do inglês. Simplesmente, a defesa da toponímia única e exclusivamente em galego constituiria uma nota de curiosidade exótica, que reforzaria a "variedade dos ho-

mens e das terras de Espanha". Por essa dimensão "enxebrista" de toda toponímia, o único preceito realmente normalizador da Lei de Normalização Lingüística —o já citado art. 10.1, que estabelece que os topónimos de Galiza terão como única forma oficial a galega— não tem, por si mesmo, uma grande transcendência normalizadora, mormente imerso como está na maré das restantes disposições legais pseudonormalizadoras ou desnormalizadoras da legislação vigente.

Também não é questão de que os cidadãos de Corunha decidam num referendun —como propõe o inclito e úberrijo jornalista Carlos Luis Rodríguez, partidário da autodeterminação toponímica de Corunha mas não da autodeterminação política de Galiza— qual é o topónimo correcto de Corunha. Há muitas coisas que não se devem submeter a votação. Não teris sentido submeter a votação se a Terra é redonda, se o princípio de incerteza de Heisenberg é incerto ou se Deus existe. O nome dos pais não se vota, se respeita. Podemos designa-los com apelativos carinhosos ou ditirámicos, do mesmo jeito que à cidade de Corunha podemos chama-la "cidade cristal", "Marineda", "cidade herculina", "Brigantium", "cidade na que ninguem é forasteiro", mas sem lhe mudar o seu nome de pia baptismal. Os corunheses que mudaran Corunha por *La Coruña* sim que seriam forasteiros na sua própria cidade. Corunha não sejas estrangeira na tua própria Terra! Os corunheses suficientemente informados e nacionalmente conscienciosos acabariam com o passo do tempo por assumir espontaneamente a única toponímia correcta da sua cidade sem necessidade de ter que votar, num referendun, a favor ou em contra de uma ou outra versão toponímica. Eu, se me deram escolher, já hoje saberia o que escolheria: entrar na Corunha de noite com só a toponímia correcta galega e não entrar com as duas (galega e espanhola) de dia. ♦

XAVIER VILHAR TRILHO é Professor da Universidade de Santiago

MULLER E DEPORTE

NAVRATILOVA, UNHA DIGNA LENDA DO TENIS

MONICA BAR CENDON

Sorpendedunos positivamente o Premio Príncipe de Asturias 94 outorgado á tenista norteamericana Martina Navratilova, considerada polo xurado unha "lenda do tenis" que será recordada como unha das mellores deportistas de todos os tempos e a primeira muller que reciba este galardón. Méritos deportivos delátana como a primeira do tenis mundial durante máis de dez anos, ata que no presente decidiu retirarse da competición, tras a final de Wimbledon. No seu haber máis de 50 campionatos ganados, 18 individuais do Grand Slam etc... Pero o premio tamén se debe a súa labor humanitaria en favor da infancia.

Este galardón non é unha banalidade, considerando a demora con que as mulleres se incorporaron ao mundo do deporte. Compre saber que en moitos países islámicos aínda agora a muller ten vetado a práctica deportiva. E no Estado español, durante case 40 anos de estancamento, non había outra opción que practicar ximnasia sueca, que de deporte tiña o nome. Así que as nenas deste país, criáronse ollando con enveja as proezas que facían nos Xogos Olímpicos as deportistas dos países do leste, as ianquis, etc... En definitiva, o libre acceso, a promoción e a potenciación do deporte feminino son recentísimas. As campioas como Arantxa Sánchez Vicario ou Conchita Martínez non se improvisan. Mesmo tendo en conta que gran parte da súa formación sexa

foránea, son en definitiva, logros do progreso social producido pola democracia. E tampouco é por casualidade que este progreso coincida cos avances acadados polas mulleres nos últimos tempos. Posiblemente, nen as propias protagonistas sexan conscientes destes feitos, pero é indiscutible que, en realidade, son a punta do iceberg.

UNHA SOCIEDADE EN CONTRA

Regresando á protagonista, a lenda Navratilova está inzada de batallas en solitario nas que a atleta soubo sempre conservar a dignidade persoal dentro e fóra da cancha. Coa mesma integridade que confesou publicamente o seu lesbianismo, tivo que afrontar moitas de descalificacións tanto dos medios de comunicación como dos seres queridos. Navratilova foi quen de plantarlle cara á sociedade retrógrada que non aturaba a un ser que rachaba os códigos morais establecidos, pero os seus triunfos deportivos non lle restaron fracasos e xogadas na vida privada. O escándalo

estoupou cando a súa ex noiva chanta-xeouna con publicar intimidades da vida en común se non accedía a concederlle unha cantidade desorbitada de dólares a cambio da separación. Os medios sensacionalistas aproveitaríanse deste fracaso amoroso exhibindo dun modo rasteiro as bágoas de Navratilova.

Parece ser que cada paso na vida de Martina foi obxecto de discordia. Certo xinecólogo, un moralista trasnoitado e reaccionario, negouse a facerlle a inseminación artificial, por cuestións éticas. E logo non tivo reparos en facerlla a unha muller de 63 anos. Probablemente, nin ese doctor nin o Vaticano, nin certas xentes que se autodenominan progresistas, queguen a respectar a súa opción sexual (nin a liberdade sexual de ningunha muller), pero de feito Navratilova fixo da súa capa unha saia e dos seus cartos unha Fundación dedicada a recoller criaturas desproteixidas ou abandonadas pola familia, esa institución que o Papa está tan obsesionado en mater por riba de todo.

‘Foron necesarias as probas hormonais, comprobando que “a pesar de ser muller” e de non doparse, era unha deportista extraordinaria’

Pero ademais das críticas morais que lle choveron á deportista, ata o seu físico foi posto en tela de xuízo. Fraca, desgarbada, con hiperdesenrolo muscular e certa ambigüidade no rostro, non cumpría tampouco cos cánones de feminidade física nen "estética" establecidos. Así que foron necesarias as probas hormonais, comprobando que "a pesar de ser muller" e de non doparse, era unha deportista extraordinaria. (Sospeito que os encargados de facerlle estas análises á deportista nunca repararon nos regordetes que pasean pola praia, tan satisfeitos da súa humanidade como de que os seus peitos lles brinquen ledamente sobre a panza).

Coido que, ademais de valorar o mérito de Navratilova, se estimula con este premio ao tenis, un deporte onde a concentración e o respecto do público son ingredientes imprescindibles do xogo. No tenis non caben nin *Skin-Heads* nin *Ultras* coma no fútbol, que parece ser o único espectáculo que arranca paixóns ao público, porque non se potencia por parte de ninguén a violencia.

Martina terá moito que contar no seu libro, *Zona Total* que acaba de presentarse nos EE. UU., onde narra as súas peripecias deportivas, que quizais ilustren ás súas sucesoras, xa que indubablemente Martina Navratilova abriu un camiño inédito polo tenis feminino, cheo de triunfos, envexas pero moi especialmente de dignidade. ♦

AMPLIACIÓN DE CAPITAL

Se queres un periódico en galego, independente dos grupos de presión e se o queres xa:

faiite propietario

de A NOSA TERRA

Se vostede desexa ser ACCIONISTA debe ingresar o diñeiro da seguinte forma:

CONTADO:

■ Mediante cheque emitido a favor de A NOSA TERRA

■ Mediante ingreso nas contas seguintes:
304-501-3897-6 de CAIXA GALICIA O.P.,
30-9346-G do BANCO EXTERIOR O.P.
ou 40233801 de CAIXA VIGO O.P.,
todas elas de Vigo, especificando

"Ampliación Capital Social Promocións Culturais Galegas S.A. 4/1994", e nome, enderezo e NIF de quen o fai.

DOMICILIACION DO PAGO ATÉ 6 MESES

Contra o ingreso emitirase resguardo provisório até a entrega dos títulos.

PREZO DE CADA ACCION: 5.000 PTA.

Se vostede xa é accionista pode comprar un número de accións menor ou igual ao que xa ten ao prezo nominal de 5.000 pta. Se supera esta cantidade debe aboar unha prima de 5.000 por cada acción. Os novos accionistas pagarán a prima en todas as accións, polo que o prezo final de cada unha será de 10.000 pta.



*Agora está
na tua man*

ENVIE ESTE BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Sr. Director.

Rógolle que a partir desta data se sirvan atender con cargo á miña conta corrente/de aforro Nº..... os documentos de cobro que serán
apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. en concepto de compra de accións da seguinte forma: mensalidades de pta.

TITULAR DA CONTA

Nome Apelidos
..... N.I.F.
Enderezo
C.p. Localidade
..... Provincia
Teléfono Profesión

Banco/Caixa
Axéncia Nº Enderezo
Localidade
Provincia de 1994
..... a de
Asinatura do interesado



Calidade musical e tolerancia

Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

Confeso que despois de ler a carta que Emilio Españañero lle adica á tarefa profesional de Óscar Losada (ANT, Nº 629) entráronme unhas gañas terribes de respostar, entre outras cousas porque sigo o traballo xornalístico do Losada desde o ano 86 ("O regueiro das fadas" RNE) e coñeço a súa rigorosidade e o seu grande interese pola música folk.

Necesitan organizar entre os seus siareiros un cursiño acelerado de tolerancia e boas maneiras

Se non o fixen daquela foi porque o derroche de verborrea fundamentalista que empregaba o señor Españañero (*Exorcismo, infieis, lume divino, cruzada, inimigo demoníaco...* etc) fixo que me sentise incapaz de dar resposta a semellante dose de imaxinación.

Verá, señor Españañero, os meus coñecimentos musicais non me permiten entrar a xultar o último traballo de Luar na Lubre. Polo tanto sería moi pouco honrado pola miña banda rebater ou afirmar a crítica que deste disco fixo Óscar Losada. O que quero e recusar a ausencia de educación e respecto coa que algúns membros/defensores de Luar na Lubre nos "obsequiaron" durante este verán nalgún dos numerosos festivais de folk que houbo no país.

Cónstalle a vostede a presenza do Losada na última edición do Festival Cidade Vella de Compostela? Cónstanlle tamén as ameazas das que foi obxecto ao remate dun concerto, por parte dos integrantes desta "banda" ("pouco vas durar rapaz... etc.")? A min si, porque tiven o pracer de presenciar tan infantil comportamento no pub *As Crechas*. Igual que tiven o gosto de asistir ao festival folk de "O Couto" no que varios compoñentes deste clan increparon ao señor Losada desde o público con berros que, se ben pretendían desacreditalo, o único que acadaron foi amosar os seu desprezo cara a organización e cara a xente que alí se atopaba.

Tamén tiven a boa sorte de observar estes concertos extramu-

UNHA DISPERSA

XOSÉ CID CABIDO

En Italia, na cidade calabresa de Polistena, unha familia, pais, avós, tíos e primos, participaron no asasinato dunha nena de dous meses. Os pais, de 22 e 20 anos, aseguran que a nena tiña o demo no corpo e para sacarllo matárona a golpes. Hai quen pensa que, nunha sociedade avanzada, non calquera debería disfrutar do dereito a ter fillos.

Non importa a hora do día ou da noite, ímolo dicir unha vez máis, acendes o televisor coa inxenua pretensión de descansar a cabeza e atopas un anuncio de almofadas de plástico, unha corrida de touros, un partido de fútbol e catro pesados por se villanas. España. O cal explica que Anguita, para outros asuntos ferro quente ó que se debe agarrar a esquerda española, perda o sentido da orientación ó lle chamar a Pujol fascista. Andalucía, Madrid, queremos unha tregua.

Segundo a ONU o 20 % máis pobre da poboación mundial no 1960 empobreceu aínda máis cara 1990. Mentres o 20 % que no 1960 acaparaba o 70 % da riqueza mundial, no 1989 chegou a concentrar o 83 %. O neoliberalismo é un maná. Para o 20 %.

Dous escritores galegos tomados de seis en seis, repetido cada un tres veces, participan estes días nun acto cultural convocado por eles mesmos a través das amizades, co fin de promocionarse cara dentro e cara fóra da súa casa. Un pensamento taoísta di algo así: Para facer algo grande has de empequenece-lo, para empequenece-lo primeiro telo que agrandar. ♦

sicais na festa da Carballeira de Zas, onde unha vez máis o obxectivo deste grupo voltou ser unha persoa que poderá ser un bon ou un mao crítico musical, pero cuxa personalidade e educación fan que me sinta orgullosa de andar a perder o tempo con esta carta. E digo perder o tempo porque está claro que de onde non hai non se pode sacar e dubido moito, en vista desas

actitudes, que este grupo poda mellorar en algo o seu escaso nivel intelectual.

Señor Españañero, "como persoa vencellada á música folk" arremete vostede contra Óscar Losada e acúsao de discriminación contra os músicos que se atreven a "non veneralo". Tan importante e tanta consideración lle merece o traballo deste

profesional que para remediar semellante inxustiza érguese vostede en defensor a ultranza de Luar na Lubre (na súa carta non menciona a nengun outro grupo) e a súa quixotesca e "desinteresada" defensa chega até o punto de formar parte dese grupo ao que antes fixen referencia, e de marmuriar a súa constante consigna diante da presenza de O.L. no recente festival de Ponteceso.

Á vista da "variedade" de insultos que este clube lle ten adicado a O.L. durante este verán, estou por pensar que o claificativo de estancamento que lle atribue a L.N.L. está máis que xustificado. Supoño eu que as "cruzadas" e o "neo-caciquismo" musical que vostede rexeita na laboura do señor Losada deberían facerlle ser un pouco máis consecuente pero ao parecer non é así. É por iso polo que se entende perfectamente que tente vostede desacreditar a O.L. negando que, (tal e como afirmaba este) Mercedes Peón gañase o premio Mac Allan. A proba de que isto si foi así xa a veria vostede no Nº 633 de A.N.T., pero penso que un profesional como vostede e co-director dun programa de rádio non debería descalificar a outro compañeiro sen ben documentarse (falou acaso vostede con Mercedes Peón para confirmar esta noticia?) A menos que sen concepto de imparcialidade proceda do feito de que o outro Co-director dese programa é un membro de L.N.L.

Dadas as boas relacións que mantén con Luar na Lubre, pediríalle que lles transmitise a necesidade de organizar entre os seus siareiros un cursiño acelerado de tolerancia e boas maneiras. É posíbel que con iso non gañen en calidade musical pero si en tolerancia. Gracias. ♦

R.G.L.

Moi verde

Sr. Losada: Sirva a presente para lle facer unhas puntualizacións do seu comentario verbo do noso traballo discográfico, editado en *A Nosa Terra* de 1 de Setembro de 1994, o cal, como é lóxico, respeitamos.

Fala vostede de *valentía* ou *temeridade*, pero, non lle parece a vostede un exceso de *valentía* ou *temeridade* porse a falar da escasa experiencia e imadurez dos membros dun grupo musical sen tan sequer molestarse en coñecer a carreira musical dos seus membros e inclusive do mesmo grupo?

Como se pode comentar o traballo dun grupo comparándoo con outros grupos (aos que nós, por certo, admiramos), para facer unha crítica negativa do primeiro, cando a calquer grupo, mesmo a eses que vostede propagandiza, se lle podería facer unha crítica tan destrutiva e despectiva coma a que vostede nos fai a nós? Tamén destes grupos se pode facer, ao igual que vostede fixo con nós, unha exaltación do negativo e empalagoso das interpretacións que eles fan.

Respeito ao de *pica daqui e dacolá...* É que vostede entende unha gravación como unha obra que parte dun único *leit motiv*, do cal se abusa e redunda en todas as pezas até a saciedade creando unha grande monotonia




O escudo de Galiza, deseñado por Castelao, agora en insígnia.

Solicita a cantidade que desexes ao teléfono (986) 43 38 30 ou ben ao apartado 1371 36200 de Vigo.

Envía o importe total en selos de correos

P.V. P. 200 PTA UNIDADE



(Caso por certo dalgun dos grupos que vostede idealiza). O noso grupo non ten complexos nen atavismos para *picar daqui e dacolá*, porque pensamos, ao contrario do que vostede insinua que iso non implica unha carénzia de estilo próprio.

As pezas *verbeneiras* facémolas con moito orgullo, porque son a resulta dos contactos co público en directo, xa que nós non somos un grupo de "auditório", e non admitimos o termo *verbe-neiro* como algo despectivo. Se cadra si o é para vostede, acostumado ás grandes celebracións *folk* e ás músicas de *auditório*.

Habería que avergoñarse do traballo de Fuxan os Ventos, Os Tamara... por teren pezas verbeneiras?

Habería que avergoñarse do traballo de Fuxan os Ventos, Os Tamara, etc., etc. por teren pezas *verbeneiras*? Nós cuidamos que non, e que aí figura un dos grandes erros do que nós chamamos *purismos e complexos do folk actual*.

Gostariamos saber cal é a fórmula eficaz, da que vostede fala para "Túa nai é meiga". Gostariamos sabela precisamente para non facela, porque nós somos *Nordés*, e como *temos estilo próprio* queremos facer unha "Túa nai é meiga" tal e como a fixemos. *Mágoa que non dé atinado no que escribe*.

Fala da carreira dilatada doutros altos grupos, porque os coñece, pero, preocupouse de saber a carreira de *Nordés*? Recoñecemos que somos un grupo modesto e humilde, e precisamente por iso pensamos que a xente coma vostede debería ter un mínimo de sensibilidade, e, por suposto, respecto a un grupo que o que pretende é dignificar a música galega nunha comarca de Galiza nos que a música *folk* galega non existe nen a escoita ninguén, e á que grácias a *Nordés* se lle están abrindo as portas. A xente comeza a mentalizarse de que esta é a música propia nosa e escóitaa coma algo tan actual como pode ser o *pop* ou o *rock* e non coma a algo *antropozoico e restaurado* ouvíndose ali onde está a xuventude e tamén nas casseteiras da xente non tan nova.

Permítanos reseñarlle algunha das *moi poucas* actuacións do grupo: 30-05-92: Festival de musical tradicional Airiños do Xunco (Cervo). 06-08-92: Pub O Muiño (Cervo). 08-08-92: Festa da Tortilla en Celeiro de Mariñaos (Barreiros). 15-08-92: Festas patronais do San Roque (Cervo). 29-08-92: Festa da empanada en Xúbia (Narón-Ferrol). 05-09-92: Festas patronais en Quintela de Leirado (Ourense). 25-09-92: Pub O Muiño (Cervo).

PRÉMIO AOS NUMEROSOS

NANINA SANTOS

No Parlamento de Delhi han debater, en breve, un proxecto de lei que de ser aprobado prohibiría o acceso á función pública aos homes que casen antes dos 21 e ás mulleres que o fagan antes dos 18.

A proposta ven motivada polo agóbio que teñen coa natalidade tremenda do país, para o que propoñen retardar a idade matrimonial, penalizando a quen incumpra, entre outras sábias medidas.

Polos nosos pagos, Manolita López Besteiro anunciou que está pensando unha proposta para adiantar a idade matrimonial co obxecto de que teñan máis tempo e gañas de reproducirse, que aquí andan agobiados coa infima natalidade de galegas e galegos. Non sabemos, aínda, se buscarán algun xeito de premio aos que casen aos 18 anos ou 20, ou ben penalizarán aos cuarentóns e outros retrasados.

Outro tanto acontece alá e acá co da familia. Por exemplo, na China gábase e mesmo se premia ás familias de un vástago mentres que aquí están pensando en darlle honras, amén de títulos e outras medallas ás familias "numerosas" de tres fillos. ♦

23-04-93: Discoteca Katana (Burela). 01-05-93: Festa dos Maios en Vilafranca do Bierzo. 19-06-93: Festas patronais en Palmeiro (Xove) (Lugo). 11-07-93: Cadena Principales Ser. 16-07-93: Verín (Ourense). 18-07-93: Festas patronais de San Cibrao (Lugo). 23-07-93: Bar la Playa de Navia (Asturias). 24-07-93: Bar la Playa de Navia (Asturias). 04-08-93: Festival Folk de Castroverde (Lugo). 13-08-93: Pontedeume (A Coruña). 17-08-93: Festas do San Roque en Viveiro (Lugo). 21-08-93: Festa da Tortilla en Celério de Mariñaos (Barreiros). 30-08-93: Festa do San Ramón (Vilalba). 04-09-93: Festas patronais de Cicillón (Taboada). 07-09-93:

Festas patronais de Ribadeo. 04-10-93: Progama Galicia Enteira, da TVG, adicado a Viveiro. 15-10-93: Festas das San Lucas, en Mondoñedo. 29-10-93: Programa Luar, da TVG. 23-11-93: Programa "Desde Galicia para el mundo", da TVE. 11-04-94: Programa Galicia Enteira, da TVG, adicado a Foz. 09-07-94: Festa da Carne (A Estrada). 22-07-94: Bar de Freddy, en Espasante (Ortigueira). 29-07-94: Festas do San Cristobo, en Alfóz (Lugo). 03-08-94: Pub O Muiño (Cervo). 04-08-94: Festas de Lubián (Zamora). 05-08-94: A.C. Auriense (Ourense). 06-08-94: Festival Irmandiño, en Moche (A Coruña). 30-08-94: Festas do San Ramón, en Vilalba.

06-09-94: Programa "Desde Galicia para el mundo", da TVE.

Parece ser que vostede nen tan sequer encontra peza nengunha que pague a pena, senón tan só *alguns detalles* nunha. Non seña tan tremendista, e non nos intente indicar o camiño. Di que *destrozamos* "Unha noite no muiño", pero, non sei por que, danos no siso que vostede pretende nunha noite destrozarnos a nós.

Moito nos gustaría, pero cremos que non será posíbel, que se lle dese publicidade a esta carta en *A Nosa Terra*.

Agradeceríamolle que confrontase amistosamente con nós o antedito. Un saúdo. ♦

GRUPO NORDÉS

A ruina de Toén

No voso periódico, nº 637, había un bon artigo verbo da reforma psiquiátrica e outras cuestións relacionadas co tema da atención psiquiátrica, dun médico, Ramón Muntzaraz, o cal dame pé para unha cuestión ralacionada coa psiquiatria e a súa aplicación nos Psiquiátricos, tema que me preocupa bastante: a situación do hospital de Toén. O articulista chama sub-realista a este hospital; eu coído que é moito peor que iso, e temo que a súa situación non sexa unha excepción na Galiza.

Por diversas razóns (entre elas unha estancia de bastantes días debido a unha "perturbación depresiva"), coñezo o popular "manicómio de Toén", e un non entende como, xa a piques de entrar no século XXI, pode existir semellante "atención" aos enfermos mentais e como pode atoparse este hospital no estado material que apresenta.

Saise da problemática médica, pero a nosrmaalización lingüística en Toén (dependente da Xunta) é tan coñecida e tida en conta, como as xirafas en Finlandia: caríteis anunciadores e indicadores en castellaño, administración e burocracia no mesmo idioma,... cando a imensa maioría dos enfermos é galego-falantes. En segundo lugar, a situación material do hospital. Trátase de varios edificios vellos que, aínda que acondicionados, mostran algunhas deficiencias.

Paradójicamente, as únicas construcións modernas que pose o complexo, encóntranse totalmente abandonadas e nunhas condicións desastrosas, case

biógrafo de Brecht di que o autor da *Nai Carraxe* tiña faltas de ortografía na escrita e na alma, plaxiaba todo e non sabia nen cocer un ovo. Xa non hai **Muro** nen Estado socialista, pero queda Brecht. O seu teatro proe máis que a foto panorámica de Hoenecker.

Pujol parécese tanto a Franco como un ovo a unha castaña". Isto é o que pensa Inciativa per Catalunya das acusacións de Anguita ao presidente da Generalitat. Pero cando o líder da Izquierda Unida coloca a Galiza na **cultura mediterránea**, aos Ribó galegos parécelle poético.

Do ovo de Franco á castaña mediterránea hai unha distancia equivalente a que vai desde **El Glorioso Movimiento** deica **La rica multiplicidad de sus regiones**.

A Fundación Santa María fixo un inquerito entre a mocidade e sáelle nel que a xente nova declárase católica. Este resultado da consulta merece titulares en varios xornais galegos. A maioría dos interrogados tamén declara que o seu voto é para o **nacionalismo**, pero as redaccións dos xornais non consideran destacábel esta preferéncia política.

Ao ladrón de Murcia, detido en cousa de horas en Xenebra, fáltanlle cincuenta millóns. Varios atracadores de bancos galegos aseguran que están a pagar condea por moito máis do que roubaron. A versión oficial é que o ladrón minte sempre, pero no camiño entre a comisaría e a cadea, as mútuas acusacións de roubo entre a vítima e o delincuente teñen dado



Faga un gran anuncio nun semanario amigo
A NOSA TERRA
Telf. (986) 43 38 30

RADIO CULLEREDO 107 FM.

Centro cultural "Electo Carballo"
15174 O Portazgo
CULLEREDO (A Coruña)

Telf. (981) 66 62 28
Fax (981) 66 17 75

radio FENE
emissora municipal 105 MHz FM

Radio Fene Tif. (981) 34 25 15 - 34 25 81
Casa do Concello 34 24 11 - 34 30 56
15500 Fene (A Coruña) Telefax (981) 34 27 51



O CADELO

EN OCASIÓNS O SACRIFICIO
ESTA EN CUMPRILLO DEBER
A TRAVÉS DA DOR QUE ISTO
POIDA SIGNIFICAR E O VALOR
MORAL ADQUIRESE NA PAZ
POLA MEDITACIÓN A CULTURA
E O POLO MARCHA ATRAS.
ANTÓN REIXA
(HISTORIA DO ROCK AND ROLL)



barullos que aínda se lembran.

Un colaborador de Mário Conde visitou hai días a mesma axéncia de aluguer de disfraces da que é cliente Ruiz Mateos. "De Berlusconi non lle temos nada", explicaron os empregados. "Pero queda un de **Alejandro Lerroux** a moi bon preço".

Consolidar o Corpo Consular da Galiza, é a recomendación de Manuel Fraga aos cónsules honorarios, que lle deron unha comida en Vigo. Os consulados esmoreceran ao se apagar a emigración transoceánica e a maioría das representacións ficaron simbólicamente nas consignatarias que venderan centos de miles de pasaxes á América. A Xunta declárase disposta a axudalos, non se sabe se para resucitar os consulados ou a emigración. ♦

que sen ter sido utilizadas. agás unha cafetería e a capela, todo o resto do conxunto de edificacións novas, pensadas para talleres, centros ocupacionais, etc., atópanse nunha ruína que avanza ano a ano (eu animo a que alguén se chegue deica ali un serán e pasee polas beirarruas que bordean as edificacións: a sensación de abandono que emana dali non se esquece facilmente). Por que eses locais, tras gastar diñeiro en construílos, non foron utilizados para os seus fins orixinais? Quen é o responsable dese abandono, consecuencia da carencia de medios? Supoño que o conselleiro tecnócrata do Opus, agora convertido á "auto-identificación" terá algo que dicir.

En terceiro lugar, a atención sanitaria. Só ten un nome: patética. Por parte dos asistentes ou auxiliares psiquiátricos, descoñecimento e nula preparación, cando non má vontade; por parte dos médicos, insuficiente dedicación; por parte dos A.T.S., agás os erros normais, teño que dicir que o seu comportamento e profesionalidade son correctas; e por parte dos A. Sociais, penoso (os psicólogos case que non existen). Os primeiros, o peor do sanatorio e, curiosamente, os que teñen máis trato cos enfermos.

En canto aos médicos, as horas que están son escasísimas (normalmente son pluriempregados e as consultas particulares, dalguns deles, déixanlles maiores dividendos) e o médico de garda (un, para un hospital non pequeno) non é localizábel facilmente. O seu trato cos enfermos, polo demais, non é mau senón superficial.

Polo que atinxe aos asistentes sociais, aínda me pergunto para que están ali, e con iso dígoos todo. Dos psicólogos non falo pois non os hai practicamente: o tratamento en Toén redúcese aos psico-fármacos. A todo o devandito, pódese engadir que as tétri-

VISITANTES

X. PIÑEIRO

Os visitantes estiveran pasando unha semana de gorra no apartamento dun amigo vigués. El estaba en trámites de separación e viñera cunha amiga case vinte anos máis nova. Ela era a primeira vez que puña pé por aquí. Os dous pasaban revista a canto vian cun teimudo sentido crítico non isento dese punto de comprensión que adoitan a ter os que se senten nidiamente superiores.

Desde o primeiro día os visitantes chegaron á conclusión de que os galegos non sabíamos promocionarnos, que non tiñamos estilo empresarial, que a permanente dubida da xente hipotecaba calquer futuro; non faltou a alusión ao minifundismo mental, ás brétemas económicas e outras clásicas imbecilidades que misturaban o *marketing* coa Santa Compañía e a estratexia co lacón con grelos até completar toda unha ringleira de tópicos fedorentos sobre o mar, a terra, a industria, os costumes ou a metereoloxía, que cadaban nos cómaros da máis absoluta aldraxe.

Os visitantes, por fin, liscaron onte. E o que xa non se sentía case nada amigo deles, respirou. Hoxe contoume mentres me mostraba un libro de portada negra e vermella. Era o que os visitantes lle deixaran por todo agasallo. Co tocho na man, pareceume un ser moi resignado cando me dixó:

—Velai tes "El sistema", de Mario Conde. ♦

cas habitacións nas que se teñen aos enfermos agudos encerrados atados cunhas correas á cama ou a unha silla, en Toén son unha realidade cando están a desaparecer, ou xa desaparecidas, de moitísimos psiquiátricos e se teñen como necesárias debido ao avance dos psicofármacos; nas habitacións durmen tres ou catro enfermos (non son moi grandes); e o tempo os enfermos pásano a fumar nunhas condicións hixiénicas que deixan moito que desexar, ou dando paseos polo campo (o único bon é o emprazamento do hospital, aínda que tamén pode tomarse como un querer apartar ao enfermo da sociedade e illalo onde

non se vexa ou non moleste); onde está a terapia ocupacional?

Conclusión: Non hai boa atención aos enfermos porque non hai medios destinados a eles, nen á preparación dos que os atenden, nen a pagar a médicos con plena dedicación. Demos grazas a Deus que a lobotomía e o electrochoque, polo menos, estexan desterrados, e que a comida sexa tamén digna e abundante. Coido que de recoñecer que os tolos (?) son verdadeiros seres humanos, a cousa podería trocar.

Outro día falaremos da situación nos cárceres, que tamén non ten desperdicio (é de "akelarre"). Un saúdo solidario aos enfermos mentais e a todos os presos, especialmente aos de consciencia. ♦

M.S.S. (OURENSE)

O lobo do lume

Temos enriba os mais secos solos do verán e con eles a "sombra de Caín" que xa versara A. Machado dando lumes nos nosos montes. Aínda que os nosos montes non son os dos campos de Castela, os da España seca, moito máis vulnerábeis a erosión e a desertización.

Aquí por desgracia non nos faltan "negras sombras" de incendios ou conatos nos nosos montes. A maioría dos lumes son de causas intenciona-

das ou descoñecidas, din tamén as estatísticas; é a negra sombra furtiva que as paga abusando dos máis indefensos.

Quen se vingue co chisqueiro nas árbores é como quen ten desavinzas co xefe e chegando a casa bate no seu can que está preso, pois as plantas son seres vivos prendidos á terra. Queimar un monte arestora xa non só é delito contra a propiedade privada, tamén é delito ecolóxico. Mais cal pode ser a máxima da ética perversa ou vingativa do pirómano. "Mal de moitos consolo de parvos". É necesario estudar máis as segundas causas dos lumes presuntamente intencionados. As escuras cavernas das ideas dos pirómanos patolóxicos.

Non esquezamos o derradeiro confeso pirómano de Viana do Bolo, deulle lume ao monte por ser marxinado na contratación dos servizos de extinción de incendios.

É necesaria unha xestión total, unha optimización dos servizos.

Hai xente tamén queimada por tantas inxustizas contra os dereitos básicos. O paro alongado e sen recursos, os enchufismos moi evidentes nos casos de contratación a dedo polos alcaldes nas brigadas dos concellos, as mesmas desigualdades salariais entre contratados polos concellos e pola Xunta, sen esquecer a má imaxe de xefes e traballadores. Estas e moitas máis poden ser causa de vinganza caínica e de lume. O axente forestal que sofre moitos lumes é coma o mestre que suspende moitos alumnos, el mesmo se pode considerar suspenso.

Tampouco todos os lumes son infernais. Un pouco de lume no espazo e no tempo axuda a manter a biodiversidade. Claro está, sen pasarse como aconteceu hai anos. O lobo e o lume non son tan feos como os pintan, o lume ten moi má sonda entre algúns ecoloxistas e o lobo entre os nosos gadeiros ancestrais, que comprenden de sobra o uso do chisqueiro para afastar lobos, xabaríns e silvas de camiños. Quizá botase en falla un plano integral de aproveitamento sostido e repovoación das nosas parroquias, o de hoxe en día é apagar o lume a pallastrazos. ♦

BERNARDINO FDEZ. GONZALEZ
(VILARIÑO FRIO, OURENSE)

Relación de puntos de venda en Madrid

Ortega y Gasset / Montesa
Pza. Independencia, 2
Pza. Cibeles (P. Prado)
Pza. Cibeles (subterráneo)
Pza. Cortes, 6
Serrano, 108
Serrano, 76
Goya / Alcalá
Goya, 63
Goya, 51
Goya, 23
Pza. Roma, 3
O'Donnell, 55
Narvaez, 24
Martín Soler, 10
Est. Auto. Auto Res
Pza. Sto. Domingo
Gran Vía, 27

A NOSA TERRA

Gran Vía, 39
Gran Vía, 60
Gran Vía, 23
Gran Vía, 22
Gran Vía / Montero
Gran Vía, 38
Gran Vía, 26
Gran Vía, 54
Gran Vía, 30
Gral. Perón, 16
Orense, 2
Bravo Murillo / Sta. Engracia
Gta. Cuatro Caminos, 5
Reina Victoria, 42

Juan XIII, 9
S. Fco. Sales, 28
Gta. López de Hoyos
Gral. Moscardó, 1
Concha Espina, 6
Princesa, 23
Cuesta S. Vicente, 6
Princesa, 56
Fuencarral, 111
Fuencarral, 112
Pza. Sta. Bárbara
Puerta del Sol, 1
Puerta del Sol, 6
Puerta del Sol, 8

Puerta del Sol, 10
Puerta del Sol, 13
P. Recoletos, 14
Alcalá, 46
Alcalá, 50
Pza. Callao
Eduardo Dato, 21
Mayor, 5
Pza. Isabel II
Gral. Yagüe, 2
Francisco Gervás, 8
Cap. Haya / Bravo Murillo
Mateo Inurria, 3
Pza. Cuzco (Hotel)
Pza. Cuzco (pares Castellana)
Gral. Yagüe, 40
Cta. Zorita, 30

Autor de *Obabakoak*

Bernando Atxaga

'A pregunta de se hai tradición na literatura basca ten a intención de denigrala'

■ LUPE GOMEZ

Ven de publicar a novela "O home só" e pasou por Mondoñedo para participar nun curso de verán sobre o estado da literatura galega. Defende o dereito das culturas minoritarias a desenvolverse positivamente, co necesario apoio da política, a Universidade e o mercado. Para el "o basco" simboliza a diferenza e a vida fronte ao nicho ao que o franquismo condenou á cultura. Atxaga non cre que a ETA sexa a única responsable dos problemas políticos no País Basco.

Influenciado por quen comezou a escribir en euskera?


Escrebo en euskera desde sempre. O primeiro que publico é un conto e unha peza teatral, en 1972. O poeta basco Gabriel Aresti, que era amigo de Celso Emilio Ferreiro e Manuel María, foi quen influíu para eu publicar por primeira vez.

Falou esta lingua desde neno?

Si. Pero, mesmo nas zonas monolingües como a miña, houbo unha segunda fase de aprendizaxe da lingua literaria. Todos os escritores bascos de 40 anos para arriba fomos autodidactas, tivemos que ir aprendendo a medida que escribíamos, pero este non foi grande problema.

Por que se molesta cando, fóra do País Basco, preguntan se hai ou non unha tradición detrás da literatura en euskera?

Porque é unha pregunta que se fai desde a ignorancia sobre o que é realmente tradición. Quen o pregunta faiño con certa sorna, como dicindo "en realidade vós non estades dentro da cultura". É o ignorante, que por enriba quere darlle leccións. Falando de escritura, a tradición forma parte do presente, constituído polos libros que podemos atopar nas bibliotecas e librerías. Lipo, un poeta chinés de hai séculos, é un poeta vivo se o vemos hoxe, en 1994. Nese sentido non hai ninguén no mundo que non teña tradición. É unha controversia absurda que se suscita desde a pretensión de denigrar ás culturas minoritarias. É como quen pregunta se o basco ou o galego son linguas modernas. Quen o fai



VICENTE ARAGUAS

non ten nen idea de lingüística. Debería saber que todas as linguas son ontoloxicamente iguais en lugar de enunciar ese menosprezo. Tería que ser un pouco máis humilde, pensar que é un pouco tonto e estudar máis.

A importancia do mercado

Cal é o método para unha cultura minoritaria non desaparecer?

As culturas minoritarias non teñen problemas intramuros, senón no ámbito da realidade de extramuros e social que é a verdadeira realidade. Para isto xa non serve o modelo romántico e cobran importancia o mercado, a política e a universidade.

Como sería o modelo romántico?

En principio para que exista a cultura, ten que haber a recepción dun interlocutor. Non hai profetas no deserto. No modelo romántico o interlocutor das culturas particulares amaba sobre todas as cousas o sinxelo, o popular, a aldea. Iso recoñecía certa existencia ás culturas galega e basca. O interlocutor, nese modelo permitíanos ser bons labregos pero non bons biólogos. Hoxe sen

bons biólogos que falen basco ou galego non hai supervivencia posible. Os povos poden sobrevivir como povos infantís durante unha certa época pero, ou se convirten en adultos con verdadeira identidade real cultural, cun poder político autónomo e un mercado, ou desaparecen. Por exemplo, na Provenza houbo escritores moi bons pero non unha evolución e a lingua occitana desapareceu. O romántico no terreo do individual é perfectamente lícito. Pero non serve como único modelo de interlocución dunha realidade cultural minoritaria.

'Fora do mercado non hai literatura. Cervantes xa utilizou a publicidade para vender o Quixote'.

A que se refire cando di que a cultura dun país pequeno pode ter máis forza precisamente por ser duns poucos?

Eu estudei Económicas e aprendín o conto das economías de escala e deseconomías de escala. Un restaurante de mil metros cadrados con vintecinco camareros non ten porque ser un restaurante mellor nen máis boiante economicamente que unha tasca cun só camarero e vinte metros cadrados. Trato de difundir no País Basco a idea de que xa que o noso territorio é reducido e a extensión da nosa lingua e cultura é

minoritaria, debemos analizar que nos convén facer nesa escala. Por poñer un exemplo: unha persoa, lendo bastante, non le máis de cinco mil libros en toda a súa vida. Os libros importantes son os lidos. Nós podemos acceder ao noso territorio con facilidade, por exemplo publicitariamente. Sempre que o mediador elixa cinco mil libros moi bons. Non se trata de dar a batalla copiando cuantitativamente a outras culturas senón esforzándose nunha boa elección.

A literatura, ao entrar nun mercado e ser ben de consumo, non corre o risco de deixar de ser literatura e propiciar un lector cómodo que non participa no discurso?

Fóra do mercado non hai literatura. Está historicamente demostrado que Cervantes foi o primeiro que empregou a publicidade. Para vender o Quixote fixo publicar unha serie de follas voandeiras nas que dicía que na súa obra falábase mal de moitos personaxes da época e que non debería ser lida. Outro problema é o segmento onde, dentro do mercado, se coloque a obra literaria. No extremo menos comercial estaría o libro absolutamente autista e difícil. Pódese escribir un libro no que se contan os amores pola princesa Catarina de Laponia e dicir, ademais, que está liada cun presentador de televisión. No mercado están desde os cuartetos de Elliot até a última porcaria cotrosa do fascista de turno que escribe as gracias desde a Corte de Madrid, pero iso non quita valor a Elliot nen, aínda que se venda moito, dá valor ao cutre. ♦

'É como se no Ulster gañasen un partido e en Euskadi estivésemos empatando'

Cal é a súa posición persoal sobre a loita armada?

Penso que actualmente é un fenómeno inoportuno. Naceu e mantívose porque existiu unha tiranía. O que sucedeu despois de Franco foi por pura inercia, incapacidade teórica e inmadurez política da xente que está na ETA. A súa loita é negativa para o país en todos os sentidos. Isto non me acerca ás posturas do Pacto de Ajuria Enea. Aos partidos que están neste pacto tamén os fago responsables de moitos desaguisados e da máa situación política do País Basco. A un político do Partido Popular pergúntalle pola ETA e el queda moi ben e parece moi democrata, pero non se lle pregunta pola súa estúpida política do aborto. Xa sabemos que a ETA está disparatamente confundida, pero eso non fai bons ós que non son ETA. Eu colócome nunha postura de orfandade. Confíei moito en Euskadiko Eskerra e, como a tantos, defraudoume. Agora non son de ningún partido, pero mantéñome crítico.

Pensa que se pode facer algún tipo de comparación entre o proceso de paz no Ulster irlandés e a situación do País Basco?

A min marábillame que no Ulster fosen quen de facer algo por cambiar, porque no País Basco teño a sensación de que, por inercia, a bola de neve vai seguir rodando polos tempos dos tempos. Do Ulster a ensinanza que saca é que faláron, foron eficaces. É como se ali gañasen un partido e en Euskadi estivésemos sempre empatando. É absolutamente delirante que exista aínda loita armada. Todo o mundo fai como co "cuarto do armario da súa casa", coma se non vise. Ao mesmo tempo a xente sente un peso moi grande por unha loita que non téñ sentido nen é politicamente rendábel. ♦



VICENTE ARAGUAS

7 DIAS

■ Queixas sobre os cursos de galego

As mocidades da CIG denunciaron o abandono que sofren os cursos de iniciación e aperfeizoamento de lingua galega organizados pola Dirección Xeral de Política Lingüística. A crítica céntrase en varios aspectos: a inadecuación dos programas co tempo de duración dos cursos, xa que é difícil aperfeizoarse nunha lingua en cento cuarenta horas lectivas; mistura de alumnos cun nivel diferente de coñecemento da lingua e ausencia de material docente.

As condicións laborais dos profesores dos cursos tamén son parte importante da denuncia feita pola CIG, xa que consideran que hai unha ausencia de criterios obxectivos para asignar os cursos aos licenciados que solicitan impartilos. As contratacións non prevén a baixa no INEM, non contabilizan para as prestacións por desemprego pero supoñen retencións no soldo dun 15%. Os retrasos nos pagamentos chegan a cinco meses, segundo a denuncia.

As mocidades da CIG cren que o tratamento que dá Política Lingüística aos cursos de galego é moi deficiente e evidencia o desinterese que ten a Xunta en materia de formación educativa. ♦

■ Monólogos de Dario Fo en Bouzas

A Asociación de Viciños de Bouzas, en colaboración coa Concellaría da Muller de Vigo, organiza unha noite de teatro para o Sábado 17. A compañía "Anduriña", formada por Aurora Mestre, Elena Cáccamo e Marisa Prado, representará tres monólogos do autor teatral italiano Dario Fo: *O Espertar, A muller soa e A violación*. As representacións comezarán ás dez e média. Un día antes, o Venres, no local da asociación de viciños, a psicóloga Rosa Faraldo dará unha conferencia sobre a autoestima. ♦

■ Cursos no Ateneo de Marin

O Ateneo Santa Cecilia de Marin abriu a matrícula para os cursos programados para este ano dirixidos a cativos e adultos. Organízanse aulas de debuxo, encadernación, serigrafía, técnicas de decoración, música e inglés. Os grupos serán reducidos, de dez



ALVAREZ/ARQUIVO

■ Allariz seleccionada para o premio europeo de Urbanismo. O Consello Europeo de Urbanismo formado polos Institutos de Urbanismo dos estados membros da Unión Europea seleccionaron á vila de Allariz para o premio europeo de Planeamento Urbanístico e Recuperación Arquitectónica. Nos últimos anos, esta vila viviu un proceso de recuperación e rehabilitación de diferentes construcións. Un xurado visitou Allariz para coñecer este proceso e avalialo de cara á concesión do premio. ♦

a quince alumnos. ♦

■ Ecoloxia e solidariedade en Oleiros

Un ano máis, o concello de Oleiros leva a cabo a campaña de recollida

de libros escolares. Esta campaña quere obter unha dobre finalidade; por un lado, concienciar aos viciños sobre a importancia de non considerar os libros como lixo e por outra parte, proporcionar un considerábel aforro ás familias máis necesitadas no canto de mercar o material escolar.

A campaña tenta que os viciños

entreguen e recollan libros para aforrar as materias primas necesarias para editar novos textos. A reutilización de libros supón un grande aforro ecolóxico e económico. Pódense entregar e recoller todas as mañás nos colexios de Canide, A Rabadeira e *Isidro Parga Pondal*, e na Casa da Xuventude de 10 a 14 e de 17 a 20h ♦

■ Novas proxeccións no CGAI

O Centro Galego de Artes da Imaxe da Coruña comeza unha nova programación cinematográfica o 14 de Setembro. Ese mesmo día e o seguinte, Xoves, proxectarase *Otelo*, de Orson Welles e o Venres e o Sábado, *Tan lonxe, tan perto* de Win Wenders. As sesións son ás oito e cuarto da tarde, agás a do Sábado, que será ás seis e média.

A programación de Outono do CGAI pretende recuperar clásicos do cinema norte-americano e, por outra parte, repasar a filmografía de Win Wenders como director. Deste autor, proxectaranse dezasete películas. Haberá, tamén, dúas sesións especiais no mes de Setembro: *Grandes mestres da animación* e a estrea da película de Manoel de Oliveira, *O val Abraham*. ♦

MOSTRA DE TEATRO CÓMICO DE CANGAS

O alto nivel xeral de calidade, a diversidade de propostas (comédia, enredo, farsa, mimo) e a importante participación de compañías independentes galegas, foron os principais atractivos da décimo primeira edición do Festival de teatro Cómico e Festivo de Cangas.

■ XICO PEÑA

De acordo coa fórmula establecida desde a súa fundación, o programa do festival desenvolveuse entre o teatro *Galaxias* e os espectáculos de rua e infantil. *Xacarandaina* con *O pito de Bolita é o que pita*; *Espagueti* con *Mancontro* e *Viravolta* con *O Candil Marabilloso* (espectáculo en homenaxe ao popular sífon) ocuparon o espazo infantil no costal do Eirado con numerosa participación infantil, apesar de que o tempo non querer axudar.

Humor negro

O programa de rua foi para unha montaxe. A compañía vasca *Latri-Pikor* trouxo *A Funerala*, que consiste nun enterro e un funeral no que se crían sen cesar situacións chocantes coa participación do público. Un humor negro de grande efectividade que consegue interesar ao público.

O vetusto teatro *Galaxias* de Cangas revelou un ano máis que é un local insuficiente para atender as

Alto nivel, diversidade de propostas e grande éxito de público O festival de Cangas medra en importancia apesar do castigo da Administración

necesidades dun festival de sona, apesar da boa vontade do público que aturou a falta de ventilación, as colas e as esperas á porta.

En números anteriores reseñamos as montaxes do *Teatro do Morcego* con *Doberman* e Ives Lebreton coa súa compañía *Teatro Dell'Albero*

Entre outras propostas da semana o *Teatro Meridional* apresentou *Naque, ou de piollos e autores* de Sanchis Sinistrerra. Dous actores (Alvaro Lavin e Miguel Seabra) sen máis que os seus corpos, a súa voz e unha luminotécnica maxistrada, transmiten unha reflexión sobre a condición do actor. Este exercicio chega ao público cunha fonda emoción para dar transmitido o enorme problema da comunicación e da súa función social.

A lición e o aviso que podemos tirar desta montaxe é que o teatro é posíbel con actores e talento en contraste con outros que non poden navegar se non é no barco das subvencións oficiais para montar no cenário propostas de brillo pero sen valor. As personaxes desta historia recrean dous comediantes de Agustín de Rojas na súa obra *El Viaje Entretenido*.

Ollomoltranvia con *Un xoguete para Goldoni*, en homenaxe a este autor. Trátase dunha obra áxil, ben artellada e dunha grande competencia actoral dentro da liña estética da *Commedia Dell'Arte*. Para eles e para os seu director Cándido Pazó, tamén autor do texto, foron se cadra os aplausos máis quentes da semana de Cangas.

Mujercitas con *Variacións ou ta-*

mén Merlín Sofreu de Amores ten a estrutura do teatro de cabaret con cadros seriados e linguaxe desenfadada. A sátira móvese sobre problemas de relación entre home e muller con equívocos e ambigüidades sobre as que se constrúen situacións de humor.

Teatro Corsario é unha adaptación de Alfonso Sastre do *Asalto a unha Cidade*, a partir da famosa traxicomedia *Asalto de Maastrique* de Lope de Vega. O espectáculo recria en clave irónica a campaña dos tercios españois en Flandres. A crítica do militarismo é efectiva e o público séguea con atención da man dos enredos amorosos de dous actores.

A semana de Cangas consolídase como un dos programas con máis atractivo para o público dentro da

oferta do verán. Tanto pola participación dos viciños, como pola asistencia de persoeiros de teatro, a mostra do Morrazo é unha cita fundamental do teatro nacional. A partir deste resultados evidentes *Xiria* aposta por unha programación cultural estable.

Contodo, o comportamento da Consellaría de Cultura con esta cita do teatro é incompreensiblemente mesquiño. Acaso o festival de Cangas vese na obriga de pagar impostos pola súa condición crítica, satírica e fundamente popular.

O premio da semana foi para a sala *A Nasa*. O seu representante leu un comunicado contra a política cultural da Xunta e o corporativismo e avogou pola independencia do teatro. ♦



Ives Lebreton encantou ao público coas invencións do seu *Teatro dell'Albero*



Variación de Mujercitas ten estrutura de teatro de cabaret con cadros seriados


Leituras

Contra o
artificio e a
pretensión

A propósito de
De corpo enteiro,
de Euloxio
R. Ruibal

Rozando a fronteira dos cincuenta, Euloxio R. Ruibal, ben coñecido como dramaturgo, chímpase á aventura da narración (esquecemos, aposta, o seu relato para nenos *A fantástica viaxe de Sabela*) na súa versión primeira, talvez a máis difícil: o conto, o relato breve. O primeiro libro de contos de Ruibal titúlase *De corpo enteiro*⁽¹⁾; e desta nova andaina sai indene, máis sábio e, esperamos, con gañas de comezar novas aventuras. Pero vaiamos ao libro.

Componse de dezasete relatos. Todos eles (agás uns poucos) narrados ou protagonizados por un mesmo personaxe: o fotógrafo Emilio Lavandeira Prieto. Todos eles (menos tres ou catro) son contos de feito realista que se resolven no fantástico, ou contos nos que o elemento fantástico non é explicado nunca de xeito realista, racionalmente. Contodo, o autor sabe manter a verosimilitude do relato. (O certo é que, deixando fora un dos mellores relatos do libro, "Conxo, mon amour" do que se falará máis endiante, pódese afirmar que as narracións completamente realista son as menos conseguidas do volume: "O crime da Porta da Mámoa", por exemplo). Nestes relatos a cotidianeidade, a realidade, é un mero trampolín necesario para dar un salto que confunde, con fronteiras misteriosas, o conto e máis a poesía. Esa



Euloxio R. Ruibal

"confusión", na que estriba a grandeza do relato, ten que ser, debe ser, inexplicable se se quer manter a verosimilitude e a unidade do relato. Ruibal soubo fuxir da trampa realista para abrazar a realidade.

Mais hai outros elementos que, estes si, atravesan todos os relatos: o humor, a ironía, o riso. O humor é fraternal. A ironía non ten malicia nen sátira e serve para presentar e describer os seus personaxes, xentes humildes a maior parte, ás veces raras ou estrañas, pero humildes, nunca airadas. Hai un riso íntimo que alimenta os relatos, un riso

Ruibal sai indene desta nova aventura porque sabe contar, sabe inventar mundos que se poden levar aos demais

que non é irrespetoso, nen irónico, senón amábel, mesmo cariñoso, un riso que serve para Ruibal describer cunha desenvoltura divertida, forzando o trazo e a situación aquí e acolá, para significar que as súas historias non son "sérias", máis as traxédias dos seus personaxes ("O santo de pedra", "A aperta asesina", "A copia", "Pé de foto", etc.); outra vez compre deixar fora "Conxo, mon amour".

Alén do riso, do humor, da ironía, hai outro elemento importante, quizá decisivo en todos estes relatos: a linguaxe, unha linguaxe coloquial, liberada de relacións costumistas —nas que se podía caer doadamente mercé aos personaxes que pululan polos relatos—, que serve á función humorística. A linguaxe, sinxela e plena de sentidos, enche de contido uns diálogos áxeis, divertidos, verosímiles, irónicos e humorísticos. Eses diálogos transparentan o oficio de dramaturgo do seu autor. En suma, unha linguaxe que é antídoto contra todo artificio e toda pretensión.

E, por último, hai un elemento que, por desgracia, cada día está a desaparecer máis e máis da nosa literatura: a oralidade, que abrolla, sobretodo en dous relatos: "Mingos de Beade" e "Conxo, mon amour", excelentes contos —o segundo, para quen isto asina, o mellor do volume— de feito realista. A oralidade —sobretodo en "Conxo, mon amour"— nada ten a ver co folclorismo, asasino da oralidade, nen coa mera transcrición da fita magnetofónica. Pero non é un-


ha oralidade da ante-escrita. E o que é máis importante, ten en conta os achados expresivos non só da escrita, senón dos denominados medios de comunicación de masas: periódicos, rádio, cinema, televisión, vídeo. Quer dicir, Ruibal usa dunha oralidade moderna, que integra no seu seo todo aquilo que a escrita e os medios de comunicación de masas desenvolveron tan extraordinariamente: os recursos expresivos. (Non foi Ruibal un dos pioneiros do cinema galego?) Unha oralidade, en fin, que se afronta dialecticamente á escrita dentro da escrita; unha oralidade que restitue a concepción do tempo natural, quer dicir, do tempo que está intimamente ligado aos episodios da vida da comunidade. Ese tempo non é lineal, senón espiral. A oralidade, en fin, aparece ligada á memoria, unha memoria que vai unida á verdade histórica, á memoria histórica. Non esquecamos que moitas veces se está a reclamar unha narrativa da memoria. Case sempre, esa memoria é falsidade da historia (véxase o escrito de Torrente Ballester no nº 15 do Boletín da Fundación Federico García Lorca —dedicado a Álvaro Cunqueiro—: é o exemplo paradigmático de como a memoria pode ir contra a verdade histórica).

Contodo, e máis excelentes relatos e algúns moi bons, como os dous citados, ou o último do volume, non estamos perante un libro excepcional por mor dalguns contos falidos por completo: "Comic de familia", "Hai 50 anos" ou "Patrice". Pero, como dicíamos ao comezo, Ruibal sai indene desta nova aventura, porque sabe contar, sabe inventar mundos que se poden levar e criar e contalos aos demais; resiste o paso á literatura oral, un dos maiores méritos de todo narrador que se prece. ♦

XGG

(1) Col. Narrativa. Edicións Xerais-Consortio de Santiago. Vigo, 1994. 196 páx.

conta de libros



Escolma da poesía neotrobadoresca

Carlos Riba, Eduardo Pondal e Xoán Vicente Viqueira, por unha banda, e Fermin Bouza Brei, Alvaro Cunqueiro, Xosé Filgueira Valverde, Xosé Díaz Jácome, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Álvarez Blázquez, pola outra, constitúen a nómina de trobadores escolmados pola filóloga Pilar Castro e que publica Galaxia na colección Dombate e que leva por título *Antoloxía da poesía neotrobadoresca*. O libro vai precedido dun estudo no que a compiladora analiza os diversos temas e problemas en torno á poesía neotrobadoresca. ♦

Duas de teatro galego

Xerais presenta dúas obras do Centro Dramático Galego. Trátase de *Raiñas de pedra*, de Cándido Pazó, e *O prazo*, de Manuel Riveiro Loureiro. A primeira obra sitúanos nos tempos do século XIV, cando as familias reais galegas e portuguesas andaban á procura de relacións. Na obra *O prazo*, galardorada co premio Alvaro Cunqueiro en 1993, a acción corre nos tempos contemporáneos. ♦



A papoula era máxica

A colección de narrativa para nenos que ten Edicións do Castro presenta unha obra da xa recoñecida autora de literatura infantil e xuvenil Concha Blanco: trátase de *A papoula era máxica*. O conto está ilustrado por X. Vizoso. ♦

Repaso das relacións entre mulleres e grandes homes


Edicións do Castro, nesta ocasión na colección de ensaio, presenta unha obra de Dora Vázquez: *Mulleres amadas por grandes homes*. O ensaio repasa as relacións de figuras reais ou ficticias como Tristán e Isolda, Aloysia, Cleopatra, María Magdalena ou Constanza Gladowska, o primeiro amor de Chopin. ♦

NARRATIVA


A nosa mellor literatura

Dezaioito relatos concibidos e xestados en longas e delongadas camiñadas pousoamente trazadas ó chou sobre das vellas pedras de Santiago. Aquí aparecen os incondicionais de Compostela que sempre volven á cidade porque lles quedaron esculpidas as letras no ceo do padal de tanto nomeala.


NA MESMA COLECCIÓN



DE CORPO ENTEIRO
Euloxio R. Ruibal



CEMITERIO DE ELEFANTES
Francisco Alonso



SELVA NEGRA
Miguel Suárez Abel



Leituras

Da mitoloxia
ao
escepticismo
por mil
camiños
Heloísa
de Chus Pato

Heloísa é o segundo libro da poetisa ourensá Chus Pato que ven de publicarse na colección de poesía de Espiral Maior. *Heloísa* entronca coa liña suxestiva por veces hermética da súa obra anterior *Uraria* do ano 1991. Mais a súa creación foi aparecendo en revistas como *Festa da palabra silenciada*, *Andaina*, *Luces de Galiza*, así como en libros colectivos como *Palabra de mujer*, *Sete poetas ourensás*, *Poesía dos aléns* e, xunto con outras sete mulleres, na obra *8 e medio* das Edicións do Dragón.

Tras unha coberta lúdica de María Ruido, *Heloísa* emerge dun mundo de fábulas, cantadas (tamén no limiar de Xavier Cordal) con laúde, envolta nesa luz misteriosa dos tempos remotos ata enlazar cun presente máis reflexivo, tempo en que a lucidez devolve a ollada máis rebelde e máis ácida da escritora.

O libro consta de vinte e catro poemas, divididos en dúas partes: un introductorio e unha saga de vinte e tres de irregular formato, no que se agacha a autora ás veces nun ton impersoal, e outras como narradora áxil, aberta, abríndolle a paso a personaxes lendarias, nunha construción fragmentada e surrealista do universo.

Heloísa transita por paraxes cheas de castelos, cervas brancas e rei-señores, espectadora distancia da escea, nunha actitude contemplativa, ás veces: "Heloísa acobádase entre as almeas da torre dun castelo / adopta a mesma posición que segundo os clásicos adoptan as damas / para contemplar os combates dos guerreiros".

E outras cun ton desafiante, catártico, cerne da acción: "Digo-vos que a muller que danza no meio



María Xesus Pato.

das leiras de centeo / bate cos seus pés a planura da morte".

Hai nos versos de *Heloísa* centos de camiños, séculos, culturas, viaxes a ningures, terrores labirínticos. Hai voces terreas e voces siderais. Segmentacións, "Transfiguracións".

As personaxes mitolóxicas son misturadas habilmente coas nítidas sensacións e vivencias da escritora. Herois míticos, políticos e pensadores cantan no mesmo orfeón. Todos teñen voz propia, todos son protagonistas da historia, producíndose unha curiosa simbiose. Hei enlaces tonais, saltando de octava en octava permanentemente, de símbolo en símbolo, pontes que chegan de Apolo a Voltaire, de Heloísa a Iocasta etc...

Atopamos tamén subidas e baixadas do ceo aos infernos, altas torres e caveiras de amor; amor que pode deixar nos versos esenciais de po namorado: "Velaquí a caveira do amor / e velaquí a cinza que antano os seus osos foran / Velaquí a cinza, viño que o meu

corazón devora / velaquí o elmo, o escudo, os arautos, todos".

En *Heloísa* non quedan atrincheras das lembranzas, se cadra non existen, dentro dos cánones tópicos do intimismo romántico, pero a poetisa pode imaxinar un imposible recordo emocionado do seu bisavó Xoán: "Xamais poderei saber como eran os teus ollos / nen como brincaban neles peixes das douradas rotas de Antioquia / nen o crorar das ras, nen se nos teus brazos aniñaban garzas / ou cigoiñas".

Se hai un espazo protagónico para a palabra, a escritora deixase seducir polo xogo erótico da linguaxe: "pois na orde simbólica as funcións da linguaxe non se definen / pola comunicación senón polo principio do pracer. / Queridísimo amor: a relación coa palabra é sempre incestuosa. / O antergo deus entre as miñas pernas / Roto".

Neste aspecto é viable establecer unha vía de conexión coa escrita de M^a Xosé Queizán no libro *Despertar das Amantes*, na que a palabra corporízase, a letra baixa pola pel e a sensación materialízase na expresión poética.

Tamén a palabra oculta ten en Chus Pato o seu recoñecemento apaixonado, ocultamento histórico, violento: "Digo que aprendeu a vivir, pálida / que se lle quedou escrita a voz nas paredes calcinadas do labirinto / errante"... "Aprendeu a ser palabra / a vaticinar ausencias / e foi-se-lle mudando o corpo

Chus Pato
logra
desviar o
mito,
descontextu
alizalo para
facelo
brincar nun
xogo
estético

auga / manto de noiva / branco".

Neste camiño que atravesa *Heloísa*, aparecen heroínas solitarias, en perigo, mulleres fuxindo de agresións, unha loita permanente contra axentes externos. Dores: "dunha muller que corre espida a través dun bosco".

"da espinosa vía da muller que lucindo espléndidos brazais / pouxa a mán no torso do amante".

"A que camiña atravesa extensas avenidas / a ambos lados érguense cruces con cabeza de león".

"como imaxinar o rostro da muller combatendo co león"

Ven a conto o estoupido da rabea, irónico e inevitable / "Entón igual que hoxe elixería ser Marat".

Nos últimos poemas a autora afástase levemente da fantasía e a desmitificación leva ao conseguente escepticismo: "Sinto que ao derrubaren-se-nos as probas / teña que facer un brindis polo futuro".

Mentres, cunha grande carga de humor consegue despertar do ensaño mítico: "No meu soño non son a mocita de abril / non son a princesa de Aquitania / non sei patinar / non teño laúde / non son Santa Gúdula / non son Ilduara Eriz".

De todos modos a pesar de non ser "esa que o mundo imaxina", a escritora experimenta un gozoso regusto polo diferente, pola consciente orixinalidade da propia escrita: "Na miña escrita son astronauta nunha noite de verán".

Un goce semellante é introducirse nas figuras de *Heloísa*, "apercíbilo cinco veces seguidas por cada un dos sentidos, e cada volta atopar unha nova greta pola que sepear, na escuridade, en certo xeito transgresora e ousada, na que a poeta enfila os seus versos e ela mesma condiciona a: "ese espertar cando souben que a escuridade era o único posíbel".

As posibilidades desta arbitraria combinación de mitos serían infinitas se a poetisa desexar como fin último asolagarnos no misterio, que certamente consegue, pero con estes elementos, Chus Pato vai máis alá e logra desviar o mito, descontextualizalo para facelo brincar nun xogo estético. ♦

MÓNICA BAR CENDÓN

Televisión



Gorevisión,
vitamina
nas ondas
Orixinalidade
na TV de Narón

Desde o espazo exterior, gravidade incerta e atmosfera de botella, as ondas traen ao Capitán Harvey. A cara vista de *Gorevisión*, semente da televisión local de Narón. Vintetantos programas, divertidos e interesantes desde o primeiro, son a mellor proba de que van ben encamiñados.

Mentres que o concepto de televisión local é sinónimo de pantano legal, adiantados pola iniciativa e con algúns blufs soados (que pasou con *Televigo*?), seica fora do macroestruturalismo das grandes cidades as cousas están máis claras, sen rodeos.


A televisión local de Narón é xa unha realidade, a un paso de Ferrol están a invadir as ondas hertzianas. *Gorevisión* é un divertido programa de temática básicamente musical, e que como o seu nome indica, número de retazos televisivos, un auténtico programa frankenstein. Tomando a súa MTV, adornando o programa con vellos anuncios e tomas de televisión, con medios precarios e un cenário feito de restos de vellos naves espaciais escangalladas, é un programa botado para adiante. As limitacións técnicas fanse esquecer coas ganas e o sabor do distinto. Prestan moita atención aos concertos e bandas da zona, con frecuentes actuacións e entrevistas nas salas *Bristol* e *A Nave*.

Todo un espaldarazo para a xente con ganas, aínda se poden facer cousas. Que dure. ♦

XURXO VAZ

EDICIÓNS ESPIRAL MAIOR

NOVIDADE



EIDOS
DA MIRADA
ANTONIO DOMÍNGUEZ REY

Eidos da Mirada celebra a lingua desde o seu propio celme: a expresión dun sentimento lírico como xénese profunda da experiencia humana.

A alba e o crepúsculo canta as paisaxes interiores do ser fronte á natureza: unha ética viva da sensibilidade.

NOVIDADE



A ALBA
E O CREPÚSCULO
XOSEFINA CERVIÑO LAGO

EDITORIAIS
EN DISTRIBUCIÓN

Edicións Espiral Maior
Edicións Laivento
Edicións da AS-PG
Edicións Sementeira
Edicións Toxosoutos
Edicións PP. CC. Artesa
Cadernos da EDG
Edicións Elsinor Teatro
Editorial Hiru Argitaletxea
Edicións de autor
Revistas culturais galegas
Edicións bibliográficas

PRODUCCIÓN CULTURALS
ARTESA

Rua A. Martínez Salazar, 3
15011 A CORUÑA - GALIZA
Telf. (981) 27 83 99
Fax (981) 25 02 12

Televisión

Canle de pago
Unha opción contra o comercialismo e a publicidade

Segundo os datos de Sofres TVE-1, Antena 3 e Telecinco recadan o 75% da audiencia televisiva do estado. As tres cuartas partes dos que ven televisión elixen algunha das tres grandes cadeas estatais. Se comparamos a programación das tres, comprobaremos que as coincidencias son constantes: concursos horteras, cómicos insofríbeis, espazos morbosos, programas que trafican coa intimidade allea, melodramas seriados, galas musicais, bromas ridículas, sesións matinais de debuxos animados, tres informativos diários de media hora... A semellanza é abraiante e demonstra que as tres cultivan unha programación de carácter xeral, completamente convencional e practicamente intercambiable, diferenciada só polo estilo, a cenografía e as caras.

Por que pasa isto? Que gañan as cadeas de televisión repartindo un mesmo modelo cando o gosto dos espectadores é amplamente variado? As respostas hai que buscalas no réxime de oligopolio do mercado televisivo, a lei limita a seis o número de televisións que temos agora. Como as preferencias dos televidentes son tremendamente diversas, as empresas televisivas non poden satisfacer a todos, así que tentan chegar á maior parte de nós: canto máis pobres sexan os contidos ofrecidos máis xente poderá entendelos; o máis rendábel para o empresario audiovisual é dirixir a súa oferta a esa parte da audiencia pouco esixente, escasamente crítica, que só pretende agacharse por un intre da vida, envolto na aséptica burbulla da televisión; un tropel

numeroso e fiel, nada hostil co vendedor e suficientemente importante para que prospere o negocio por pouco que se axusten os gastos.

Sen embargo, hai outro modelo televisivo que trata ao espectador como cliente, non como suxeito estatístico; trátao como persoa capaz de pensar, non como parte dunha audiencia vendíbel aos anunciantes. A comercialización remata co carácter de servizo da televisión.

A publicidade impón as súas exixencias, dicta os contidos, establece as regras. Para evitala hai dúas posibilidades: dunha banda a televisión propia, pública, financiada polas administracións públicas; doutra, as canles de pago. No Estado español: a Dúas e Canal Plus representan dalgun xeito estes dous modelos plenamente desenvolvidos noutros Estados.

O estilo de Canal Plus expresa con argumentos poderosos a posibilidade certa de combinar nunha mesma programación codificada como tamén nos espazos abertos aos non aboados. Á marxe da batalla pola audiencia, liberada dos poderosos tentáculos da publicidade, Canal Plus comprométese co espectador. A primeira diferenza fundamental atópase no estrito cumprimento dos horarios. Lonxe dos irritantes cambios de programación, Canal Plus adiatna a súa programación completa, con tempos exactos, un mes antes da súa emisión.

Non obstante, a característica formal máis sorprendente en Canal Plus é o seu criterio irrenunciábel por salientar por riba de todo o valor intrínseco das imaxes, por si mesmas e como resultado da súa combinación. Desgraciadamente, os profesionais da imaxe esquecen a miúdo os elementos que poden manexarse nun relato televisivo, limitándose a escribir un texto, lelo e cobrilo con imaxes máis ou menos relacionadas co texto, ás veces sen imaxe ningunha, somente a cara do presentador. Deste xeito, increíblemente, a imaxe depende do texto, a televisión trócase en radio con bonecos. Canal Plus aposta polas imaxes primitivas, e co son orixinal desas imaxes. Por que contar unha historia con palabras se pode contarse con imaxes? Programas como "24 horas", "O día despois", "O máis plus", "Primeiro plano"... (todos eles sen codificar) son atípicos no conxunto de programas informativos, deportivos e culturais do panorama estatal, e sono por privilexiar o impacto visual das imaxes: se podemos presenciar 24 horas do aprendizaxe dos novos policías, se podemos analizar con imaxes os movementos tácticos dos xogadores dunha equipa campiona, se podemos coñecer a meio dos seus protagonistas, en plena rodaxe, como son as personaxes dunha película... non queremos que o contido cunha impersoal voz en off con imaxes de arquivo.

Nesta liña de interpretación hai que incluír os elementos de continuidade: as cortiniñas son unha exhibición de fantasía; "Pezas Canal Plus" converte en pequenas pérolas audiovisuais o que para o resto das televisións son meros axustes de emisión, e o xeito de promocionar os seus mellores programas é paradigma do que supón aproveitar a potencialidade expresiva das imaxes unidas para suxerir emocións. Como di a súa máis recente campaña publicitaria: réndome. ♦

ANTÓN CORTEGOSO

Música

Yellow
pixoliñas,
rock
adubado de
bon humor

Sons Galiza é sen dúbida un dos grandes do folk galego, cunha longa experiencia, pero as súas incursións no eido do rock contábanse coma as vacas no millo. De feito, este segundo disco de Yellow Pixoliñas, Lacón lover coído que é o primeiro de rock claramente acertado do selo lugués. Primeiramente o disco soa correcto, non en van a produción é de Alberto Torrado, que amosa unha vez máis a súa competencia. Ademais, non hai que esquecer a banda que firma o LP. Yellow Pixoliñas é un grupo con grandes cualidades, que derrochan en directo e que aparecen tamén nas gravacións. Grandes doses de espontaneidade, divertidos,



pero case como quen non quer a cousa.

E como non se trata somente dunha cassette de chistes, ten que haber algo máis: Variedade de formas musicais. Picotean un pouco de todo, desde Mano negra até ZZ Top

para "Oh-Hanna", unha canción con premio cando se desentraña a súa letra. "Mi barbie y yo" é claramente freaky, e non faltan os tipismos da terra como "cagallos", que persoalmente téñenme un pouco aborrido.

Leituras claramente galegas de linguaxes meridionalmente americanas, pronunciación mestiza e rock todo terreo nun cóctel desmadrado.

O resultado é ben apetecíbel. Rock adubado de bon humor, e algo de enxeño a pescudar. ♦

XURXO VAZ

A insubmisión,
protagonista no Festival
da Poesía no Condado

A XIV edición refórzase con exposicións de pintura e fotografía

■ A. ESTÉVEZ

Este ano o Festival da Poesía no Condado muda o seu cenário. Na súa XIV Edición abandoa o Castelo de dona Urraca en Salvaterra para trasladarse até a Carballeira de Fornelos da Ribeira, unha parróquia que se atopa no concello de Salvaterra, pero á beira do río Tea e non do río Miño.

O festival, que terá lugar o Sábado 24, non será o único acontecemento que organice este ano a S.C.D. Condado. Ademais da lírica, haberá fotografía, pintura e as habituais actuacións musicais coas que se pecha o festival ano tras ano. Para os organizadores, o certame segue tentando cantarlle á liberdade e á utopía.

Asimesmo, denuncian a pouca axuda que reciben de parte das institucións para a celebración do festival. Máis isto, son moitos os escritores, poetas e partidos nacionalistas que, todas as edicións, amosan o seu apoio a esta iniciativa.

A pasada edición levarase a cabo baixo o lema *Poesía en liberdade*, xa que no ano 1992, o Goberno Civil de Pontevedra impuxera á SCD Condado unha multa de medio millón de pesetas por non solicitar a autorización para celebrar os actos. A necesidade de peder este permiso viña amparada pola Lei de Protección da Seguridade Cidadán ou *Lei Corcuera*.

Neste ano, o festival faise eco do problema da insumisión e apesenta como lema: **Insubmisson, unha atitude ante a vida**. Para os organizadores do festival, son os mozos antimilitaristas os que están sofrendo a maior represión por parte do Estado, convertíndose en presos políticos. A poesía quer server de queixa ante o feito de que a cárcere sexa o remedio para os mozos que fan da insumisión unha obriga moral e política.


Pintura e fotografía

Na parróquia de Fornelos da Ribeira, as salas da Reitoral acolle-

rán, do día 18 ao 25, dúas exposicións, unha de pintura e outra de fotografía. A solaina do Piloño pretende converterse nun novo espazo criativo e de exposición. Quer atender todas as formas de creación artística, trasladándoas do medio urbano ao medio rural; levar a pintura e a escultura ao povo. A Solaina ten un espírito e un compromiso de insumisión ante os moldes que se lle quer impor ao arte.

As exposicións serán inauguradas coa actuación do coro de cámara, Camerata ad Libitum. A mostra de pintores que se expón nesa semana ven do museo do Deza e contén a obra de trinta e sete autores. Alguns deles son Antón Lamazares, Xabier Arias, Carmen Prieto, Camili Caamaño, Ramón Trigo, Vitoria Fernández e Laxeiro.

A exposición de fotografía recolle os traballos seleccionados no I Concurso Fotográfico Rompaníca.



las. Esta selección amosa sentimentos, atitudes e protestas dos mozos ante a obrigatoriedade do servizo militar.

Noitiña de música e poesía

A partir das seis da tarde do Sábado 24, comeza o recital de poesía na Carballeira de Fornelos da Ribeira. Como nas anteriores edicións, estaran presentes poetas galegos, portugueses, mozambicanos, bascos e cataláns.

Despois do recital, comezará a música, que se prolongará até máis alá da meia noite acompañada dos excelentes viños do Condado. Este ano actuarán Os Bohecinchas, un grupo con influencia rap, A Quenlla, Chouteira, Herdeiros da Crus, que veñen de editar o seu primeiro disco "A cuadrilla de Pepa a Loba" e Leonel Almeida, intérprete de Cabo Verde. ♦

Un Simpósio difundirá en Vigo as literaturas escritas no idioma portugués

A cultura portuguesa tende unha ligazón aos galegos



Escultura de Lívio de Morais.

■ L. GÓMEZ

A necesidade de criar ligazóns entre a Galiza e as culturas que se expresan na fala portuguesa faise progresivamente realidade. O Leitorado de Portugués, xunto co Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo e o Centro Portugués de Vigo organizan un Simpósio a celebrar os días 21, 22 e 23 de Setembro no Centro Cultural Caixavigo. Cóntase coa presenza de destacados persoeiros da lusofonia, como Jorge Amado, Maria Lúcia Lepecki ou Lívio de Morais.

Este simpósio non está pensado para un público especializado nas materias eleitas, senón co fin de resultar accesíbel a calquera que teña interese. Despois de cada conferencia establecerase un debate orientado nunha dinámica de esclarecemento das ideas e conceptos

dos que previamente se estivera falando. O obxectivo destas xornadas é dar unha idea máis profunda sobre o feito de que o portugués non é só a lingua falada ao Sul do río Miño senón que outros povos, culturas e literaturas exprésanse en lingua portuguesa.

Maria Lúcia Lepecki, profesora de Literatura portuguesa, conversará sobre a saída do portugués dos seus lindes territoriais, a partir da cal este idioma circulou pola África e o Brasil dando orixe ao fenómeno de sincretismo cultural luso-afro-brasileiro.

As escritoras portuguesas Lúcia Jorge, Wanda Ramos e o autor João de Melo falarán da literatura portuguesa e das relacións que esta mantén coa Galiza. As poetisas Vera Lúcia de Oliveira —brasileira— e Ana Paula Tavares —angolana— acercarán ao público aspectos das súas obras, así como o carácter das literaturas nas que están instaladas como criadoras.

Neste intercambio divulgador de formas culturais, a presenza e participación de musicólogos portugueses contribuirá a que o fado se afaste do misterio da súa orixe. Helena de O, musicóloga, acompañará con palabras os acordes de viola que interprete o seu compañeiro, José Lúcio, tamén musicólogo.

Várias conferencias do Simpósio teñen como finalidade a aproximación ás literaturas brasileiras e africanas en portugués, así como á

arte africana en xeral. Tres películas, de orixe portuguesa, brasileira e africana, serán proxectadas no curso destas xornadas. Ás noites, os conferenciantes visitarán os *pubs* da cidade, nos que de maneira máis espontánea que nas conferencias poderá xurdir o colóquio e a conversa. O 23 a moçambicana Elsa de Noronha recitará para os presentes poesía en lingua portuguesa de todas as latitudes.

Pintura-espello de África

Das pinceladas de Lívio de Morais tense dito que son "o mellor punto de encontro coa vigorosa esencia da africanidade". O moçambicano Lívio pinta grupos de mulleres camiñando na estepa e na sabana. As súas pinturas deixan escapar a idea de que na África non é posíbel a dispersión do individuo e apresenta a este sempre como parte de núcleos humanos localizados dentro do horizonte. As paisaxes que representa remiten, segundo corrobora o crítico galego Xosé Lois García, a unha carga de ancestralismo. Os matices e as metáforas que este artista emprega son parte da expresión plástica africana, portadora dunhas características particulares tanto no plano formal como no cauce de significados referenciais e mentais polos que discorre. No curso do Simpósio de culturas de lingua portuguesa Lívio de Morais, falará en conferencia da arte africana como testemuño antropológico da identidade africana. ♦

Escolas de verán para formar mestres galegos

A ASPG e a CIG organizan 10 Xornadas en Setembro

■ LUPE GÓMEZ

A Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Confederación Intersidical Galega teñen programado para o mes de Setembro a celebración de 10 escolas de verán a desenrolar de xeito descentralizado. Por poñer un exemplo, un seminario a desenvolver en Ferrol do 19 ao 23 deste mes tratará do vídeo educativo no ensino da literatura. Serán proxectados os asistentes fitas sobre figuras da literatura galega como Luis Seoane, Otero Pedrayo, Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro. A exposición completárase con conferencias que serán pronunciadas por profesores de Galego no Ensino Médio.

As entidades ASPG e CIG asinaron no ano 1992 un acordo de colaboración no que decidían a organización conxunta de actividades formativas dirixidas ao profesorado non universitario. Esta iniciativa foi ben acollida e renovouse e ampliouse nos dous anos sucesivos. A base comun desta colaboración é a preocupación por ofrecerlle ao profesorado unha proposta de formación que sexa diferente á institucional e promover outra forma de ensino máis vencellado á realidade galega.

A programación atende ao obxectivo da renovación metodolóxica e

didáctica, tratando de cubrir os valeiros que se observan nos planos formativos das Escolas Universitarias de Formación do Profesorado e das Facultades Universitarias. Aspectos tan importantes como a educación física, a educación sexual, psicomotricidade, utilización dos medios audiovisuais, educación medio ambiental etc., que tan pouca relevancia teñen neses centros formativos atopan nestas Xornadas un lugar destacado.

No aspecto da galeguización, estes cursos refírense non só a que o idioma vehicular do ensino sexa o galego, senón tamén a que os contidos versen sobre a nosa realidade. Na presentación destas xornadas os seus organizadores apuntan que "dificilmente o profesorado pode enfocalo así, cando hoxe nos planos de ensino universitarios é meramente ocasional e esporádica a presenza da Historia, Lingua, Literatura, Economía, Filosofía ou a Xeografía do propio país".

A Formación institucional de mestres é deficiente

A estrutura destas Escolas de Verán é similar en todas elas, cunha duración dunha semana. Nas sesións de tarde desenvólvense se-



minarios e obradoiros de carácter práctico. Na sesión da noite hai conferencias, debates, proxecções de audiovisuais educativos, actos culturais, etc. Teñen cabida nestes cursos tamén diversas saídas ou excursións de tipo artístico, medio ambiental e cultural.

Do 19 ao 23 deste mes celebranse As Xornadas do Ensino en Vigo. O programa consta de seminarios sobre Matemáticas e Astronomía, Educación para a paz, Método de lectura Chirlo Merlo e (des)animación á lectura, entre outros. Na mesma data serán os Encontros Pedagóxicos, en Ferrol, Ourense e Santiago e a Semana da Educación en Pontevedra. A Semana da Educación Medio-ambiental será en Muros, do

19 ao 22. Do 27 ao 30 terá lugar a Semana Pedagóxica de Verín.

En Muros formará parte da experiencia unha excursión ás construcións megalíticas da Serra do Barbanza e unha conferencia sobre as mesmas. Outra parte da programación está constituída por obradoiros de traballos con papel reciclado, iniciación ao debuxo artístico e talleres de modelado de barro e cestería. Na Semana de Educación de Pontevedra orientárase aos profesores sobre a expresión dramática infantil, a criazón de máscaras a partir da reciclaxe, o xogo tradicional, a música e a arxila na escola. Tamén se tratarán outras cuestións como as estratexias para animar á lectura e a educación da lingua.

Xornadas recoñecidas pola Consellaría

A introdución ao folclore na escola, o sendeirismo como recurso didáctico e o inglés na educación infantil serán tratados en Ourense. Encarna Otero, profesora de Historia, falará en Ribeira da historia de Galiza vista desde a perspectiva das mulleres. Na Semana Pedagóxica de Verín Vitoria Diéguez, psicóloga do Servizo de Atención a Disminuídos de Verín, tratará a aprendizaxe encamiñada a "viver na diferenza: camiño da integración". Alguns dos seminarios dos Encontros Pedagóxicos de Ferrol serán sobre naturismo e cenificación de poemas.

Nas Escolas de Verán van intervir personalidades de recoñecido prestixio no ámbito educativo e cultural como é o caso dos escritores Xosé Neira Vilas, Manuel María, Maria Xosé Queizán, Pilar Pallarés, Bernardino Graña; Mini e Mero -mestres e membros do grupo musical "A Quenlla"- e a sociolingüista Pilar García Negro. Estas Escolas de Verán están recoñecidas pola Consellaría de Educación, polo que os asistentes recibirán unha certificación válida a efectos de todos os concursos de ámbito galego. Os interesados terán que dirixirse a calquera local da CIG ou da ASPG. ♦

LEGER
LUPE GÓMEZ

Esculturas de pataca na festa de Coristanco

Tamén a festa da Anguia e a procesión das Mortallas

Non está rematado o mes de Setembro e tampouco o tempo de festas. Este Domingo celébrase por decimocuarta vez a **Festa da pataca de Coristanco**, en Bergantiños. Pola mañá saen en "procesión" tractores engalanados con traxes feitos a base de patacas nos que aparecen representadas distintas figuras. Serán premiados nesta romaría os mellores produtos do campo e tamén as comidas gastronómicas ben preparadas. Ao meiodía o produto exaltado poderá ser degustado, xunto cunha sardiñada. A tarde o espectáculo continúa cunha carreira de sacos e o tradicional baile no que mozos e mozas bailan sostendo unha pataca coas súas testas. Outra actividade da festa consiste na elaboración de figuras con patacas.

Na rua Charrua de Coristanco tamén estará presente a compañía "Os Quinquilláns", representando a obra "As viaxes fantásticas", coa que invitan ao público a facer un percorrido pola imaxinación. O folk é outro dos motivos para pasalo ben este día escoitando a música do grupo "Tarai". Na madrugada, para os noctámbulos, non faltará unha verbena de campo.

En Valga, Pontevedra, celébrase a **Festa da anguia**, os días 23, 24 e 25. O Venres comeza a cata de caña que mantén ao asexo aos colleiteiros da zona por ver quen consegue o premio á mellor augardente, que pode ser branca, de herbas e tostada. O Sábado á noite faise unha queimada popular, de balde para todos os que se acheguen ao festexo. O último día será repartida, entre os asistentes, anguia frita máis empanada. Xantar será servido en louza de barro para comer como en tempos pasados.

Este Domingo día 18 trae a atención de moitos creentes a celebración, na coruñesa vila de Póvoa do Caramiñal, da procesión das mortallas. Un ritual do que moitos participan para mostrar o seu agradecemento ao Xesus Nazareno por curar despois de estar en perigo de morte. O costume é ir cun ataúde ao carón, que sosteñen amigos ou familiares, aínda que algúns van metidos dentro do propio cadaleito. Nunha ocasión unha muller tiña a dous fillos ofere-



Esculturas feitas con patacas na festa de Coristanco.

cidos e foi a Pobra con dous féretros brancos. Para compensar estas prácticas a vila do Caramiñal ofrece ese día tamén comida, festa e baile.

Pintura de vangarda e música tradicional

O Ciclo "Raíces europeas" segue até finais de Setembro enchendo as noites de música na praza compostelá do Toural, situada na zona vella. Un dos vindeiros concertos, celebrado ao ar libre e no que a asistencia é de balde, é o da portuguesa Mísia, que interpreta fados e que estará en Santiago o Sábado 23 de Setembro. O Xoves 29 o co-

ñecido grupo de folk galego "Na Lua" pechará a programación deste ciclo. Esta agrupación realiza unha música caracterizada pola mestura do tradicional e o contemporáneo. As raíces musicais da Galiza, Portugal e a área céltica conviven, no seu repertorio, con movementos de novo cuño aos que Na Lúa móstrase permeábel.

Tamén en Santiago de Compostela, no Auditorio da Galiza, está aberta até o 23 de Outubro unha exposición integrada polas criazóns da "Equipo 57". Este grupo de artistas coincidían en París, interesados pola obra do escultor Oteiza. A equipa formouse no ano

1957, época de maior pulo da arte abstracta ibérica. Os autores publicaron un manifesto no que cuestionaban o papel da arte e do artista na sociedade e a criazón individualista da obra plástica, propoñían o traballo en equipa como alternativa.

A principal aportación deste grupo de artistas foi a "interactividade do espazo plástico", que consistía na interacción permanente e dinámica dos elementos da obra como a forma, a cor, a liña e a masa. Esta vangarda estivo representada polos arquitectos Juan Cuenca e Juan Serrano; os pintores e escultores Agustín Ibarrola e Angel Duarte e o pintor José Duarte. Traballaron en París e Copenhague.

Numerosos ciclos de cinema e teatro

Despois da agradable resaca que deixou o ciclo de teatro de Cangas, os que gosten poden seguir asistindo a representacións teatrais no ciclo organizado polo departamento de Cultura do concello de Ponteceso. Este dará comezo o Venres 16 coa posta en escena de "Commedia" por parte do grupo teatral "Ollomoltravía", obra coa que se pretende homenaxear a memoria do comediógrafo italiano Carlo Goldoni. O Sábado 24 o grupo Chévere representa un dos seus espectáculos máis recoñecidos polo público que é "Rio Bravo". A mostra remata coa cenificación da obra "Canas ao aire" a cargo da compañía galega "Emeigual!"

O cineclubes Claqueta de Redondela escomenza a súa programación de inverno o 16 de Setembro coa proxección da película franco-polaca **Danton** de Andrzej Wajda, un dos máis prestixiosos directores polacos. A película é unha reflexión sobre o poder seguindo a relación particular entre Danton e Robespierre, vencellados e afastados polas súas ideas na Franza da Revolución. Foi realizada en 1982 e conta coa participación de Gerard Depardieu, Angela Wilkier e Wojciech Pszoniak. E para o día 30 -Venres- está prevista a proxección da

película "O tambor de folla de lata", do director alemán Volker Schlöndorff, baseada na novela do mesmo título escrita por Günter Grass.

Outra cita posíbel co cinema é a Semana de Cinema de Autor, en Lugo, na que serán proxectadas 33 películas, do día 19 ao 23 deste mes. Entre os títulos previstos están "Chovendo pedras", "O olor da papaia verde" e "A lista de Schlinder".

En Vigo o ciclo "Produccións orientais" abranxe unha selección de seis películas situadas xeograficamente no Oriente. O Lus 19 proxéctase "Por que Bodhi-Dharma se foi para Oriente?". Martes 20: "O maestro das marionetas". Xoves 22: "O olor da papaia verde". Os organizadores desta mostra opinan que "esta pode ser unha boa ocasión para desmarcarse do occidentalismo imperante -imposto polos EEUU- na industria do cinema e voltar a nosa mirada a outras cinematografías que están a chegar amodiño".

O cineclubes Lumière, tamén en Vigo, proxectará no auditorio do concello, as películas "Lei- 627" -o 21, Mércores- e "Vacas", o Xoves 28.

Folk, Rock e Poesía

Venres 16- Celébrase a "I Noite Folk de Loimil" no campo da festa desta parroquia do concello de A Estrada. O festival, ao que se accederá de xeito gratuito, dará comezo ás oito da tarde e contará coas actuacións de "A folla revirada", "Tequexeteldere", "Mutenrohi", "Calimbornio" e "Pe de boi".

Sábado 24 no pub "Planta baixa" de Vigo- Inauguración oficial do "Clube de adictos a Deep Purple" de Vigo.

Sábado 24- Festival da Poesía no Condado, en Salvaterra do Miño. Coa presenza de poetas galegos, portugueses, mozambicanos, bascos e cataláns. Contará coa actuación dos grupos Bochanchinchas, A Quenlla, Chouteira, Herdeiros da Crus e Leonel Almeida, de Cabo Verde. ♦

Procesión das mortallas na Póvoa do Caramiñal.



BLANCO

medusa
narrativa

N o v e d a d e

→ Nove contos
J. D. Salinger

Nove contos
J. D. Salinger



gotelo blanco

A máis vacas saneadas menos xente no campo e máis gastos

O técnico e a vaca turbo contra o labrego tradicional

■ MIGUEL MÉNDEZ

Figurémonos, nos tempos actuais, que hai un número de labregos e labregas que producen leite suficiente para unha sociedade cunha cantidade de vacas determinada. Nun momento dado introdúcese unha mellora xenética e as vacas dan todas o dobre de leite, que facemos?

Un neno de 8 anos responde: "hai que ver que se fai coa metade das vacas que sobran".

Un técnico, científico, "sabio pola gracia de deus" responde: —hai que ver que se fai coa metade dos labregos que sobran.

O que pasa na realidade é que en nome da técnica e do avance científico mandamos á metade dos produtores ao paro.

Ademais, a mellora xenética dá lugar a unhas vacas menos resistentes ás enfermidades, máis delicadas, que necesitan máis cuidados (tabulas de racionamento, correctores, tratamento dos cascós, etc.), co que se incrementan os gastos e, para gañar o mesmo, hai que aumentar as vacas por explotación. Sobran máis labregos. E os que quedan na produción cada vez traballan máis.


O técnico funcionário segue sentado na oficina xogando co computador, facendo custos e tabulas e pensando que o leite aínda se pode producir máis barato. Gaña un bon soldo, e se llo intentan conxelar vai á folga, aínda que defende que os produtos agrarios non teñan garantía de prezo, e parécelle unha animalada cobrar 750 pta/Kg pola carne de bovino ou pedir 47 pta/Kg de leite. Para os labregos defende a eficiencia e a competitividade, para el estabilidade no posto de traballo.

O científicoponse a dar conferencias, (ben pagas polo poder) sobre o gran avance xenético, conseguido grazas a persoas como el, e que pode rematar coa a fame no Mundo!

O universitario organiza simposios sobre "droga", perdón, sobre as hormonas, para completar o avance, e acadar a vaca turbo.

O técnico das casas comerciais visita as cocinas dos labregos para venderlles os medicamentos para as novas vacas.

O técnico labrego (que tamén o hai), mira



JONATHAN HEALE

por riba do ombro ao viciño cando protesta por mandalo ao paro. Dise que a solución está en ser profesional, e saber coma el, que xa lle dixerón a empresa do leite e o veterinario que non ia ter problema, que el sabía producir, que era un grande empresario agrario.

Pasa o tempo e quedan moitos menos da metade dos labregos. Traballan 12 horas diárias, e viven para devolver o crédito que tiveron que pedir para seren modernos.

A xeración anterior ia a festas e romarias a pé, e pasaba días sen estar na casa. Agora con automóbil e tractor non pode apartarse de xunto as vacas; dan moito leite, pero sempre hai que estar muxindo, alimentando, tratando, etc., etc. As condicións de traballo seguen a ser más, mais non importa, a ideoloxía dominante fai ver que se está mellor. Estar endebedado, traballar 12 horas e non ter tempo nen para plantar unhas patacas para a casa dá prestixio social.

A técnica como solución

Pero aí esta a técnica, ofrecendo unha nova máquina, un novo produto como herbicida, un novo adubo, unha nova táboa de alimentación, uns novos transplantes de embrións, sempre dicendo que é "o último berrido" para mellorar a calidade de vida. Chégase a tales absurdos como aconsellar que se renuncie á herba,

único produto que non se ten que mercar.

Todas as producións levan o mesmo camiño. A laboura agrícola en xeral perde a aprendizaxe cultural entre xeracións, renégase do pasado, renúnciase a conservar a tradición, rómpese con todo o que non sexa moderno. Vaise ao monocultivo e pénsase que toda diversidade é atraso.

Se un labrego fai queixo, mata o porco, vai vender os tomates, ou ten coellos ne cortes é o inimigo público. Se un labrego monta unha mini-queixaria para facer queixo de pataca, ten unha granxe de colesterol, vende uns tomates normalizados con sabor a plástico, ou cria unha granxa de coellos cheos de antibióticos é emprendedor.

O emprendedor sempre empeza tendo problemas coas novas enfermidades, cos cultivos, ou coas leis que de súpeto prohiben o que antes aconsellaban os coellos, a lumbricultura, os visóns, a mini-queixaria, como arma ideolóxica). Recorre ás oficinas oficiais, onde informaran ousadamente do que saben e do que non. Cando xa lle levan matado varias reses, arruinado o cultivo, ou coberto moitos papeis para nada, o emprendedor dá-se conta de que hai que facerse técnico e métese a vender a nova alternativa a ver se embarca a outros.

Ninguén di que a solución está no propio labrego, que se xunte cos demais viciños e que estuden a saída (isto é facer política). Saben que, se o fan, os seus papeis de vivir por riba do ben e do mal corren o perigo de quedaren desprestixiados. Por iso reproducen os dogmas de fe, espantan á xente da unión e da loita sindical. E só traballan, cando ven que un sindicato empeza unha campaña. Entón si teñen medo e póñense a salvar aos burros labregos, para que non caian na política. Se hai unha manifestación convocada, organizan conferencias sobre a produción, o cultivo e o papeleo. Se hai un recurso sindical en marcha, inventan outro dicendo que o do Sindicato é político, o deles é neutral. Fan campaña a favor do avance tecnolóxico como única solución e explican a política oficial como única posíbel, aínda que estexa cuestionada e cambiando xa en países moi próximos.

Isto é a técnica. Completamente neutral e independente do modelo dominante, segundo predicán algúns dos que viven dela. ♦

TRES EN RAIA

Desfile de modelos

■ G. LUCA DE TENA

En que modelo pensará Felipe González cando recomenda a Cuba imitar o modelo democrático dominante en Latinoamérica? Podemos escoller entre os veciños Salvador, Guatemala ou Panamá, este último aínda con muro de Berlín en versión electrónica e réxime de cartel.

Dentro desde grupo de democracias compensadas con *escuadróns da morte* está a do Brasil. Non se sentirán os cubanos máis próximos da electrizante renovación en pista da mesma oligarquía gandeira e terratenente desde os tempos da monarquía bragantina? Acaso o asasinato sistemático de picaros sen teito non é hoxe unha alternativa civilizada ás aberracións demográficas das grandes urbes que se preparan para o século XXI?

Unha opción menos radical (máis conservadora) é a do Perú, con milicos apostados nos vertedoiros de lixo para que o vicio de comer todos os días no bote a marabunta contra Miraflores e lle vaia amargar o aperitivo á Vargas Llosa. A ordenación do territorio é básica.

Claro que sempre queda o ideal de Xamaica, tan turística. As axencias británicas prometen *excursións sen pobres de pedir*, por trazados que previamente espantan uns comandos armados de metralletas. Sen organización, o turismo caro non da chegado.

E se non for de aplicación algún destes referentes políticos, tan sólidamente establecidos sobre a negación universal dos dereitos do home, sempre podemos botar man da nova fronteira industrial asiática. Nunca unha camisa se deu cosido antes por máis baixo prezo nen un obreiro botou os bofes en menos tempo.

Non dirán os cubanos que non hai variedade. ♦

VOLVER AO REGO

OP na Galiza ten desconcertados até aos seus fieis. Fraga pede o cesamento do imperialismo americano en Cuba. Aznar non asiste á entrevista co ministro cubano Robaina. En Lugo retíranse da Xuntanza da Plataforma en Defensa do Ferrocarril e no Parlamento chaman á defensa conxunta do tren ante Madrid. En Lugo di que está todo arranxado e, logo, resulta que o que está é asinado e consensuado con Madrid. Así non hai quen faga política, din os recadadores de votos. ♦



FAISCAS
música comics

Músicas independentes: Rock, Pop, Hardcore, Punk, Ska, Reggae...
Ademais Rap, Rock mestizo (Fusión), Folk, Étnica, Metal... e moito máis.

Falperra 18 - Vigo - Telf 22 69 76

